

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

MINISTERIO DE ASUNTOS ECONÓMICOS E TRANSFORMACIÓN DIXITAL

17283 *Real decreto 1110/2020, do 15 de decembro, polo que se aproba o Plan estatístico nacional 2021-2024.*

A Lei 12/1989, do 9 de maio, da función estatística pública, establece no seu artigo 8 que o Plan estatístico nacional é o principal instrumento ordenador da actividade estatística da Administración xeral do Estado e terá unha vixencia de catro anos. Pola súa parte, no artigo 9 determínase que, para efectos do previsto no artigo 149.1.31.^a da Constitución española, terán a consideración de estatísticas para fins estatais todas as estatísticas incluídas no Plan estatístico nacional. Por último, no artigo 45.2 da citada lei prescribíse que as estatísticas cuxa realización resulte obrigatoria por exigencia da normativa europea quedarán incluídas automaticamente no Plan estatístico nacional.

Pola súa vez, o Regulamento (UE) n.º 99/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de xaneiro de 2013, relativo ao Programa estatístico europeo 2013-2017, prorrogado até o ano 2020, e as normas europeas específicas que regulan determinadas estatísticas establecen a obrigatoriedade de efectuar as estatísticas recollidas nas ditas disposicións.

Mediante o Real decreto 410/2016, do 31 de outubro, aprobouse o sétimo Plan estatístico nacional correspondente ao cuatrienio 2017-2020, que se desenvolveu nos respectivos programas anuais mediante o Real decreto 747/2016, do 30 de decembro, polo que se aproba o Programa anual 2017 do Plan estatístico nacional 2017-2020; o Real decreto 1043/2017, do 22 de decembro, polo que se aproba o Programa anual 2018 do Plan estatístico nacional 2017-2020; o Real decreto 1518/2018, do 28 de decembro, polo que se aproba o Programa anual 2019 do Plan estatístico nacional 2017-2020, e o Real decreto 308/2020, do 11 de febreiro, polo que se aproba o Programa anual 2020 do Plan estatístico nacional 2017-2020. Próxima a finalizar a vixencia do Plan estatístico nacional 2017-2020, procede aprobar o novo plan para o período 2021-2024, que se recolle nos anexos deste real decreto, cuxa execución temporal se realizará mediante a elaboración dos correspondentes programas anuais.

En consecuencia, este real decreto establece o Plan estatístico nacional 2021-2024, que comprende as estatísticas para fins estatais que deben efectuar no cuatrienio os servizos estatísticos da Administración xeral do Estado ou calquera outra entidade dependente dela.

Este plan recolle novas liñas estratéxicas como son a utilización de novas fontes de información (*Big Data*, bases de datos masivas...), que permite diminuír a carga de resposta dos informantes e facer máis eficiente a produción, o impulso de novos modelos de produción, como son as estatísticas experimentais, e un especial interese na incorporación das perspectivas de xénero, discapacidade, idade e nacionalidade, así como unha mellora na información sobre o mercado inmobiliario, fundamentalmente no relativo a alugamentos.

Tal e como se estipula no artigo 8 da Lei 12/1989, do 9 de maio, para cada operación estatística incluída no plan detállanse os seguintes aspectos esenciais: organismos que interveñen, fins e descrición xeral do seu contido, colectivo e ámbito territorial de referencia e estimación dos créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento, así como o programa de investimentos. As estatísticas do plan preséntanse clasificadas en sectores atendendo á materia tratada. Ademais, no Plan estatístico nacional 2021-2024 determínanse as liñas estratéxicas que van rexer a produción estatística para fins estatais no dito cuatrienio.

Este real decreto cumpre cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1

de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que, no exercicio da iniciativa lexislativa, deben cumprir as administracións públicas.

Na tramitación deste real decreto obtívose o ditame do Consello Superior de Estatística, segundo establece o artigo 38.1.b) da Lei 12/1989, do 9 de maio. Tamén emitiu informe a Comisión Interministerial de Estatística, en cumprimento do disposto no artigo 3.1 do Real decreto 1036/1990, do 27 de xullo, polo que se regulan a natureza, as funcións, a composición, a organización e o funcionamento da Comisión Interministerial de Estatística, e o Comité Interterritorial de Estatística, de acordo co estipulado no artigo 43.a) da Lei 12/1989, do 9 de maio.

Na súa virtude, por proposta da vicepresidenta terceira do Goberno e ministra de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de decembro de 2020,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Aprobación do Plan estatístico nacional 2021-2024.*

Apróbase o Plan estatístico nacional 2021-2024, que queda recollido nos anexos I a V deste real decreto.

Artigo 2. *Contido do Plan estatístico nacional 2021-2024.*

1. O Plan estatístico nacional é o principal instrumento ordenador da actividade estatística da Administración xeral do Estado.

2. O Plan estatístico nacional 2021-2024 consta de cinco anexos e contén as estatísticas para fins estatais que deben elaborar no dito cuatrienio os servizos estatísticos da Administración xeral do Estado ou calquera outra entidade dela dependente.

3. No anexo I inclúense as liñas estratéxicas do Plan estatístico nacional 2021-2024.

4. No anexo II figura a relación de operacións estatísticas que forman parte do Plan estatístico nacional 2021-2024, clasificadas por sector ou tema e por organismo responsable da súa execución.

5. No anexo III detállanse, para cada unha das operacións estatísticas do Plan estatístico nacional 2021-2024, os seguintes aspectos esenciais: fins, organismos que interveñen na súa elaboración, descrición xeral do seu contido, colectivo e ámbito territorial de referencia, se for o caso, e estimación dos créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024. Tamén se inclúe neste anexo a definición dos conceptos anteriores e os códigos utilizados.

6. O anexo IV contén o Programa de investimentos que se realizarán no cuatrienio 2021-2024 para mellorar e renovar os medios de todo tipo precisos para o desenvolvemento da función estatística, financiado con cargo ao capítulo 6 do orzamento de gastos dos orzamentos xerais do Estado. Tamén se facilita neste anexo un resumo das estimacións dos créditos orzamentarios necesarios para financiar as operacións estatísticas no cuatrienio, por anos, capítulos orzamentarios e organismos responsables da súa execución.

Os compromisos de gastos asumidos polos departamentos ministeriais e os seus organismos estarán, en todo caso, condicionados polas dispoñibilidades que estableza a Lei de orzamentos xerais do Estado.

7. No anexo V proporciónase información complementaria para enlazar o Plan estatístico nacional 2017-2020 e o Plan estatístico nacional 2021-2024. Relaciónanse as estatísticas incluídas no Plan estatístico nacional 2021-2024 que non se realizaron anteriormente, as estatísticas que se deron de baixa no Plan estatístico nacional 2021-2024 e as estatísticas que presentan variacións entre os dous plans.

Artigo 3. Obrigatoriedade de formalización.

De conformidade co establecido no artigo 7 da Lei 12/1989, do 9 de maio, da función estatística pública, e na disposición adicional cuarta da Lei 4/1990, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 1990, para a elaboración de todas as estatísticas incluídas no Plan estatístico nacional 2021-2024 os datos exixiranse con carácter obrigatorio, sen prexuízo de que serán de achega estritamente voluntaria e, en consecuencia, só poderán recollese, logo de consentimento expreso dos interesados, os datos susceptibles de revelaren a orixe étnica, as opinións políticas, as conviccións relixiosas ou ideolóxicas e, en xeral, cantas circunstancias poidan afectar a intimidade persoal ou familiar, incluídos os relativos á orientación sexual, á identidade de xénero ou ás características sexuais das persoas.

Artigo 4. Programas anuais de execución do Plan estatístico nacional 2021-2024.

1. Para a execución temporal do Plan estatístico nacional elaborárase cadanseu programa anual no cuatrienio 2021-2024.()

2. En cada programa anual incluíranse as actuacións estratéxicas e operativas que se vaian efectuar no ano para cumprir co establecido no anexo I do Plan estatístico nacional 2021-2024, dedicado ás liñas estratéxicas 2021-2024.

3. En cada programa anual especificáranse, para cada estatística: os organismos que interveñen na súa elaboración, os traballos concretos que se efectuarán durante o ano e a participación dos diferentes organismos na súa realización, as novas actuacións específicas con impacto directo ou indirecto na redución das cargas soportadas polos informantes que se vaian desenvolver durante o ano, a previsión dos créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento e que, para tal efecto, deben terse en conta nos orzamentos xerais do Estado, e o calendario de difusión dos resultados.

Artigo 5. Actualización do Plan estatístico nacional 2021-2024.

1. Os programas anuais de execución do Plan estatístico nacional 2021-2024 incorporarán a este plan aquelas operacións estatísticas non incluídas inicialmente nel e que deban realizar os servizos da Administración xeral do Estado ou calquera outra entidade dependente dela, xa sexa por exixencia da normativa europea, por cambios na lexislación nacional ou por razóns de urxencia, sempre que contén con consignación orzamentaria. Estas estatísticas consideráranse automaticamente dadas de alta no Plan estatístico nacional 2021-2024.

2. Así mesmo, nos programas anuais eliminaranse as operacións estatísticas incluídas no Plan estatístico nacional 2021-2024 que deixaron de realizarse. Estas estatísticas consideráranse automaticamente dadas de baixa no Plan estatístico nacional 2021-2024.

3. Os programas anuais tamén incorporarán ao Plan estatístico nacional 2021-2024 calquera modificación dos aspectos esenciais descritos no anexo III que se produzan nas operacións estatísticas incluídas nel.

Artigo 6. Seguimento do grao de execución do Plan estatístico nacional 2021-2024.

O Consello Superior de Estatística examinará o grao de execución do Plan estatístico nacional 2021-2024 a partir do grao de execución dos sucesivos programas anuais que o desenvolvan, para o cal o Instituto Nacional de Estatística (en diante, INE), con coñecemento da Comisión Interministerial de Estatística, elevará os oportunos informes de seguimento ao dito Consello. Ao finalizar o seu período de vixencia, o INE presentará ao Consello Superior de Estatística unha memoria sobre a execución do Plan estatístico nacional 2021-2024, logo de exame da Comisión Interministerial de Estatística.

Artigo 7. *Compromiso coa calidade das estatísticas para fins estatais.*

A produción estatística para fins estatais recollida no Plan estatístico nacional 2021-2024 desenvolverase de acordo cos fundamentos de calidade regulados na Lei 12/1989, do 9 de maio, da función estatística pública, e no Código de boas prácticas e cos criterios de calidade establecidos no Regulamento (CE) n.º 223/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de marzo de 2009, relativo á estatística europea, e polo que se derroga o Regulamento (CE, Euratom) n.º 1101/2008, relativo á transmisión á Oficina Estatística das Comunidades Europeas das informacións amparadas polo secreto estatístico, no Regulamento (CE) n.º 322/97 do Consello, sobre a estatística comunitaria, e na Decisión 89/382/CEE, Euratom, do Consello, pola que se crea un Comité do programa estatístico das comunidades europeas, como elementos que garanten a confianza da poboación nas estatísticas para fins estatais.

Disposición transitoria única. *Prórroga da vixencia.*

No suposto de que o día 1 de xaneiro de 2021 non entre en vigor o Plan estatístico nacional 2021-2024, considerarase automaticamente prorrogada a vixencia do Plan estatístico nacional 2017-2020, que deberá adaptarse ás dotacións orzamentarias dos correspondentes exercicios orzamentarios.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.31.^a da Constitución española, polo que se atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre estatísticas para fins estatais.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2021.

Dado en Madrid o 15 de decembro de 2020.

FELIPE R.

A vicepresidenta terceira do Goberno e ministra de Asuntos Económicos e Transformación Dixital,
NADIA CALVIÑO SANTAMARÍA

ANEXO I

Liñas estratéxicas 2021-2024

INTRODUCCIÓN

1. Segundo establece a Lei 12/1989, do 9 de maio, da función estatística pública (LFEP), o Plan estatístico nacional é o principal instrumento ordenador da actividade estatística para fins estatais producida polo Instituto Nacional de Estatística (INE) e os servizos estatísticos dos ministerios, do Banco de España (BE) e do Consello Xeral do Poder Xudicial (CXPX).

A produción estatística incluída no Plan presupón a existencia dunha infraestrutura estatística pública consolidada, cuxa peza máis importante é o INE, pero que conta tamén con unidades estatísticas nos ministerios, no BE e no CXPX, algunhas moi potentes.

O Plan establece o núcleo de estatísticas esenciais que se realizan obrigatoriamente garantindo, pola súa vez, a súa continuidade no tempo. A obrigatorioidade afecta tanto os informantes, que deben facilitar os datos primarios para a súa obtención, como a Administración do Estado, que debe efectualas a través das unidades orgánicas que as teñen encomendadas. Ademais, o Plan determina e fai público o orzamento asignado á actividade estatística asegurando a súa sustentabilidade.

A actividade estatística para fins estatais céntrase na produción de estatísticas adecuadas, fiables e consistentes, segundo os principios prescritos na LFEP e no Código de boas prácticas das estatísticas europeas (CBPEE), e coa mínima carga de resposta para os informantes. Estas estatísticas elaboraranse para atender especialmente as necesidades dos usuarios nacionais, o estipulado no Programa estatístico europeo e o acordado cos organismos internacionais, á vez que se fomentará a correcta utilización das ditas estatísticas por parte dos usuarios.

2. A actividade estatística do Sistema estatístico da Administración do Estado ten que continuar adaptándose a novos sistemas de produción que dea resposta ás necesidades dos usuarios, cada vez maiores, e cuns criterios de calidade máis rigorosos, utilizando as novas dispoñibilidades de información básica e tecnoloxías presentes actualmente, e con maior intensidade no futuro próximo, tanto na nosa sociedade como na economía.

Por outra parte, a estatística oficial en España non se desenvolve de forma illada do resto dos países da nosa contorna. A pertenza de España ao Sistema estatístico europeo (SEE) exige unha serie de requisitos en termos de resultados e de modelos de produción e servizo aos cidadáns, que deben estar presentes no noso sistema. Neste sentido, o noso sistema estatístico debe traballar nun conxunto de liñas estratéxicas compasadas co contorno internacional como o SEE, a Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos (OCDE), a Comisión Económica das Nacións Unidas para Europa (UNECE)... a que pertencemos.

Estas liñas estratéxicas que se enumerarán máis adiante desenvolven, pola súa vez, unha serie de principios en que a actividade do Sistema estatístico da Administración do Estado se enmarca desde hai tempo e que haberá que continuar mantendo e, mesmo, intensificando.

Entre estes principios cabe destacar os seguintes:

1. Cumprimento dos regulamentos e Código de boas prácticas da Unión Europea.
2. Impulso da calidade.
3. Redución da carga de resposta aos informantes.
4. Atención aos usuarios.
5. Cooperación cos órganos centrais de estatística das comunidades autónomas (OCECA) e outros produtores de estatísticas non incluídos no Sistema estatístico da Administración do Estado.
6. Participación no Sistema estatístico europeo.

Para o período 2021-2024, coherentes con estas grandes liñas xerais que xa figuraban en plans anteriores, os servizos estatísticos do Estado acordaron avanzar nunha serie de liñas estratéxicas que se enumerarán a continuación. O seu desenvolvemento mediante actuacións precisas concretarase nos programas anuais de desenvolvemento deste plan.

1 Actualización e adaptación das normativas legais en materia estatística

A Lei 12/1989, da función estatística pública, conta con 30 anos de vixencia. É, por tanto, conveniente actualizala co fin de pór ao día a terminoloxía empregada, tendo en conta os preceptos innovadores establecidos polo Regulamento (CE) n° 223/2009, relativo á estatística europea, posteriormente modificado polo Regulamento (UE) 2015/759 do Parlamento Europeo e do Consello, e incorporar o Código de boas prácticas das estatísticas europeas (CBPEE), cuxa observación só se inclúe no real decreto de aprobación do Plan estatístico nacional. É necesario adaptala aos novos avances informativos e tecnolóxicos. Tamén, para que a lei apoie e sexa soporte do desenvolvemento futuro da estatística pública coa solidez e solvencia con que o fixo no pasado, cómpre reforzar as capacidades do Sistema estatístico da Administración do Estado para permitir o acceso a datos privados de interese público con fins estatísticos, en liña con traballos de Eurostat e o Sistema estatístico europeo neste ámbito. Este proceso garantirá en todo momento a integridade e confidencialidade dos datos, no marco da normativa e das directrices promulgadas en materia de protección de datos. Por último, cómpre incorporar a posibilidade de emprego de datos confidenciais con fins científicos, tal como se recolle na lei europea (Regulamento (CE) n° 223/2009, artigo 23), no CBPEE e seguindo a recomendación da última rolda do Peer Review.

2 Reforzo da coordinación institucional no Sistema estatístico da Administración do Estado.

Máis aló dos recoñecementos legais outorgados ao INE e das recomendacións do Código de boas prácticas das estatísticas europeas, é preciso definir accións concretas que permitan normalizar a actividade cotiá e adoptar protocolos comúns a todos os seus organismos nas distintas fases do proceso.

A coordinación debe levarse a cabo en practicamente todas as fases do proceso estatístico, polo que resulta imposible enumerar todas as posibles recomendacións que poderían facerse. Menciónanse algunhas delas máis inmediatas:

- a) Considérase necesaria a existencia en cada ministerio, ao menos, dunha unidade centralizada de estatística que coordine a actividade estatística dentro do dito organismo, e sirva de interlocución con outros servizos estatísticos. Na súa falta, pode crearse unha comisión de estatística para exercer este labor coordinador e, en caso de reestruturación ministerial, asignar estes labores á dita unidade.
- b) É importante determinar os criterios que definen cando unha unidade é servizo estatístico estatal ou non. Ligado a isto, faise imprescindible analizar cando unha determinada estatística debe considerarse oficial e cando non.
- c) Os órganos estatísticos colexiados, CSE e CIME fundamentalmente, deben desenvolver máis activamente o seu papel, facendo un seguimento máis estreito do cumprimento do PEN e dos programas e impulsando a análise de aspectos concretos.
- d) É necesario dispor de protocolos comúns para todo o Sistema estatístico da Administración do Estado en determinados aspectos da súa actividade.

3 Uso de novas fontes de información

a) Intensificación do uso de rexistros administrativos

En España hai unha gran tradición no uso de rexistros administrativos na elaboración de estatísticas e outros produtos estatísticos. A modificación do Regulamento (CE) nº 223/2009 polo Regulamento (UE) 2015/759, que introduciu o artigo 17 bis, outorga aos institutos de estatística e demais organismos da estatística oficial a facultade de accederen a todos os rexistros administrativos co fin de producir estatísticas incluídas no Programa estatístico europeo e, aos INE, de participaren no deseño inicial, no desenvolvemento posterior e na supresión de rexistros administrativos.

Recoméndase:

- Continuar incrementando a explotación dos rexistros administrativos na produción de estatísticas oficiais.

- Establecer protocolos de actuación harmonizados para o tratamento estatístico dos ficheiros administrativos e a coordinación de actuacións entre departamentos estatísticos e administrativos. Neste marco, sería moi desexable avanzar no establecemento dunha arquitectura de datos comúns procedentes de rexistros administrativos asociados aos principais directorios (poboación, domicilios, vivendas e empresas), que inclúa un tratamento harmonizado dos datos administrativos para a súa integración nesta infraestrutura.
- A inclusión de identificadores estandarizados nos rexistros administrativos xa existentes para posibilitar a súa explotación estatística.
- Que, amparado na modificación do regulamento anteriormente exposto, se busquen as vías legais necesarias para que o sistema estatístico poida desenvolver a capacidade que lle outorga este regulamento de ser consultado e participar no deseño inicial dos rexistros administrativos cando estes se crean ou se modifican.
- Analizar a posibilidade de crear plataformas seguras para almacenar rexistros administrativos para a súa posterior explotación estatística.

Dentro deste número, cabe mencionar de forma concreta a seguinte liña estratéxica:

a.1) Creación dun sistema integrado de información das empresas

Este sistema aglutinaría a información rexistral empresarial solicitada por diferentes organismos, permitindo a extracción das estatísticas oficiais relativas ás empresas.

b) Utilización de Big Data e outras fontes básicas de información

O Plan estatístico nacional 2017-2020 xa recollía o obxectivo estratéxico de avanzar na utilización de fontes non tradicionais na elaboración das estatísticas con fins estatais, como son Big Data, redes sociais, internet e outras fontes privadas. Cómpre continuar por este camiño xa emprendido.

Para isto, recoméndase realizar unha análise da normativa vixente e estudar unha modificación, se for necesario, que garanta a cesión aos organismos estatísticos oficiais dos datos das grandes bases de datos privadas para a realización de estatísticas de interese público incluídas no Plan estatístico nacional sen que isto afecte a explotación desta información por parte das empresas posuidoras dela.

É conveniente a elaboración dun informe para o Consello Superior de Estatística da situación internacional e nacional respecto a este tema, que inclúa unha relación da información dispoñible no sector privado, susceptible de ser utilizada na estatística oficial. Así mesmo, debe analizar os problemas metodolóxicos, legais e operativos, posibles solucións e avances neste terreo. En particular, é necesario asegurar que os datos de carácter persoal sexan tratados de forma que se garanta a súa seguridade, integridade e confidencialidade.

4 Redución da carga de traballo aos informantes

A carga aos informantes foi unha preocupación constante das oficinas de estatística de todo o mundo. O propio Código de boas prácticas das estatísticas europeas manifesta que a carga de resposta debe ser proporcionada en relación coas necesidades dos usuarios e non ser excesiva para os enquisados e que as autoridades estatísticas controlen a carga que supón responder a enquisa e fixen obxectivos para reducila progresivamente.

Aínda que nos últimos anos se fixeron grandes avances neste campo, a redución da carga de resposta segue sendo unha liña de traballo imprescindible.

As actuacións do punto anterior sobre a utilización de novas fontes administrativas van encamiñadas a este aspecto. Non obstante, dada a súa importancia, require unha liña estratéxica única. Sobre os aspectos mencionados anteriormente, engádense:

- Manter a incorporación da “folia estatística” como indicador de carga de resposta global a todas as operacións do PEN.
- Que en todos os proxectos de novas operacións ou modificacións significativas das existentes que se presenten a ditame se xunta unha estimación cuantificada da carga de traballo que suporá aos informantes.

5 Implantación dun novo modelo de produción

O modelo de produción da estatística oficial futura debe adaptarse ás novas situacións de competencia, dispoñibilidade de datos e requisitos que demandan os usuarios. Por isto, ademais do impulso á utilización de novas fontes, que xa se mencionan no punto anterior, o novo modelo de produción deberá centrarse noutros aspectos, como por exemplo:

a) Estandarización

A implantación de estándares na produción estatística contribúe á comparabilidade entre os datos obtidos nas estatísticas, así como á calidade da estatística en si, entendida dunha forma ampla. Ao mesmo tempo, serve para incrementar a eficiencia do sistema e abre a posibilidade á colaboración con outras oficinas de estatística con idénticos retos e á cooperación co Sistema estatístico europeo. Os traballos deben continuar por esta liña xa emprendida en todas as súas dimensións: instrumentos de recolla, recolla multicanle, depuración, edición, documentación, etcétera.

Recoméndase implantar progresivamente o GSBPM (Generic Statistical Business Process Model-Modelo xeral do proceso de negocio estatístico) como modelo de documentación dos procesos de

produción das operacións estatísticas do Sistema estatístico da Administración do Estado, e adoptar os estándares de clasificacións existentes.

O INE debe incrementar a formación nestes aspectos aos servizos estatísticos do Sistema estatístico da Administración do Estado, desde a Escola de Estatística das AA.PP. Así mesmo, cómpre que o INE elabore un informe para o Consello Superior de Estatística sobre a situación dos traballos de estandarización dos procesos de produción, así como dos diferentes estándares de clasificación, sinalando neste caso as heteroxeneidades existentes.

b) *Estatísticas experimentais*

Débase impulsar a implantación de estatísticas experimentais baseadas en novos métodos estatísticos ou no uso de fontes de Big Data.

c) *Utilización das novas disponibilidades tecnolóxicas*

Débase realizar o máximo aproveitamento das novas tecnoloxías que vaian xurdindo no transcurso da vixencia do presente Plan estatístico nacional, así como fomentar a cooperación entre os órganos da Administración.

6 *Segredo estatístico e confidencialidade dos datos*

A Lei da función estatística pública establece de forma clara e precisa o deber de respectar o segredo estatístico. Así mesmo, o Regulamento (UE) nº 223/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, e o Código de boas prácticas recólleno explícita e claramente.

Cada organismo ten establecidos sistemas para garantir esta confidencialidade (procedementos de anonimización, sinatura de protocolos...), pero debería traballarse en harmonizalos e publicitalos con maior transparencia.

Un punto especial do segredo estatístico é o referido á cesión de datos a terceiros con fins estatísticos, a cal está explicitamente reflectida no Regulamento 223/2009 da UE e na LFEP.

A entrada en vigor do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, así como a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais, obriga a que tanto os organismos públicos como as empresas privadas revisen os seus procedementos de protección de datos persoais para adaptalos á nova lexislación.

Esta adaptación está requirindo comunicacións por parte de empresas privadas cos cidadáns para lograr o seu consentimento a que os seus datos sexan obxecto de tratamento. Como consecuencia, pódese xerar unha maior sensibilidade da poboación sobre a protección de datos persoais e, por extensión, sobre o segredo estatístico e a confidencialidade dos datos. Por isto, cómpre que a adaptación garanta o deber de confidencialidade e segredo dos datos persoais, sempre axustándose á normativa de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais vixente.

É necesario elaborar un documento que conteña que imposicións comporta a aplicación do Regulamento de protección de datos persoais á obtención de información estatística, así como un protocolo de actuación para preservar a súa aplicación no proceso estatístico. Convén tamén realizar un estudo específico das implicacións das novas normativas en materia de datos persoais sobre a utilización de Big Data na estatística oficial.

En todo caso, a citada Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, previu no seu artigo 25.2 que a comunicación dos datos aos órganos competentes en materia estatística se entenderá amparada no artigo 6.1.e) do Regulamento (UE) 2016/679, nos casos en que a estatística para a que se requira a información veña exixida por unha norma de dereito da Unión Europea ou se encontre incluída nos instrumentos de programación estatística legalmente previstos.

Todo o persoal que trata cos microdatos, incluídas as empresas externas, debe asinar o documento de confidencialidade de datos en liña coa normativa vixente.

7 Conciliación e análises estatísticas dos resultados obtidos de diferentes fontes

Os usuarios, ante a información sobre un mesmo fenómeno que procede de diversas fontes, poden sentirse confundidos ante datos discrepantes sobre un mesmo fenómeno e isto pode causar unha perda de confianza nas estatísticas públicas. Por isto, calquera medida para reducir estas discrepancias ou, ao menos, para explicar de maneira clara a súa orixe redundará na mellora do prestixio da estatística oficial.

O propio CBPEE establece un principio, o número 14, de coherencia e comparabilidade. Cómpre dedicar unha parte razoable da actividade estatística á análise estatística dos diferentes resultados obtidos para un mesmo fenómeno. Á hora de realizar este estudo de comparación, contribuiría ter procesos de produción baseados en metodoloxías estandarizadas, sólidas e transparentes, implementadas con ferramentas comúns.

Recoméndase a publicación dos resultados de conciliación das diferentes fontes, que permita aos usuarios interpretar debidamente os datos.

8 Difusión e comunicación

Tan importante é elaborar as estatísticas como difundilas para todo tipo de usuarios. Pero non só é importante difundir os resultados, senón facelo dunha forma clara e accesible, tal como consta no propio Código de boas prácticas.

É necesario comunicar e fomentar a cultura estatística a todos os niveis da sociedade, así como potenciar o uso da estatística oficial.

É conveniente que a difusión de todas as operacións do Sistema estatístico inclúa, ademais dos resultados, as súas metodoloxías e os metadatos que expliquen claramente os conceptos e métodos utilizados en todas as fases do proceso.

Débase impulsar a mellor identificación dos números que conteñen as estatísticas con fins estatais nas páxinas web dos organismos do Sistema estatístico. A difusión dos datos debe ser realizada nun formato reutilizable para o usuario.

9 Xeorreferenciación dos datos estatísticos

A xeorreferenciación da información estatística ten como obxectivo que todas as unidades estatísticas usadas na produción ou difusión de información teñan representación xeoespacial e, polo tanto, poidan ser obxecto de visualización cartográfica ou de enlace ou relación coas súas características topolóxicas. Desta maneira o usuario pode visualizar a información xeoespacial, relacionala polos seus atributos posicionais ou aplicarlle procedementos xeostatísticos, co valor engadido e economía de produción que isto supón.

Os traballos deben continuar por esta liña xa comezada, ampliando a todas as unidades do Nomenclátor, e coa xeorreferenciación exhaustiva das aproximacións postais e viarias non xeolocalizadas.

Cómpre intensificar as tarefas de coordinación mediante servizos do Marco de direccións xeorreferenciadas cos catastros (especialmente a Dirección Xeral do Catastro e o Instituto Xeográfico Nacional), estimulando as sinerxías e o aproveitamento mutuo de resultados.

10 Eficiencia no uso dos recursos humanos

O alto nivel alcanzado na estatística oficial española nos últimos anos, tanto no incremento da produción estatística como na súa calidade, fai necesario desenvolver unha liña estratéxica para isto.

A utilización eficiente dos recursos humanos constitúe unha necesidade imperiosa do sistema estatístico español, se se quere seguir cumprindo co seu obxectivo primordial, a satisfacción das necesidades dos usuarios, que demandan novas e cada vez máis completas estatísticas, ao mesmo tempo que se manteñen os niveis de calidade exixibles á estatística oficial.

a) Análise da situación e elaboración de propostas para a súa mellora

Considérase prioritario que tanto o INE como os servizos estatísticos recollidos na Lei da función estatística pública aborden un debate serio en relación cos recursos humanos en materia de estatística pública, a súa situación actual, as súas perspectivas de futuro, efectos demográficos e previsións, mecanismos de dotación, criterios e volume de cesión de efectivos, e establezan pautas e protocolos non só de avaliación da situación senón tamén propostas concretas de actuación.

É preciso manter durante o período de vixencia do PEN 2021-2024 unha oferta de emprego anual regular e suficiente para novo persoal estatístico na Administración, e dar unha maior publicidade aos ditos corpos específicos.

De igual forma, cómpre dotar o sistema de suficientes efectivos cualificados nas tecnoloxías da información e da comunicación. Para isto, deberíanse solicitar as prazas necesarias a través das ofertas de emprego público anuais.

b) Formación

Considérase necesario establecer un sistema de formación estatística para o persoal do Sistema estatístico da Administración do Estado que lle permita acceder ás novas técnicas. Para isto, sería interesante unha maior colaboración cos centros de investigación e universidades.

c) Compartición de servizos e ferramentas estatísticas

É necesaria a implantación de servizos estatísticos comúns para os órganos do Sistema estatístico con fins estatais, así como unha utilización progresiva destes.

d) Cooperación e coordinación entre os organismos que compoñen o Sistema estatístico da Administración do Estado e outros organismos

Este aspecto xa se mencionou anteriormente desde un enfoque institucional, pero é fundamental cando se “busca” a eficiencia no uso dos recursos humanos e económicos.

A escaseza de recursos e a necesidade de reutilizar e compartir os coñecementos e prácticas fai máis aconsellable que nunca establecer mecanismos prácticos de colaboración que faciliten a implantación de solucións que o INE e outros departamentos ministeriais poidan achegar e amorticen o investimento realizado por estes organismos. Esta colaboración non pode limitarse á colaboración formal a través da presenza en órganos colexiados.

É importante continuar e ampliar a colaboración cos órganos de estatística das comunidades autónomas e das corporacións locais, para evitar duplicidades e incrementos de carga de resposta aos informantes.

É recomendable estudar e deseñar posibles vías de colaboración, dentro da legalidade vixente, co **mundo académico** e co sector privado para manter actualizado o coñecemento dos seus recursos humanos e incorporar os métodos máis actuais á produción das estatísticas oficiais.

Resulta necesario mellorar a coordinación interna naqueles departamentos ministeriais que dispoñen de varias unidades produtoras de estatísticas con fins estatais.

11 Incorporación da perspectiva de xénero nas estatísticas oficiais

Desde o ano 2007, en que se aprobou a Lei orgánica para a igualdade efectiva de mulleres e homes, as estatísticas oficiais están obrigadas a contribuír á integración da perspectiva de xénero na súa

produción. Por tanto, sempre que se refiran a persoas físicas e se trate dunha enquisa, débese incorporar a variable sexo. No resto de operacións intentarase obter sempre que a operación e a fonte a partir da cal se realice a recolla de información o permita.

12 Incorporación da perspectiva de discapacidade

É conveniente elaborar e compartir un protocolo de actuación que permita compartir a experiencia en relación co contido de módulos para incorporar en cuestionarios, opcións de captura mediante vías administrativas de parte desta información.

13 Incorporación da variable idade nas estatísticas oficiais

O envellecemento da nosa sociedade, e de todas as da nosa contorna, é un dos aspectos a que hai que facer fronte. Cómpre dispor de información continua para medir a evolución deste factor ao longo do tempo, e poder tomar medidas no futuro.

Por tanto, sempre que sexa posible débese incorporar a variable idade, tendo en conta que non é factible a incorporación da dita variable en todas as operacións estatísticas.

14 Incorporación da variable nacionalidade e país de nacemento nas estatísticas oficiais

A importancia, cada vez maior, dos movementos migratorios fai necesaria a incorporación da variable nacionalidade e país de nacemento en toda a información estatística nacional, sempre que sexa posible, tendo en conta que non en todas as operacións estatísticas é factible a incorporación da dita variable. É importante avanzar cara a unha homoxeneización das distintas agrupacións desta variable existente nas diferentes unidades estatísticas.

Como xa se mencionou, a concreción destas liñas xerais irase desenvolvendo nos respectivos programas anuais. Da mesma maneira, as memorias anuais reflectirán a súa consecución e poderase, así, facer un seguimento e evolución do Sistema estatístico.

15. Indicadores da Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable

A Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable é un compromiso internacional de máxima relevancia que require un adecuado seguimento dos seus obxectivos e metas a través do marco global

de indicadores adoptado por Nacións Unidas, que se complementa cos correspondentes indicadores europeos, nacionais e subnacionais.

Cómpre continuar e impulsar os traballos relativos á elaboración dos indicadores estatísticos deste ámbito. Para poder obter os indicadores sobre os cales non existe información a partir de fontes oficiais, será preciso modificar algunhas operacións estatísticas ou implantar outras novas.

Así mesmo, é esencial potenciar a difusión dos indicadores e ampliar a lista publicada na plataforma da Axenda 2030, incluíndo os distintos tipos de desagregacións e incorporando a dimensión xeoespacial da información.

16. Mercado inmobiliario

Cómpre mellorar a información relativa ao mercado inmobiliario no seu conxunto, tanto en stock de inmobles como en prezos.

17. Cooperación e participación internacionais

O Sistema estatístico europeo (SEE) desenvolve un papel esencial na elaboración de estatísticas europeas relevantes para a toma de decisións na UE. É fundamental que o Sistema estatístico da Administración do Estado continúe participando activamente nas reunións, proxectos e actividades do SEE.

Analogamente, resulta primordial a asistencia a foros internacionais e a colaboración en accións estratéxicas promovidas por organismos internacionais, de maneira que se reforce a presenza da estatística española no plano internacional.

Por último, as actividades de cooperación e asistencia técnica internacional xogan un papel primordial no fortalecemento institucional e no desenvolvemento da estatística oficial e da harmonización. No caso de España, cun sistema estatístico sólido e desenvolvido, resulta fundamental manter unha relación forte con outros países e rexións. Por isto, considérase importante reforzar a cooperación estatística internacional e fomentar os cursos de formación en liña.

ANEXO II

Relación de operacións estatísticas

SECCIÓN 1.ª POR SECTOR OU TEMA

Sector ou tema: agricultura, gandería, silvicultura e caza**Nº Plan Nome da operación estatística no Plan 2021-2024**

8001	Censo agrario
8002	Enquisa sobre a estrutura das explotacións agrícolas
8003	Enquisa anual de superficies e rendementos de cultivos
8004	Enquisa de base de plantacións de froiteiras, oliveiral e uva de mesa
8005	Avances mensuais de superficies e producións agrícolas
8006	Estatística sobre superficies e producións anuais de cultivos
8007	Estatísticas sobre efectivos de gando
8008	Estatísticas de producións gandeiras
8009	Enquisas mensuais e anual de salas de incubación
8010	Enquisa de cunicultura
8011	Estatística anual de consumo de fertilizantes en agricultura
8012	Enquisa de utilización de produtos fitosanitarios
8013	Enquisa de comercialización de produtos fitosanitarios
8014	Estatística anual doutros aproveitamentos forestais
8015	Estatística anual de caza
8016	Estatísticas de produción e comercialización de material forestal de reprodución
8017	Estatística anual de cortas de madeira
8018	Inventario forestal nacional
8019	Estatística anual de proxectos e actuacións forestais
8020	Estatística sobre xestión forestal sustentable
8021	Balance nacional da madeira
8022	Rede contable agraria nacional (Recan)
8023	Estatística da produción ecolóxica
8024	LIGNUM. Sistema estatal de información sobre o comercio da madeira
8025	Estatística de viñedo

Sector ou tema: pesca e acuicultura**Nº Plan Nome da operación estatística no Plan 2021-2024**

8051	Estatística da frota pesqueira
8052	Estatísticas de capturas e desembarques de pesca marítima
8053	Enquisa económica de pesca marítima
8054	Enquisa de establecementos de acuicultura
8055	Enquisa económica de acuicultura
8056	Estatística anual de pesca fluvial

Sector ou tema: ambiente e desenvolvemento sustentable

Nº Plan	Nome da operación estatística no Plan 2021-2024
8091	Proxecto Corine Land Cover do Programa Corine (UE)
8092	Sistema de información de ocupación do solo en España (SIOSE)
8093	Espazos naturais ou de interese
8094	Estatística de diversidade de especies silvestres
8095	Seguimento do estado cuantitativo das augas subterráneas
8097	Estatísticas sobre as actividades de protección ambiental
8098	Estatística das variables meteorofenolóxicas
8099	Estatística de fenómenos meteorolóxicos adversos
8100	Balance hídrico
8101	Estatística de vixilancia do clima
8102	Índice meteorolóxico do risco de incendio
8103	Estatística de composición química da atmosfera
8104	Estatística de calidade do aire
8105	Inventario de emisións contaminantes á atmosfera
8106	Inventario nacional de erosión de solos
8107	Inventario nacional do estado de saúde dos bosques
8108	Estatística de incendios forestais
8109	Seguimento do estado químico das augas subterráneas
8110	Seguimento do estado das augas superficiais
8111	Estatística sobre a subministración e o saneamento da auga
8112	Estatísticas sobre xeración de residuos
8113	Estatísticas sobre recolla e tratamento de residuos
8114	Indicadores agroambientais (balance de nitróxeno e fósforo)

Sector ou tema: extracción de produtos enerxéticos e enerxía en xeral

Nº Plan	Nome da operación estatística no Plan 2021-2024
8131	Estatística de produtos enerxéticos
8132	Estatística de encoros e producible de enerxía hidroeléctrica
8133	Estatística sobre o mercado de produtos petrolíferos
8134	Enquisa de consumos enerxéticos
8135	Balance enerxético
8136	Estatística sobre o mercado de gas natural (mensual)

Sector ou tema: minaría e industria

Nº Plan	Nome da operación estatística no Plan 2021-2024
8151	Estatística estrutural de empresas: sector industrial
8152	Enquisa industrial anual de produtos
8153	Enquisa de investimentos industriais
8154	Índices de produción industrial
8155	Índices de cifras de negocios
8156	Enquisa de consumos intermedios e investimento

Nº Plan Nome da operación estatística no Plan 2021-2024

8157	Estatística mineira e de explotación das augas (anual)
8158	Estatística de industrias lácteas (estrutura e produción)
8159	Estatística de fabricación de vehículos automóbiles e bicicletas
8160	Enquisa de conxuntura industrial
8161	Estatística do cemento

Sector ou tema: construción e vivenda**Nº Plan Nome da operación estatística no Plan 2021-2024**

8181	Estatística de construción de edificios
8182	Enquisa sobre a estrutura da industria da construción
8183	Estatística de licitación oficial na construción
8184	Índices de produción da industria da construción
8185	Enquisa de conxuntura industrial no sector da construción
8186	Indicadores de custos da construción
8187	Estimación do parque de vivendas
8188	Estatística de transaccións inmobiliarias
8189	Estatística de vivenda libre e protexida

Sector ou tema: servizos (estatísticas xerais)**Nº Plan Nome da operación estatística no Plan 2021-2024**

8201	Estatística estrutural de empresas: sector servizos
8202	Estatística de produtos no sector servizos
8203	Índice de produción do sector servizos
8204	Indicadores de actividade do sector servizos

Sector ou tema: comercio interior e exterior**Nº Plan Nome da operación estatística no Plan 2021-2024**

8221	Estatística estrutural de empresas: sector comercio
8222	Estatística de produtos no sector comercio
8223	Índices de comercio retalista
8224	Estatística de venda de elaborados de tabaco a expendedorías na Península e Illes Balears
8225	Estatística de intercambio de bens entre Estados da UE (limiares de exención)
8226	Estatística de intercambio de bens entre Estados da UE (baixo o limiar de exención)
8227	Estatística de comercio extracomunitario
8228	Estatística do comercio exterior das comunidades autónomas
8229	Enquisa de conxuntura da exportación
8230	Enquisa sobre comercio internacional de servizos e outras operacións internacionais
8231	Índices de valor unitario para o comercio exterior

Sector ou tema: transporte e actividades conexas**Nº Plan Nome da operación estatística no Plan 2021-2024**

8251	Estatística de transporte de viaxeiros
8252	Estatística do parque nacional de vehículos
8253	Estatística do imposto especial sobre determinados medios de transporte
8254	Enquisa permanente de transporte de mercadorías por estrada
8255	Estatística sobre transporte ferroviario
8256	Estatística sobre o transporte marítimo de mercadorías e pasaxeiros
8257	Estatística de tráfico nos aeroportos españois
8258	Estatísticas de tráfico de liñas aéreas regulares e non regulares, aeroportos e aeronaves para OACI

Sector ou tema: estatísticas de empresas e unidades de produción non referidas a sectores particulares**Nº Plan Nome da operación estatística no Plan 2021-2024**

8281	Explotación estatística do directorio central de empresas
8282	Demografía harmonizada de empresas
8283	Estatística de empresas inscritas na Seguridade Social
8284	Estatística de sociedades mercantís
8285	Indicadores de confianza empresarial
8286	Índice de cifra de negocios empresarial
8287	Enquisa conxuntural sobre stocks e existencias
8288	Estatística de filiais de empresas españolas no exterior
8289	Estatística de filiais de empresas estranxeiras en España
8290	Estatística do rendemento de actividades económicas
8291	Estatística de vendas, emprego e salarios nas grandes empresas
8292	Contas anuais no imposto sobre sociedades
8293	Resultados económicos e tributarios no IVE
8294	Contas anuais consolidadas do imposto de sociedades

Sector ou tema: financeiras e seguros**Nº Plan Nome da operación estatística no Plan 2021-2024**

8311	Estatística de seguros privados
8312	Estatística de previsión social complementaria
8313	Estatística do procedemento concursal
8314	Estatística de hipotecas
8315	Estatística sobre execucións hipotecarias
8316	Estatística de transmisión de dereitos da propiedade
8317	Estatística de mediación de seguros e reaseguros privados

Sector ou tema: prezos

Nº Plan	Nome da operación estatística no Plan 2021-2024
8341	Índice de prezos de consumo (IPC)
8342	Índice de prezos de consumo harmonizado (IPCH)
8343	Enquisa de paridades do poder adquisitivo (PPA)
8344	Prezos conxunturais de produtos agrícolas
8345	Prezos conxunturais de produtos gandeiros
8346	Prezos medios nacionais
8347	Estatísticas mensuais e anuais de prezos e salarios agrarios
8348	Prezos medios anuais das terras de uso agrario
8349	Canons anuais de arrendamentos rústicos
8350	Índices de prezos industriais
8351	Índices de prezos de exportación e de importación de produtos industriais
8352	Índices de prezos de materiais e enerxía e índices nacionais da man de obra
8353	Índice de prezos da vivenda (IPV)
8354	Estatística de prezos do solo
8355	Estatística de valor taxado de vivenda
8356	Índices de prezos do sector servizos
8357	Índice de prezos do transporte
8358	Índice de prezos do traballo
8359	Índices de prezos de aloxamentos turísticos
8360	Estatística de prezos públicos universitarios
8361	Información sobre prezos de carburantes en estacións de servizo
8362	Estatística de información sobre prezos de importación de cru
8363	Índice de prezos de vivenda en alugamento (IPVA) (en proxecto)

Sector ou tema: mercado laboral e salarios

Nº Plan	Nome da operación estatística no Plan 2021-2024
8391	Enquisa de poboación activa (EPA)
8392	Enquisa comunitaria de forza de traballo (ECFT)
8393	Proxeccións de taxas de actividade
Descrición xeral (principais variables): datos de consumo de fertilizantes inorgánicos utilizados na agricultura. Por mostraxe.

Colectivo: explotacións agrarias.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuadrenio 2021-2024: 109,56 miles de euros previstos no orzamento do MAPA.

8012 Enquisa de utilización de produtos fitosanitarios

Fins: determinación da cantidade que de cada substancia activa conteñan os praguicidas utilizados nos principais cultivos e superficie tratada con cada substancia.

Organismos que interveñen: MAPA.

Descrición xeral (principais variables): cantidade de substancias activas utilizadas por cultivo e superficie tratada con cada substancia. Tipo de substancia activa. Por mostraxe.

Colectivo: explotacións agrarias e distribuidores de fitosanitarios.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuadrenio 2021-2024: 460,80 miles de euros previstos no orzamento do MAPA.

8013 Enquisa de comercialización de produtos fitosanitarios

Fins: determinación da cantidade que de cada substancia activa conteñan os praguicidas comercializados en España.

Organismos que interveñen: MAPA.

Descrición xeral (principais variables): cantidade de substancias activas comercializadas. Tipo de substancia activa. Por enumeración completa.

Colectivo: distribuidores de fitosanitarios.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 57,37 miles de euros previstos no orzamento do MAPA.

8014 Estatística anual doutros aproveitamentos forestais

Fins: obtención de información sobre a xeración de produtos e beneficios económicos distintos da madeira e da leña. Algúns destes produtos, como a cortiza, os piñóns, as castañas, as trufas, os cogomelos ou a resina, teñen unha relevancia considerable no mercado, tanto nacional como interno.

Organismos que interveñen: MTED, consellerías/departamentos con competencia na materia de todas as comunidades autónomas.

Descrición xeral (principais variables): produción de cortiza, resina, froitos, fungos, etc.. Produto e titularidade do monte.

Colectivo: provincias.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 84,00 miles de euros previstos no orzamento do MTED.

8015 Estatística anual de caza

Fins: obter información relativa á caza como aproveitamento e actividade recreativa. Inclúense as licenzas de caza expedidas, as capturas por especie, a superficie dos distintos tipos de terreos cinexéticos, e outras actuacións relacionadas, así como beneficios económicos complementarios xerados.

Organismos que interveñen: MTED, consellerías/departamentos con competencia na materia de todas as comunidades autónomas.

Descrición xeral (principais variables): licenzas expedidas e vixentes, capturas de especies cinexéticas, soltas de especies cinexéticas, produción de especies cinexéticas, terreos cinexéticos. Especies cinexéticas, terreos cinexéticos.

Colectivo: provincias.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 84,00 miles de euros previstos no orzamento do MTED.

8016 Estadísticas de producción e comercialización de material forestal de reproducción

Fins: obter información relativa á produción, comercialización e rastrexabilidade do material forestal de reproducción, necesario para a realización de actuacións forestais, como repoboacións, forestacións de terras agrícolas ou restauracións da cuberta vexetal. Este material componse de sementes, plantas e partes de planta producidas en centros e viveiros forestais. Ademais, recóllese información sobre as unidades de admisión incluídas no Rexistro e Catálogo nacional de materiais de base de acordo co Real decreto 289/2003, sobre comercialización dos materiais forestais de reproducción, por tipos e categorías.

Organismos que interveñen: MTED, consellerías/departamentos con competencia na materia de todas as comunidades autónomas.

Descrición xeral (principais variables): sementes, estacas e plantas. Especies forestais, categorías de material forestal de reproducción.

Colectivo: comunidades autónomas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 84,00 miles de euros previstos no orzamento do MTED.

8017 Estadística anual de cortas de madeira

Fins: obtención de datos a nivel provincial sobre as extraccións anuais de madeira e leña dos montes españois, clasificadas segundo especies arbóreas e tipo de propiedade (pública ou privada). Así mesmo, ofrécense datos sobre o valor económico desta produción.

Organismos que interveñen: MTED, consellerías/departamentos con competencia na materia de todas as comunidades autónomas.

Descrición xeral (principais variables): volume de madeira e leña extraída e destino. Especies e titularidade do monte.

Colectivo: provincias.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 84,00 miles de euros previstos no orzamento do MTED.

8018 Inventario forestal nacional

Fins: obtención de información sobre a situación, réxime de propiedade e protección, natureza, estado legal, probable evolución e capacidade produtora de todo tipo de bens dos montes españois, así como a súa biodiversidade.

Organismos que interveñen: MTED, consellerías/departamentos con competencia na materia das comunidades autónomas.

Descrición xeral (principais variables): superficies, existencias, crecementos e indicadores das masas forestais, incluídos os indicadores de biodiversidade. Hectáreas, árbores, volumes de madeira e leña, crecemento das masas arbóreas, especies fanerógamas e criptógamas, cantidade de hábitats estudados, cantidade de madeira morta e indicadores de fragmentación.

Colectivo: provincias.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 20.033,56 miles de euros previstos no orzamento do MTED.

8019 Estatística anual de proxectos e actuacións forestais

Fins: obtención de información sobre as repoboacións forestais efectuadas segundo obxectivos, especies e tipo de propiedade. Estas actuacións teñen como obxectivo volver revexetar as zonas incendiadas ou cortadas, densificar a masa boscosa ou establecer bosques en zonas desarborizadas.

Organismos que interveñen: MTED, consellerías/departamentos con competencia na materia de todas as comunidades autónomas.

Descrición xeral (principais variables): superficies repoboadas por especies e propiedade da superficie. Especies.

Colectivo: provincias.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 84,00 miles de euros previstos no orzamento do MTED.

8020 Estatística sobre xestión forestal sustentable

Fins: organización, administración e uso dos montes de forma que permita manter a súa biodiversidade, produtividade, vitalidade, potencialidade e capacidade de rexeneración, para atender, agora e no futuro, as súas múltiples funcións ecolóxicas, económicas e sociais.

Organismos que interveñen: MTED, consellerías/departamentos con competencia na materia de todas as comunidades autónomas.

Descrición xeral (principais variables): superficie forestal con instrumento de ordenación, número de montes con instrumento de ordenación, superficie forestal certificada por un sistema internacional de certificación, certificados de cadea de custodia emitidos. Tipo de titularidade do monte.

Colectivo: comunidades autónomas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 84,00 miles de euros previstos no orzamento do MTED.

8021 Balance nacional da madeira

Fins: analizar os fluxos da madeira torada no mercado nacional, considerando as cifras de extracción de madeira, así como as cifras de comercio exterior (importacións e exportacións) e o consumo de madeira realizado pola industria de primeira transformación (pasta, taboleiro, serra, chapa, bioenerxía, postes).

Organismos que interveñen: MTED, consellerías/departamentos con competencia na materia de todas as comunidades autónomas.

Descrición xeral (principais variables): produción, utilización, stocks, autoabastecemento. Tipo de produto.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 84,00 miles de euros previstos no orzamento do MTED.

8022 Rede contable agraria nacional (Recan)

Fins: determinación anual da estrutura técnica do proceso produtivo e dos resultados económicos das explotacións agrarias, así como do cálculo das producións estándar das actividades: variable de base para a clasificación das ditas explotacións.

Organismos que interveñen: MAPA, consellerías/departamentos con competencia na materia das comunidades autónomas (Cataluña, Comunidade Foral de Navarra, País Vasco).

Descrición xeral (principais variables): variables estruturais, producións, subvencións, consumos intermedios, capital, man de obra, etc., das explotacións agrarias. Comunidade autónoma, orientación técnico-económica e tamaño de explotación. Por mostraxe.

Colectivo: explotacións agrarias.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 7.845,83 miles de euros previstos no orzamento do MAPA.

8023 Estatística da produción ecolóxica

Fins: obter información sobre a produción ecolóxica: superficie cultivada, produción, efectivos de gando, produción cárnica, acuicultura e operadores ecolóxicos segundo cualificación ecolóxica.

Organismos que interveñen: MAPA, consellerías/departamentos con competencia na materia das comunidades autónomas.

Descrición xeral (principais variables): superficie, efectivos de gando e produción, acuicultura. Tipo de cultivo ou aproveitamentos, tipo de animais, cualificación ecolóxica.

Colectivo: explotacións agrarias e operadores.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 85,48 miles de euros previstos no orzamento do MAPA.

8024 LIGNUM. Sistema estatal de información sobre o comercio da madeira

Fins: obter información estatística sobre o comercio da madeira e sobre os axentes e comerciantes que aproveitan, importan ou realizan compravenda de madeira e produtos da madeira, así como calquera outra información relevante para asegurar a súa legalidade. LIGNUM recolle os datos sobre as licenzas FLEGT recibidas en España, as declaracións responsables que presentan os axentes cada ano e os controis EUTR realizados polas autoridades competentes aos axentes.

Organismos que interveñen: MTED, consellerías/departamentos con competencia na materia de todas as comunidades autónomas.

Descrición xeral (principais variables): licenzas FLEGT, axentes EUTR, produtos de madeira declarados, controis EUTR. Produtos de madeira importados con licenza FLEGT (tipos de produto, pesos, especies de madeira). Axentes EUTR (número, tipoloxía). Comercialización de produtos segundo as declaracións responsables (cantidades, países de orixe).

Colectivo: licenzas FLEGT, declaracións EUTR, controis EUTR.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 2.208,00 miles de euros previstos no orzamento do MTED.

8025 Estatística de viñedo

Fins: proporcionar información da superficie de viñedo, por variedades de uva de vinificación, destinada a fins distintos da produción de uva de mesa, así como coñecer o número de explotacións por tamaño e principais variedades.

Organismos que interveñen: MAPA, consellerías/departamentos con competencia na materia das comunidades autónomas.

Descrición xeral (principais variables): viñas destinadas a outros fins (viñas que deben inscribirse no Rexistro Vitícola). Non inclúe as viñas destinadas a uva de mesa. Idade, tamaño (superficie), densidade da plantación, variedade.

Colectivo: explotacións de viñedo e as súas parcelas cuxa produción se destina a usos distintos do de consumo en fresco no territorio nacional (excepto Ceuta e Melilla).

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 21,00 miles de euros previstos no orzamento do MAPA.

2. Sector ou tema: pesca e acuicultura

8051 Estatística da frota pesqueira

Fins: coñecemento da frota pesqueira como estrutura básica para o desenvolvemento da pesca marítima.

Organismos que interveñen: MAPA.

Descrición xeral (principais variables): nº de buques, arqueo, potencia, eslora. Modalidade de pesca, caladoiro principal, ano de construción, material do casco.

Colectivo: buques pesqueiros e buques auxiliares de pesca.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 95,57 miles de euros previstos no orzamento do MAPA.

8052 Estatísticas de capturas e desembarques de pesca marítima

Fins: cuantificar as capturas de pesca marítima e os esforzos correspondentes, co fin de ordenar as extraccións nos distintos caladoiros e zonas de pesca, así como coñecer os desembarques realizados en España e o valor alcanzado na primeira venda, para a súa utilización na regulación da actividade.

Organismos que interveñen: MAPA.

Descrición xeral (principais variables): cantidades, valor. Modalidade de pesca, bandeira buque, zona de captura, ano, mes, especies, presentación, destino.

Colectivo: buques pesqueiros.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 189,25 miles de euros previstos no orzamento do MAPA.

8053 Enquisa económica de pesca marítima

Fins: investigación dos datos económicos primarios para o coñecemento da rendibilidade dos distintos tipos de frota; obtención de indicadores utilizables na determinación das macromagnitudes do sector pesqueiro.

Organismos que interveñen: MAPA, departamento con competencia na materia do País Vasco.

Descrición xeral (principais variables): ingresos, consumos intermedios, capital, amortizacións, subvencións, custos de persoal, nº horas traballadas, nº traballadores. Tipo de buque, caladoiro principal, sexo-emprego. Por mostraxe.

Colectivo: buques pesqueiros.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 492,44 miles de euros previstos no orzamento do MAPA.

8054 Enquisa de establecementos de acuicultura

Fins: obtención de datos primarios dos establecementos de acuicultura e da súa actividade.

Organismos que interveñen: MAPA, consellerías/departamentos con competencia na materia das comunidades autónomas (Andalucía, País Vasco).

Descrición xeral (principais variables): nº de establecementos, cantidade, valor, nº de horas traballadas, nº de traballadores. Tipo de establecemento, especies, fases de cultivo, orixe da auga, zona de localización, destino xeográfico, tipo de comercialización, tipo de emprego, tipo de xornada, sexo-emprego. Por combinación de censo e mostraxe.

Colectivo: establecementos de acuicultura.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 751,00 miles de euros previstos no orzamento do MAPA.

8055 Enquisa económica de acuicultura

Fins: investigación dos datos económicos primarios para o coñecemento da rendibilidade dos distintos tipos de establecementos de acuicultura; obtención de indicadores utilizables na determinación das macromagnitudes do sector pesqueiro.

Organismos que interveñen: MAPA.

Descrición xeral (principais variables): ingresos, consumos intermedios, capital, amortizacións, subvencións, custos de persoal, etc. Tipo de establecemento. Por mostraxe.

Colectivo: establecementos de acuicultura.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 154,09 miles de euros previstos no orzamento do MAPA.

8056 Estatística anual de pesca fluvial

Fins: obter información relativa á pesca fluvial como aproveitamento e actividade recreativa. Inclúense as licenzas de pesca expedidas, as capturas por especie, a superficie de masas de aproveitamento piscícola e outras actuacións relacionadas, así como beneficios económicos complementarios xerados.

Organismos que interveñen: MTED, consellerías/departamentos con competencia na materia de todas as comunidades autónomas.

Descrición xeral (principais variables): licenzas expedidas e vixentes, capturas de especies piscícolas, soltas de especies piscícolas, masas de aproveitamento piscícola. Especies piscícolas, masas de aproveitamento piscícola.

Colectivo: provincias.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 84,00 miles de euros previstos no orzamento do MTED.

3. Sector ou tema: ambiente e desenvolvemento sustentable**8091 Proxecto Corine Land Cover do Programa Corine (UE)**

Fins: actualización da base de datos de cobertura e uso do solo en escala 1:100.000, dentro do proxecto europeo 'Image and CORINE Land COVER' do programa CORINE da UE.

Organismos que interveñen: MTMA, consellerías/departamentos con competencia na materia das comunidades autónomas, MAPA, MDEF, MHAC, MINT, METD.

Descrición xeral (principais variables): cobertura e uso do solo. Nomenclatura CORINE Land COVER Nivel 3.

Colectivo: imaxes de satélite.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 733,76 miles de euros previstos no orzamento do MTMA.

8092 Sistema de información de ocupación do solo en España (SIOSE)

Fins: actualización do Sistema de información sobre ocupación do solo en España (SIOSE) a escala 1:25.000, que integre e harmonice a información das bases de datos de ocupación do solo existente das comunidades autónomas e da Administración xeral do Estado.

Organismos que interveñen: MTMA, consellerías/departamentos con competencia na materia das comunidades autónomas, MAPA, MDEF, MHAC, MINT, METD.

Descrición xeral (principais variables): cobertura e uso do solo. Modelo de datos SIOSE.

Colectivo: imaxes de satélite.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 2.992,16 miles de euros previstos no orzamento do MTMA.

8093 Espazos naturais ou de interese

Fins: coñecemento do número e superficie de espazos protexidos (dirixido a establecer medidas de conservación dos valores do patrimonio natural español polos que foron declarados), da caracterización dos usos do solo (principalmente dos ecosistemas naturais: forestais, zonas húmidas, etc.) e dos instrumentos de planificación e de xestión. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: MTED, consellerías/departamentos con competencia na materia de todas as comunidades autónomas.

Descrición xeral (principais variables): número e superficie de espazos protexidos, os seus instrumentos de planificación e xestión, así como a caracterización dos seus principais ecosistemas. Área protexida (segundo categorías internacionais da UICN); superficie por ecosistemas.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 204,00 miles de euros previstos no orzamento do MTED.

8094 Estatística de diversidade de especies silvestres

Fins: proporcionar información sobre as especies silvestres en territorio español, o seu estado de conservación e grao de ameaza a que están sometidas, con especial atención ás incluídas na Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial (LESPE) e no Catálogo de especies ameazadas (CEA) co fin de adoptar medidas para a súa protección.

Organismos que interveñen: MTED, consellerías/departamentos con competencia na materia das comunidades autónomas, asociacións conservacionistas e científicas entre cuxos fins se encontra o estudo e/ou a defensa da biodiversidade.

Descrición xeral (principais variables): taxons en estado silvestre, evolución da poboación de aves comúns segundo os principais ecosistemas presentes en España. Grupos taxonómicos, nivel de protección segundo as categorías internacionalmente recoñecidas, así como nas categorías establecidas na lexislación nacional (incluídas no CEA e/ou na LESPE), con ou sen plans de conservación ou de recuperación aprobados.

Colectivo: taxons incluídos na LESPE e no CEA.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 124,00 miles de euros previstos no orzamento do MTED.

8095 Seguimento do estado cuantitativo das augas subterráneas

Fins: control dos recursos de auga almacenados en acuíferos de recarga natural e do baleiramento (natural e por extracción).

Organismos que interveñen: MTED, organismos de bacía das demarcacións intercomunitarias.

Descrición xeral (principais variables): profundidade do nivel da auga na rede piezométrica. Índices de enchedura por unidades hidroxeolóxicas e demarcacións hidrográficas.

Colectivo: medida mensual do nivel piezométrico.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 65,29 miles de euros previstos no orzamento do MTED.

8097 Estatísticas sobre as actividades de protección ambiental

Fins: dispor de datos regulares, representativos e comparables sobre os gastos, tanto correntes como de investimento, que realizan as empresas co fin de avaliar a política nacional e comunitaria nesta área ambiental.

Organismos que interveñen: INE.

Descrición xeral (principais variables): actividades produtivas ambientais, valoración dos recursos dedicados á protección ambiental, financiamento. Actividade económica, actividades características ambientais, ámbitos ambientais. Por mostraxe.

Colectivo: establecementos e empresas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 1.724,62 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8098 Estatística das variables meteorofenolóxicas

Fins: dispor de valores estatísticos (medios, normais, extremos e desviacións) dos elementos do clima para describilo e diagnosticar a súa variabilidade espacial e temporal.

Organismos que interveñen: MTED.

Descrición xeral (principais variables): temperatura do aire, precipitación, humidade, ocorrencia de meteoros, insolación, radiación global, evaporación, vento, presión, visibilidade, temperatura do solo, fenoloxía de especies animais e vexetais.

Colectivo: delegacións territoriais; Dirección de Producción e Infraestruturas (Área de Climatoloxía e Aplicacións Operativas).

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 29,00 miles de euros previstos no orzamento do MTED.

8099 Estatística de fenómenos meteorolóxicos adversos

Fins: describir e caracterizar a distribución mensual/anual da ocorrencia de certos fenómenos meteorolóxicos adversos nas diferentes provincias. É dicir, a frecuencia en número de días ao mes ou ano de superación de limiares de determinadas variables meteorolóxicas, inusuais desde o punto de vista climatolóxico, á vez que suficientemente adversas para poder afectar a seguridade das persoas e os bens materiais.

Organismos que interveñen: MTED.

Descrición xeral (principais variables): precipitación acumulada en 1 e 12 horas, refachos de vento, temperaturas máxima e mínima diarias.

Colectivo: provincias.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 13,10 miles de euros previstos no orzamento do MTED.

8100 Balance hídrico

Fins: describir e caracterizar a precipitación, a evapotranspiración de referencia e o contido de humidade no solo, en función dun balance hídrico climatolóxico diario.

Organismos que interveñen: MTED.

Descrición xeral (principais variables): precipitación diaria, evapotranspiración de referencia de Penmann-Monteith calculada a partir de información de temperatura, vento, presión, humidade relativa do aire e insolación e humidade do solo como porcentaxe a partir de balance hídrico.

Colectivo: demarcacións territoriais: nacional, rexional, municipal.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 69,40 miles de euros previstos no orzamento do MTED.

8101 Estatística de vixilancia do clima

Fins: dar unha visión xeral do comportamento das temperaturas e das precipitacións particularizada para todo o territorio nacional, así como para as áreas correspondentes a comunidades autónomas e provincias, caracterizando o comportamento climático na súa variabilidade espacial e temporal en relación cos seus valores normais.

Organismos que interveñen: MTED.

Descrición xeral (principais variables): temperatura do aire, máxima, mínima e media diaria. Acumulacións de precipitación diaria.

Colectivo: demarcacións territoriais (nacional, comunidade autónoma, municipio).

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 63,30 miles de euros previstos no orzamento do MTED.

8102 Índice meteorolóxico do risco de incendio

Fins: dispor de valores estatísticos en cada provincia do índice meteorolóxico de risco de incendio medio en cada unha das clases ou niveis (baixo, moderado, alto, moi alto e extremo), e as súas series diarias.

Organismos que interveñen: MTED.

Descrición xeral (principais variables): nivel medio diario do risco de incendio forestal, obtido a partir do índice FWI, calculado para cada provincia (*Fire Weather Index*). Nivel de risco de incendio.

Colectivo: demarcacións territoriais subprovinciais.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 15,20 miles de euros previstos no orzamento do MTED.

8103 Estatística de composición química da atmosfera

Fins: describir e caracterizar as variacións e tendencias na concentración dalgúns contaminantes atmosféricos medidos en estacións cuxa localización se encontra suficientemente afastada das fontes emisoras.

Organismos que interveñen: MTED.

Descrición xeral (principais variables): concentracións de masa medidas en cada unha das estacións da rede dos seguintes contaminantes: ozono (O₃), dióxido de xofre (SO₂), dióxido de nitróxeno (NO₂), monóxido de nitróxeno (NO), amonios, nitratos, material particulado (PM₁₀), sulfato (PM₁₀) e nitrato (PM₁₀). Variacións temporais da concentración de CO₂, da concentración de gases reactivos e da concentración de aerosois en atmosfera libre.

Colectivo: volume de atmosfera recollido por un sensor.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 11,10 miles de euros previstos no orzamento do MTED.

8104 Estatística de calidade do aire

Fins: dar unha visión xeral da calidade do aire en España seguindo os criterios establecidos pola normativa nacional e da Unión Europea e polos convenios internacionais asinados por España.

Organismos que interveñen: MTED, consellerías/departamentos con competencia na materia de todas as comunidades autónomas, EE. LL., Instituto de Saúde Carlos III, O.A. (MCIN), CSIC, CIEMAT, ISCIII.

Descrición xeral (principais variables): concentración de contaminantes no aire ambiente, aerosois e precipitación. Estatísticos de contaminantes de calidade do aire en relación cos valores lexislados, para as estacións de toda España: dióxido de xofre (SO₂); dióxido de nitróxeno (NO₂) óxidos de nitróxeno (NO_x); partículas en suspensión de tamaño inferior a 10 µm (PM₁₀); partículas en suspensión de tamaño inferior a 2,5 µm (PM_{2,5}); chumbo (Pb); benceno (C₆H₆), monóxido de carbono (CO); ozono (O₃); arsénico (As); cadmio (Cd); níquel (Ni); e benzo(a)pireno (B(a)P). Estatísticos de agregación e evolución histórica a nivel zona de calidade do aire en relación cos valores lexislados. Ademais, nas estacións de fondo da Rede EMEP/VAG/CAMP inclúense estatísticos de: metais pesados en aire ambiente, mercurio gasoso total, hidrocarburos aromáticos policíclicos (HAP) distintos ao B(a)P en aire ambiente, depósitos totais de metais pesados e depósitos totais de HAP.

Colectivo: territorios cubertos por un sensor.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 2.125,00 miles de euros previstos no orzamento do MTED.

8105 Inventario de emisións contaminantes á atmosfera

Fins: coñecer a cantidade de contaminantes emitidos á atmosfera polos diferentes sectores de actividade e a súa evolución.

Organismos que interveñen: MTED, departamentos ministeriais e organismos públicos con competencias sectoriais en actividades que xeren emisións contaminantes á atmosfera.

Descrición xeral (principais variables): masa de gases de efecto invernadoiro e outros contaminantes atmosféricos emitidos á atmosfera. Sectores de actividade (nomenclaturas específicas SNAP, CFR e NFR), tipos de contaminantes, CO₂, CH₄, N₂O, HFC, PFC, SF₆, NO_x, SO_x, NH₃, CO, COVNM, PM₁₀, PM_{2,5}, BC, metais pesados, PAH, HCB, PCB, dioxinas, combustibles, metodoloxías do Convenio de Xenebra (manuais EMEP/EEA) e do Convenio marco de cambio climático (manuais IPCC).

Colectivo: empresas, asociacións empresariais, organismos públicos.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 5.007,51 miles de euros previstos no orzamento do MTED.

8106 Inventario nacional de erosión de solos

Fins: obter información xeográfica homoxénea sobre procesos erosivos para toda España.

Organismos que interveñen: MTED, consellerías con competencia na materia das provincias onde se realice o inventario.

Descrición xeral (principais variables): perdas de solo por unidade de superficie e tempo. Niveis erosivos, torrencialidade, presenza de procesos erosivos.

Colectivo: provincias.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 1.443,76 miles de euros previstos no orzamento do MTED.

8107 Inventario nacional do estado de saúde dos bosques

Fins: avaliar o estado e a evolución das masas forestais europeas conforme unha serie de metodoloxías e protocolos estandarizados para toda Europa.

Organismos que interveñen: MTED, consellerías/departamentos con competencia na materia de todas as comunidades autónomas.

Descrición xeral (principais variables): parámetros de defoliación e descoloración e posibles axentes causantes, solos e análises foliares. Graos posibles de afección e axentes danos probables, variables de estación.

Colectivo: árbores dentro dun sistema forestal.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 2.508,90 miles de euros previstos no orzamento do MTED.

8108 Estatística de incendios forestais

Fins: recoller datos homoxéneos a nivel nacional de todos os incendios forestais ocorridos. Dispoñible en avances informativos, elaborados con datos provisionais, e en estatísticas definitivas, obtidas tras procesar máis de 150 campos de información dos partes de incendio forestal.

Organismos que interveñen: MTED, consellerías/departamentos con competencia na materia de todas as comunidades autónomas.

Descrición xeral (principais variables): extensión, características, circunstancias e causas dos incendios forestais. Superficie afectada, medios de extinción empregados, perdas causadas polos incendios.

Colectivo: incendios forestais.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 1.000,8 miles de euros previstos no orzamento do MTED.

8109 Seguimento do estado químico das augas subterráneas

Fins: control xeral da evolución da calidade da auga subterránea.

Organismos que interveñen: MTED, organismos de bacía das demarcacións intercomunitarias e administracións hidráulicas das comunidades autónomas con competencia na materia.

Descrición xeral (principais variables): parámetros fisicoquímicos. Estado químico de cada masa de auga.

Colectivo: puntos de toma de mostras representativos.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 121,22 miles de euros previstos no orzamento do MTED.

8110 Seguimento do estado das augas superficiais

Fins: información sobre o estado das masas de auga continentais superficiais.

Organismos que interveñen: MTED, organismos de bacía das demarcacións intercomunitarias e administracións hidráulicas das comunidades autónomas con competencia na materia.

Descrición xeral (principais variables): parámetros fisicoquímicos, biolóxicos e hidromorfolóxicos. Estado químico e ecolóxico de cada masa de auga.

Colectivo: puntos de toma de mostra representativos de tramos nos leitos dos ríos, lagos e encoros.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 139,26 miles de euros previstos no orzamento do MTED.

8111 Estatística sobre a subministración e o saneamento da auga

Fins: dispor de datos regulares, fiables e comparables para poder describir o estado, as presións que se exercen e as respostas da sociedade para optimizar o uso do recurso auga.

Organismos que interveñen: INE.

Descrición xeral (principais variables): volumes de auga captada e subministrada aos usuarios; volume de augas residuais tratadas e de auga reutilizada. Importes facturados aos usuarios por subministración, servizo de rede de sumidoiros e depuración. Actividade económica, actividades características que conforman o ciclo da auga. Por mostraxe.

Colectivo: empresas, unidades institucionais.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 242,42 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8112 Estatísticas sobre xeración de residuos

Fins: dispor de datos regulares, representativos e comparables, sobre a xeración de residuos na agricultura, pesca, acuicultura, industria, construción, servizos e fogares co fin de avaliar a política nacional e comunitaria en materia ambiental.

Organismos que interveñen: INE, MTED.

Descrición xeral (principais variables): cantidades de residuos xerados por clase de residuos por sectores de actividade e fogares. Clase de residuo segundo a clasificación europea de residuos (CER). Por mostraxe.

Colectivo: establecemento industrial (sector industrial), empresa (sectores construción e servizos).

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 1.793,02 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8113 Estatísticas sobre recolla e tratamento de residuos

Fins: dispor de datos regulares, representativos e comparables sobre a xestión e o tratamento dos residuos co fin de avaliar a política nacional e comunitaria en materia ambiental.

Organismos que interveñen: INE, consellerías/departamentos con competencia na materia de todas as comunidades autónomas, MTED.

Descrición xeral (principais variables): cantidades de residuos recollidos, incinerados (con e sen recuperación de enerxía), vertidos e reciclados (valorizados) por clase de residuo. Número e capacidade das instalacións de tratamento de residuos clasificadas por tipo de operación de tratamento. Tipo de residuo segundo a clasificación europea de residuos (CER) e tipo de operación segundo a codificación D/R da Lei de residuos e solos contaminados.

Colectivo: xestores autorizados que levan a cabo recolla de residuos urbanos e/ou tratamento de todo tipo de residuos.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 679,58 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8114 Indicadores agroambientais (balance de nitróxeno e fósforo)

Fins: determinación do balance de nitróxeno e fósforo das especies animais que conforman a ganadería española e elaboración anual do Balance de nitróxeno e fósforo na agricultura española para atender os requirimentos de Eurostat. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: MAPA.

Descrición xeral (principais variables): estimación das emisións de NH₃, NO, NO₂, N₂O, CH₄, outros compostos orgánicos volátiles non metánicos (COVNM), así como a materia particulada (PM_{2,5}, PM₁₀ e TSP) cun nivel de complexidade avanzado (TIER II).

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 319,04 miles de euros previstos no orzamento do MAPA.

4. Sector ou tema: extracción de produtos enerxéticos e enerxía en xeral

8131 Estatística de produtos enerxéticos

Fins: coñecemento de: a) produción de enerxía eléctrica e produtos petrolíferos; b) consumo de combustibles en xeración eléctrica, e c) consumo de electricidade e gas por sectores consumidores.

Organismos que interveñen: MTED, Corporación de Reservas Estratéxicas de Produtos Petrolíferos (CORES), Rede Eléctrica de España, S.A. (REE).

Descrición xeral (principais variables): produción de enerxía eléctrica e produtos petrolíferos. Destino das subministracións de electricidade e gas. Aproveñamentos, existencias e consumos de combustibles en xeración eléctrica. Tipos de produtos. Por enumeración completa.

Colectivo: empresas do sector.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 1.303,88 miles de euros previstos no orzamento do MTED.

8132 Estatística de encoros e producible de enerxía hidroeléctrica

Fins: coñecer a situación e produción hidroeléctrica de todos os encoros de España.

Organismos que interveñen: MTED, organismos de bacía, Rede Eléctrica de España.

Descrición xeral (principais variables): nome do encoro, río, capacidade total, capacidade útil, enerxía propia, enerxía repercutida, sistema de explotación a que pertence, uso (consuntivo ou hidroeléctrico). Recursos hídricos, encoros e enerxía. Por enumeración completa.

Colectivo: encoros.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 355,63 miles de euros previstos no orzamento do MTED.

8133 Estatística sobre o mercado de produtos petrolíferos

Fins: xerar información relevante sobre o sector de produtos petrolíferos e cumprir as obrigacións mensuais de información á Axencia Internacional da Enerxía e á Unión Europea en relación co abastecemento de cru e existencias mínimas de seguridade.

Organismos que interveñen: MTED, Corporación de Reservas Estratéxicas de Produtos Petrolíferos (CORES).

Descrición xeral (principais variables): produción; importacións, exportacións e existencias de cru, produtos petrolíferos e biocombustibles; consumos de produtos petrolíferos e biocombustibles. País de orixe e destino, canles de distribución e sectores de consumo. Por enumeración completa.

Colectivo: empresas do sector.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 276,00 miles de euros previstos no orzamento do MTED.

8134 Enquisa de consumos enerxéticos

Fins: obter información detallada dos distintos tipos de combustibles utilizados polas empresas industriais.

Organismos que interveñen: INE.

Descrición xeral (principais variables): consumo dos distintos produtos enerxéticos. Ramas de actividade. Por combinación de censo e mostraxe.

Colectivo: empresas industriais.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 86,41 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8135 Balance enerxético

Fins: coñecemento da evolución das principais magnitudes enerxéticas para obter o balance enerxético nacional. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: MTED, Rede Eléctrica de España (REE), Corporación de Reservas Estratéxicas de Produtos Petrolíferos (CORES), Enagás, IDAE.

Descrición xeral (principais variables): produción e consumo por tipo de produto, sector.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 409,88 miles de euros previstos no orzamento do MTED.

8136 Estatística sobre o mercado de gas natural (mensual)

Fins: xerar información relevante sobre o sector de gas natural e cumprir as obrigacións de información á Axencia Internacional da Enerxía e á Unión Europea en relación co abastecemento de gas natural.

Organismos que interveñen: MTED, Corporación de Reservas Estratéxicas de Produtos Petrolíferos (CORES).

Descrición xeral (principais variables): produción, importacións e exportacións, existencias, consumos e número de clientes de gas natural. Uso: convencional ou sector eléctrico; número de clientes segundo o grupo de presión: grupo 1, grupo 2, grupo 3, GNL consumo directo; importacións: por puntos de entrada, por países de orixe; exportacións: por puntos de saída, por países de destino; existencias: en plantas de regasificación, en almacenamentos subterráneos, gas útil, gas colchón. Por enumeración completa.

Colectivo: empresas do sector.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 184,00 miles de euros previstos no orzamento do MTED.

5. Sector ou tema: minaría e industria

8151 Estatística estrutural de empresas: sector industrial

Fins: coñecer as principais características estruturais e económicas das empresas industriais

Organismos que interveñen: INE, Instituto de Estatística de Cataluña, facendas forais do País Vasco e Navarra, AEAT, Seguridade Social (MISM).

Descrición xeral (principais variables): persoal ocupado, cifra de negocios e outros ingresos, compras e consumos, gastos de persoal, impostos e investimentos. Desagregación por actividades segundo CNAE-2009 e tamaño das empresas.

Colectivo: empresas e unidades de actividade industrial.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 6.922,82 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8152 Enquisa industrial anual de produtos

Fins: coñecemento detallado da produción dos diferentes produtos industriais.

Organismos que interveñen: INE, Instituto de Estatística de Cataluña.

Descrición xeral (principais variables): vendas de produtos fabricados en cantidade e valor. Ramas de actividade. Por enumeración completa.

Colectivo: establecementos industriais que cobren o 90 por cento da produción de cada clase (catro díxitos) da CNAE-93. A partir da enquisa referida a 2008, da CNAE - 2009.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 8.079,16 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8153 Enquisa de investimentos industriais

Fins: coñecemento e seguimento dos investimentos da industria.

Organismos que interveñen: MITC, departamento con competencias na materia de Cataluña.

Descrición xeral (principais variables): investimento, expectativas, fins e causas do investimento. Destino económico dos bens, sectores BIDDER. Por mostraxe.

Colectivo: empresas industriais.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 247,62 miles de euros previstos no orzamento do MITC.

8154 Índices de produción industrial

Fins: medición da evolución mensual do volume do valor engadido xerado polas ramas industriais, salvo a construción.

Organismos que interveñen: INE.

Descrición xeral (principais variables): produción por ramas de actividade e destino económico dos bens. Clasificación nacional de actividades económicas (CNAE) e grandes sectores industriais (GSI). Por mostraxe.

Colectivo: establecementos.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 5.362,89 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8155 Índices de cifras de negocios

Fins: medición da evolución das cifras de negocios nas actividades industriais.

Organismos que interveñen: INE.

Descrición xeral (principais variables): cantidades facturadas pola venda de bens e servizos industriais. Ramas de actividade CNAE-2009 e sectores industriais por destino económico dos bens. Por mostraxe.

Colectivo: establecementos.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 3.229,91 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8156 Enquisa de consumos intermedios e investimento

Fins: coñecemento das distintas materias primas e outros insumos utilizados polas empresas españolas nos seus procesos produtivos, así como do investimento realizado polas ditas empresas no ano obxecto de estudo para a súa incorporación ás estimacións requiridas na elaboración de parte dos principais agregados macroeconómicos da contabilidade nacional anual de España.

Organismos que interveñen: INE.

Descrición xeral (principais variables): consumos de materias primas e outras materias consumibles; gastos en servizos exteriores; investimento. Ramas de actividade; produtos; activos. Por mostraxe.

Colectivo: empresas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 437,35 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8157 Estatística mineira e de explotación das augas (anual)

Fins: coñecemento da produción de carbóns, minerais, produtos de canteira, petróleo, gas e explotacións de augas minerais e termiais.

Organismos que interveñen: MTED, Instituto para a Reestruturación da Minaría do Carbón, Instituto Xeolóxico e Mineiro de España (IXME).

Descrición xeral (principais variables): explotacións, persoal ocupado por clase e sexo, horas traballadas e custos de persoal, produción por produto (cantidade e valor), existencias, destino dos produtos, potencia instalada, lei da produción vendible, materias primas, explosivos, enerxía consumida e outros insumos, investimentos, natureza dos mananciais ou puntos de auga, balnearios. Carbóns, cru de petróleo, gas natural, minerais metálicos, minerais industriais, rochas ornamentais, produtos de canteira, augas minerais e termiais. Por enumeración completa.

Colectivo: establecementos e explotacións do sector.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 761,60 miles de euros previstos no orzamento do MTED.

8158 Estatística de industrias lácteas (estrutura e produción)

Fins: seguimento mensual e anual do leite de vaca recollido pola industria e de produtos lácteos elaborados, para a xestión da cota láctea e determinación da estrutura das industrias lácteas, segundo estratos de dimensión da actividade produtiva.

Organismos que interveñen: MAPA.

Descrición xeral (principais variables): leite adquirido, produción de leite envasado e de derivados, leite utilizado, man de obra e resultados económicos. Produtos e volume de leite tratado. Por mostraxe.

Colectivo: industrias lácteas e centros de recolla.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 743,03 miles de euros previstos no orzamento do MAPA.

8159 Estatística de fabricación de vehículos automóbiles e bicicletas

Fins: estudo do sector da industria da construción de vehículos automóbiles e bicicletas.

Organismos que interveñen: MITC.

Descrición xeral (principais variables): produción por clase de vehículo (cantidade e valor). Tipo de carburante, cilindrada, peso. Por enumeración completa.

Colectivo: establecementos industriais do sector.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 252,12 miles de euros previstos no orzamento do MITC.

8160 Enquisa de conxuntura industrial

Fins: coñecemento e seguimento do sector industrial.

Organismos que interveñen: MITC.

Descrición xeral (principais variables): carteira de pedidos, stocks, produción, utilización da capacidade produtiva, emprego, prezos. Destino económico dos bens, sectores BIDER. Por mostraxe.

Colectivo: empresas industriais.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 718,18 miles de euros previstos no orzamento do MITC.

8161 Estatística do cemento

Fins: coñecemento da produción de cemento e clínker, das vendas e o consumo aparente de cemento e do comercio exterior de cemento e clínker.

Organismos que interveñen: MITC.

Descrición xeral (principais variables): produción de clínker e cemento, vendas domésticas de cemento gris e branco, consumo aparente de cemento, exportacións de cemento e clínker, importacións de cemento e clínker. Por enumeración completa.

Colectivo: establecementos industriais do sector.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 60,00 miles de euros previstos no orzamento do MITC.

6. Sector ou tema: construción e vivenda**8181 Estatística de construción de edificios**

Fins: obtención de datos relativos ás obras maiores de construción, rehabilitación e demolición de edificios, procedentes das licenzas concedidas polos concellos.

Organismos que interveñen: MTMA, institutos de estatística (Canarias, Galicia e Comunidade Foral de Navarra), consellerías/departamentos con competencia na materia das comunidades autónomas (Principado de Asturias, Castilla y León, Cataluña, Rexión de Murcia, País Vasco), áreas de fomento das delegacións de Goberno das comunidades autónomas.

Descrición xeral (principais variables): licenzas concedidas; edificios e vivendas coas súas características; superficie que se vai construír, rehabilitar e demoler; volume dos edificios que se van construír; localización, duración prevista e orzamento de execución material das obras; tipoloxía construtiva, materiais empregados, instalacións e enerxía; tipoloxía e características das obras de rehabilitación. Tipo de obra, clase de promotor, réxime legal de protección, destino das edificacións.

Colectivo: licenzas de obra maior concedidas polos concellos referidas a calquera modalidade de edificación.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 413,12 miles de euros previstos no orzamento do MTMA.

8182 Enquisa sobre a estrutura da industria da construción

Fins: coñecemento das principais variables económicas da industria da construción.

Organismos que interveñen: MTMA, Euskal Estatistika-Erakundea/Instituto Vasco de Estadística, INE.

Descrición xeral (principais variables): persoal e horas traballadas, custo de persoal, volume de negocio, produción realizada, subcontratas, consumos intermedios, variación de existencias, operacións de bens de capital, impostos, etc. Tamaño da empresa, rama de actividade (CNAE-2009). Por mostraxe.

Colectivo: empresas e persoas físicas (autónomos) do sector da construción.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 2.535,88 miles de euros previstos no orzamento do MTMA.

8183 Estatística de licitación oficial na construción

Fins: coñecemento da demanda de construción de obra pública realizada polas distintas administracións públicas.

Organismos que interveñen: MTMA, entidades públicas empresariais e sociedades mercantís estatais do MTMA.

Descrición xeral (principais variables): licitación por axente contratante, por forma de contratación, por tipoloxía de obra, por comunidades autónomas e licitación do Grupo Fomento. Axente contratante, forma de contratación, tipoloxía de obra, Grupo Fomento.

Colectivo: licitacións de obras publicadas polas distintas administracións públicas nos distintos boletíns oficiais.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 453,32 miles de euros previstos no orzamento do MTMA.

8184 Índices de producción da industria da construción

Fins: obter indicador económico de produción en construción.

Organismos que interveñen: MTMA, INE, Instituto de Estatística de Cataluña.

Descrición xeral (principais variables): valores de produción, consumos intermedios, valores de compra, soldos, salarios, empregados e horas traballadas. Tipoloxía de obra, rama de actividade e estado poboacional. Por mostraxe.

Colectivo: empresas do sector.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 2.595,49 miles de euros previstos no orzamento do MTMA.

8185 Enquisa de conxuntura industrial no sector da construción

Fins: coñecemento e seguimento cualitativo do sector da construción.

Organismos que interveñen: MITC.

Descrición xeral (principais variables): obra executada, cadro de persoal, carteira de pedidos, traballo asegurado, prezos, produción. Tipo de obra. Por mostraxe.

Colectivo: empresas do sector.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 245,52 miles de euros previstos no orzamento do MITC.

8186 Indicadores de custos da construción

Fins: obtención do índice de custos do sector construción. Deflactor produción en construción. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: MTMA, INE.

Descrición xeral (principais variables): diferentes rúbricas, segundo CNAE, que interveñen na construción (edificación e enxeñaría civil). Tipoloxía de obra e man de obra.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 27,63 miles de euros previstos no orzamento do MTMA.

8187 Estimación do parque de vivendas

Fins: estimación do parque de vivendas. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: MTMA.

Descrición xeral (principais variables): vivendas familiares. Tipo de vivenda.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 109,56 miles de euros previstos no orzamento do MTMA.

8188 Estatística de transaccións inmobiliarias

Fins: estimar o número de vivendas que foi obxecto de transacción de compravenda, clasificadas segundo tipoloxía de vivenda.

Organismos que interveñen: MTMA.

Descrición xeral (principais variables): transaccións efectuadas de vivenda libre nova e de segunda man e protexida nova e de segunda man, e valor declarado das transaccións de vivenda libre. Vivenda segundo tipo e antigüidade.

Colectivo: transaccións de vivendas recollidas ante notario a través de escritura pública.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 109,56 miles de euros previstos no orzamento do MTMA.

8189 Estatística de vivenda libre e protexida

Fins: proporcionar datos mensuais sobre o número de vivendas libres iniciadas e terminadas, sobre as distintas fases administrativas para a cualificación de vivendas protexidas, e sobre a rehabilitación protexida.

Organismos que interveñen: MTMA.

Descrición xeral (principais variables): vivendas libres iniciadas e terminadas. Número de solicitudes e cualificacións de vivenda protexida de nova construción e rehabilitación protexida. Tipoloxía das vivendas. Vivenda protexida de nova construción destinada á venda e ao arrendamento.

Colectivo: vivendas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 109,56 miles de euros previstos no orzamento do MTMA.

7. Sector ou tema: servizos (estadísticas xerais)**8201 Estatística estrutural de empresas: sector servizos**

Fins: coñecer as principais características estruturais e económicas das empresas do sector de servizos de mercado non financeiros

Organismos que interveñen: INE, Instituto de Estatística de Cataluña, facendas forais do País Vasco e Navarra, AEAT, Seguridade Social (MISM).

Descrición xeral (principais variables): persoal ocupado, cifra de negocios e outros ingresos, compras e consumos, gastos de persoal, impostos e investimentos. Desagregación por actividades segundo CNAE-2009 e tamaño das empresas.

Colectivo: empresas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 11.660,26 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8202 Estatística de produtos no sector servizos

Fins: investigar as características estruturais específicas das empresas cuxa actividade principal está incluída en diversas actividades do sector servizos.

Organismos que interveñen: INE, Instituto de Estatística de Cataluña.

Descrición xeral (principais variables): número de empresas, desagregación da cifra de negocios por produto e sector de actividade do cliente. Agrupacións da CNAE 2009: transporte, aloxamento, servizos informáticos, servizos audiovisuais, actividades xurídicas, de consultoría e asesoría económica, servizos técnicos de arquitectura e enxeñaría, servizos de publicidade e estudos de mercado, de selección e colocación de persoal, de axencias de viaxes e servizos industriais de limpeza. Por combinación de censo e mostraxe.

Colectivo: empresas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 291,21 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8203 Índice de produción do sector servizos

Fins: medición da evolución a curto prazo do valor engadido xerado polas ramas do sector servizos.

Organismos que interveñen: INE.

Descrición xeral (principais variables): aínda non determinadas. Por mostraxe.

Colectivo: empresas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 129,72 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8204 Indicadores de actividade do sector servizos

Fins: obter información mensual da actividade económica do sector servizos.

Organismos que interveñen: INE, AEAT.

Descrición xeral (principais variables): volume de negocios e número de empregados. Diferentes agrupacións de actividade e comunidades autónomas. Por mostraxe.

Colectivo: empresas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 15.231,34 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8. Sector ou tema: comercio interior e exterior

8221 Estatística estrutural de empresas: sector comercio

Fins: coñecer as principais características estruturais e económicas das empresas do sector comercio que inclúe a venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas (división 45 da CNAE-2009), o comercio grosista e intermediarios do comercio (división 46) e o comercio retalista (división 47).

Organismos que interveñen: INE, Instituto de Estatística de Cataluña, facendas forais do País Vasco e Navarra, AEAT, Seguridade Social (MISM).

Descrición xeral (principais variables): persoal ocupado, cifra de negocios e outros ingresos, compras e consumos, gastos de persoal, impostos e investimentos. Desagregación por actividades segundo CNAE-2009 e tamaño das empresas

Colectivo: empresas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 8.295,64 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8222 Estatística de produtos no sector comercio

Fins: investigar as principais características estruturais específicas das empresas do sector comercio.

Organismos que interveñen: INE, Instituto de Estadística de Cataluña.

Descrición xeral (principais variables): número de empresas, desagregación da cifra de negocios por produto e tipo de cliente. Agrupacións da CNAE 2009: venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas, comercio grosista e intermediarios do comercio e comercio retalista. Por combinación de censo e mostraxe.

Colectivo: empresas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 123,52 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8223 Índices de comercio retalista

Fins: obter información sobre a evolución do sector retalista.

Organismos que interveñen: INE, AEAT.

Descrición xeral (principais variables): volume de negocios e ocupación mensual. Agrupacións de produto, comunidades autónomas e modos de distribución. Por mostraxe.

Colectivo: empresas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 9.226,28 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8224 Estatística de venda de elaborados de tabaco a expendedorías na Península e Illas Baleares

Fins: coñecemento da distribución xeográfica do consumo de elaborados de tabaco na área do monopolio de distribución retalista.

Organismos que interveñen: MHAC.

Descrición xeral (principais variables): vendas en unidades físicas e peso e monetarias das diferentes clases de elaborados de tabaco.

Colectivo: empresas distribuidoras grosistas (excepto en Canarias, Ceuta e Melilla).

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 267,04 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

8225 Estatística de intercambio de bens entre Estados da UE (limiares de exención)

Fins: coñecemento en cantidade e valor dos bens obxecto do intercambio entre Estados membros da Unión Europea.

Organismos que interveñen: MHAC.

Descrición xeral (principais variables): introducións e expedicións de bens expresadas en valor, peso e unidades. Países de orixe ou destino da Unión Europea, código de mercadoría e fluxo. Por enumeración completa.

Colectivo: conxunto de operacións de comercio intracomunitario do período de referencia por riba dos limiares de exención.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 16.730,00 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

8226 Estatística de intercambio de bens entre Estados da UE (baixo o limiar de exención)

Fins: coñecemento do valor dos bens obxecto do intercambio entre Estados membros da Unión Europea.

Organismos que interveñen: MHAC.

Descrición xeral (principais variables): introducións e expedicións de bens en valor.

Colectivo: conxunto de operacións de comercio intracomunitario do período de referencia baixo o limiar de exención.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 1.862,00 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

8227 Estatística de comercio extracomunitario

Fins: coñecemento do valor e da cantidade dos bens obxecto da importación e exportación cos países non pertencentes á Unión Europea.

Organismos que interveñen: MHAC.

Descrición xeral (principais variables): importacións e exportacións en valor, peso e unidades. Países de orixe ou destino non pertencentes á Unión Europea, código de mercadoría e fluxo.

Colectivo: operacións de importación ou exportación.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 11.660,00 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

8228 Estatística do comercio exterior das comunidades autónomas

Fins: coñecemento do valor e da cantidade dos bens obxecto de intercambio das comunidades autónomas con todos os países do mundo. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: MHAC.

Descrición xeral (principais variables): intercambios de bens expresados en valor, peso e unidades de todos os países con cada unha das comunidades autónomas. Países de orixe ou destino, código de mercadoría, fluxo.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 70,80 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

8229 Enquisa de conxuntura da exportación

Fins: análise da conxuntura das exportacións españolas.

Organismos que interveñen: MITC, Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais (AEAT).

Descrición xeral (principais variables): carteira de pedidos estranxeiros; prezos e marxes de exportación; factores que afectan a actividade exportadora; contratación de persoal en actividades de exportación; grao de dedicación do cadro de persoal a tarefas de exportación. Ramas de actividade e valor de exportación. Por mostraxe.

Colectivo: empresas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 370,36 miles de euros previstos no orzamento do MITC.

8230 Enquisa sobre comercio internacional de servizos e outras operacións internacionais

Fins: obter información para a balanza de pagamentos de servizos, caracterizar as empresas que comercian internacionalmente servizos e servir de instrumento de avaliación da política comercial e das negociacións multilaterais derivadas do Acordo xeral sobre o comercio de servizos (AXCS).

Organismos que interveñen: INE, AEAT, Banco de España.

Descrición xeral (principais variables): importacións e exportacións de servizos non turísticos. Diferentes agrupacións de tipo de servizo e país ou área xeográfica de contrapartida. Por mostraxe.

Colectivo: unidades residentes en España (empresas e outras entidades) que realizan transaccións de comercio internacional de servizos.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 2.735,96 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8231 Índices de valor unitario para o comercio exterior

Fins: seguimento da evolución do valor, dos prezos e do volume de exportacións e importacións a partir dos datos sobre comercio exterior facilitados pola AEAT. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: METD, AEAT.

Descrición xeral (principais variables): valor unitario. Grupos de utilización, áreas xeográficas, Clasificación uniforme para o comercio internacional (CUCI Rev.4), Clasificación nacional de produtos ordenados por actividades (CNPA - 2008) e grandes sectores industriais.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 109,33 miles de euros previstos no orzamento do METD.

9. Sector ou tema: transporte e actividades conexas

8251 Estatística de transporte de viaxeiros

Fins: analizar a evolución do tráfico das empresas de transporte de viaxeiros.

Organismos que interveñen: INE, consellerías/departamentos con competencia na materia das comunidades autónomas, D.X. de Aviación Civil (MTMA) e Portos do Estado.

Descrición xeral (principais variables): viaxeiros transportados, persoal e ingresos. Tipos de transporte. Por combinación de censo e mostraxe.

Colectivo: empresas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 1.050,65 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8252 Estatística do parque nacional de vehículos

Fins: análise do número de vehículos en circulación, a súa composición e características técnicas.

Organismos que interveñen: MINT.

Descrición xeral (principais variables): vehículos. Tipo de vehículo, propulsión, potencia, ano de matriculación, carga no caso dos tipos de vehículos asociados ao transporte de mercadorías, número de prazas para os vehículos de transporte de viaxeiros e o número de rodas no caso de ciclomotores.

Colectivo: vehículos.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 394,30 miles de euros previstos no orzamento do MINT.

8253 Estatística do imposto especial sobre determinados medios de transporte

Fins: ofrecer información económica e tributaria contida nas propias declaracións clasificada desde distintas perspectivas: tipo de combustible, cilindrada, comunidade autónoma, tipos impositivos e tramos de base imponible, equivalente ao valor do vehículo no momento da súa adquisición.

Organismos que interveñen: MHAC (AEAT).

Descrición xeral (principais variables): valor vehículo (base imponible), prezo medio do vehículo sen imposto especial sobre determinados medios de transporte (IEDMT), prezo medio do vehículo con IEDMT, base imponible reducida, porcentaxe de redución, cota, cota a ingresar, emisión media de CO₂. Tipo de combustible, orixe, comunidade autónoma, tramos de base imponible, epígrafe, cilindrada, período.

Colectivo: a primeira matriculación definitiva en España de vehículos automóbiles e todoterreos novos ou usados accionados a motor.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 292,28 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

8254 Enquisa permanente de transporte de mercadorías por estrada

Fins: coñecemento dos fluxos do transporte de mercadorías por estrada e cumprimento dos requirimentos da Unión Europea (Regulamento (CE) nº 1172/98 do Consello, do 25 de maio de 1998).

Organismos que interveñen: MTMA.

Descrición xeral (principais variables): operacións de transporte (con carga e en baleiro), toneladas transportadas e toneladas/km producidas. Tipo de transporte, orixe e destino da operación, clase de mercadorías. Por mostraxe.

Colectivo: vehículos pesados de tracción-semanas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 2.843,81 miles de euros previstos no orzamento do MTMA.

8255 Estatística sobre transporte ferroviario

Fins: obter información sobre o transporte ferroviario a nivel nacional, para que a Comisión Europea poida realizar o seguimento da política común en transporte.

Organismos que interveñen: INE.

Descrición xeral (principais variables): tráfico de trens de mercadorías e pasaxeiros, volume de pasaxeiros e mercadorías transportadas, accidentalidade, infraestrutura ferroviaria, material de transporte ferroviario e gasto en investimento e mantemento. Por enumeración completa.

Colectivo: empresas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 103,00 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8256 Estatística sobre o transporte marítimo de mercadorías e pasaxeiros

Fins: información sobre o transporte de mercadorías e pasaxeiros efectuado por buques que fagan escala nos portos españois, para dar cumprimento á normativa comunitaria (Directiva 2009/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 6 de maio de 2009, sobre a relación estatística do transporte marítimo de mercadorías e pasaxeiros).

Organismos que interveñen: MTMA, consellerías/departamentos con competencia na materia das comunidades autónomas, autoridades portuarias.

Descrición xeral (principais variables): peso bruto das mercadorías en toneladas, número de pasaxeiros, número de buques, tonelaxe dos buques en arqueo bruto e contedores. Porto declarante, porto de carga e descarga, zona costeira marítima, tipo de cargamento e mercadorías e nacionalidade de rexistro de buque.

Colectivo: portos administrados polo Estado, comunidades autónomas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 568,40 miles de euros previstos no orzamento do MTMA.

8257 Estatística de tráfico nos aeroportos españois

Fins: información sobre o movemento en cada un dos aeroportos nacionais aberto ao tráfico aéreo.

Organismos que interveñen: MTMA.

Descrición xeral (principais variables): número de operacións, pasaxeiros, mercadorías. Aeroportos, pasaxeiros (regular, non regular), aeronaves (regular, non regular), mercadorías (regular, non regular), doméstico, UE, extra UE.

Colectivo: operacións (información detallada das características de cada aterraxe ou engalaxe).

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 49,56 miles de euros previstos no orzamento do MTMA.

8258 Estatísticas de tráfico de liñas aéreas regulares e non regulares, aeroportos e aeronaves para OACI

Fins: obtención de datos de tráfico aéreo de aeronaves, pasaxeiros, carga e correo en voos regulares de pagamento, voos non regulares de pagamento e voos sen remuneración das compañías aéreas españolas. Obtención de datos de frota e persoal das compañías aéreas españolas. obtención de datos económicos de compañías aéreas españolas con tráfico regular internacional. Obtención do número de aeronaves matriculadas en España.

Organismos que interveñen: MTMA.

Descrición xeral (principais variables): aeronaves na frota, capacidade e persoal das explotadoras, tráfico de aeronaves, pasaxeiros, carga e correo en voos regulares de pagamento, voos non regulares de pagamento e voos sen remuneración. Tipo de aeronave, persoal empregado segundo o período do ano, etapas de voo (interiores, internacionais), tipo de voo (regular, non regular).

Colectivo: voos regulares de pagamento, voos non regulares de pagamento e voos sen remuneración das compañías aéreas españolas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 362,31 miles de euros previstos no orzamento do MTMA.

10. Sector ou tema: **estadísticas de empresas e unidades de produción non referidas a sectores particulares**

8281 Explotación estatística do directorio central de empresas

Fins: proporcionar datos estruturais do número de empresas e locais existentes en España, así como ofrecer datos sobre a evolución temporal das empresas.

Organismos que interveñen: INE, Instituto de Estatística de Navarra, Eustat, facendas forais do País Vasco, AEAT, MTES.

Descrición xeral (principais variables): empresas e unidades locais. Condición xurídica, rama de actividade, estratos de asalariados.

Colectivo: empresas e unidades locais.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 401,95 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8282 Demografía harmonizada de empresas

Fins: proporcionar información agregada relativa á poboación de empresas implantadas no territorio nacional, tomando en consideración os aspectos vinculados ao dinamismo empresarial e aplicando unha metodoloxía acordada no ámbito da Unión Europea. Esta metodoloxía proporciona as directrices que permiten identificar poboacións e xerar indicadores relativos ao stock, nacementos, mortes e supervivencias de empresas, mediante unha explotación estatística harmonizada dos directorios de empresas xestionados nas oficinas de estatística. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: INE.

Descrición xeral (principais variables): stock de empresas activas, nacementos, supervivencias e mortes de empresas. Actividade económica, número de asalariados e forma legal.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 200,76 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8283 Estatística de empresas inscritas na Seguridade Social

Fins: obtención e difusión de datos relativos ás empresas inscritas na Seguridade Social e movementos de altas e baixas.

Organismos que interveñen: MTES, Tesouraría Xeral da Seguridade Social (MISM).

Descrición xeral (principais variables): empresas, traballadores, altas e baixas de inscrición. Actividade económica, tipo e tamaño da empresa, sexo.

Colectivo: empresas inscritas na Seguridade Social con traballadores en alta.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuadrinio 2021-2024: 132,64 miles de euros previstos no orzamento do MTES.

8284 Estatística de sociedades mercantís

Fins: información mensual e anual das sociedades creadas, sociedades disoltas e das modificacións de sociedades.

Organismos que interveñen: INE, Rexistro Mercantil Central e Colexio de Rexistradores da Propiedade e Mercantís de España (MJUS).

Descrición xeral (principais variables): número e capital social das sociedades constituídas, disoltas ou que modifican o seu capital. Estado da sociedade (constitución, aumento de capital, condición xurídica da sociedade, capital...).

Colectivo: sociedades mercantís.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuadrinio 2021-2024: 99,88 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8285 Indicadores de confianza empresarial

Fins: obter información mediante enquisas opináticas da evolución de determinadas variables económicas no tempo e das expectativas ou perspectivas no futuro.

Organismos que interveñen: INE, órganos centrais de estatística das comunidades autónomas.

Descrición xeral (principais variables): emprego, nivel de prezos, exportacións, investimento. Diferentes agrupacións de actividade e tamaños. Mediante sondaxes de opinión.

Colectivo: establecementos.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuadrinio 2021-2024: 932,96 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8286 Índice de cifra de negocios empresarial

Fins: medición da evolución no curto prazo da cifra de negocios dos sectores económicos non financeiros. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: INE, AEAT.

Descrición xeral (principais variables): cifra de negocios. Principais sectores económicos.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuadrinio 2021-2024: 41,33 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8287 Enquisa conxuntural sobre stocks e existencias

Fins: medición da evolución no curto prazo das existencias na industria e no comercio.

Organismos que interveñen: INE.

Descrición xeral (principais variables): valor do stock de existencias. Agrupación de actividade. Por mostraxe.

Colectivo: empresas e establecementos.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 149,29 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8288 Estatística de filiais de empresas españolas no exterior

Fins: investigar as principais características estruturais e económicas das empresas filiais e sucursais localizadas no exterior que son controladas por unha unidade en última instancia residente na economía española.

Organismos que interveñen: INE, D.X. de Comercio Internacional e Investimentos (MITC), Banco de España.

Descrición xeral (principais variables): cifra de negocios, número de persoas empregadas e número de empresas. Diferentes agrupacións da CNAE-2009 para a actividade das filiais e país de residencia das filiais.

Colectivo: empresas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 258,19 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8289 Estatística de filiais de empresas estranxeiras en España

Fins: estudar as principais características estruturais e económicas das empresas residentes en España controladas en última instancia por empresas estranxeiras.

Organismos que interveñen: INE, D. X. de Seguros e Fondos de Pensións (METD), MTMA, Banco de España.

Descrición xeral (principais variables): persoal ocupado, cifra de negocios, gastos de persoal, número de empresas, compras de bens e servizos, investimento bruto, valor engadido a custo dos factores, total gastos e ingresos de explotación e vendas de servizos. Diferentes agrupacións da CNAE-2009. Por combinación de censo e mostraxe.

Colectivo: empresas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 238,07 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8290 Estatística do rendemento de actividades económicas

Fins: describir as características máis destacables das pequenas e medianas empresas españolas sen forma societaria; descrición da demografía empresarial e a tributación por fontes de renda. Isto permite completar a visión das actividades realizadas mediante empresas con forma societaria.

Organismos que interveñen: MHAC (AEAT).

Descrición xeral (principais variables): a maioría das partidas que aparecen na declaración anual do IRPF e como novidade preséntase a tributación da actividade e o tipo atribuíble por modalidade de determinación do rendemento. Colectivo, tramos de idade, nacionalidade, sexo, agrupación de IAE, determinación do rendemento da actividade económica, fonte de renda, número de asalariados.

Colectivo: contribuíntes declarantes do IRPF que realizan actividades económicas nos termos previstos na súa normativa reguladora, artigo 27 da Lei de IRPF (empresarios autónomos ou empresarios persoas físicas).

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 304,13 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

8291 Estatística de vendas, emprego e salarios nas grandes empresas

Fins: medición da evolución das vendas, comercio exterior, emprego e salarios nas grandes empresas.

Organismos que interveñen: MHAC.

Descrición xeral (principais variables): vendas interiores, exportacións, importacións, perceptores de retribucións salariais e retribucións do traballo. Clasificación nacional de actividades económicas, CNAE-09.

Colectivo: grandes empresas (de acordo coa lexislación tributaria).

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 318,68 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

8292 Contas anuais no imposto sobre sociedades

Fins: ofrecer unha imaxe detallada do sector societario no seu conxunto a través de información referida á estrutura patrimonial e aos resultados das entidades declarantes clasificadas por colectivo empresarial, á comunidade autónoma en que declaran e ao sector a que pertencen.

Organismos que interveñen: MHAC (AEAT).

Descrición xeral (principais variables): as que aparecen directamente nos modelos de declaración e as que, sen apareceren directamente, se obteñen por simple agregación delas. Tipo de empresa, agrupación sectorial.

Colectivo: entidades declarantes do imposto sobre sociedades.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 219,27 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

8293 Resultados económicos e tributarios no IVE

Fins: o obxectivo final é analizar o imposto correspondente ao consumo final interior mediante a análise indirecta que proporcionan as súas declaracións-liquidacións. Isto é, o imposto correspondente á agregación dos valores engadidos incorporados á produción por todas as unidades económicas do sistema (unidades declarantes).

Organismos que interveñen: MHAC (AEAT).

Descrición xeral (principais variables): as que aparecen directamente nos modelos de declaración e as que, sen apareceren directamente, se obteñen por simple agregación delas. Tipo de entidade, tipo de actividade, clase, colectivo, sector, signo do resultado de liquidación.

Colectivo: axentes económicos suxeitos ao imposto sobre o valor engadido.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 275,43 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

8294 Contas anuais consolidadas do imposto de sociedades

Fins: ampliar a información dispoñible até agora a través das estatísticas de contas anuais no imposto sobre sociedades combinándoa co declarado a través do modelo 220.

Organismos que interveñen: MHAC (AEAT).

Descrición xeral (principais variables): as que aparecen directamente nos modelos de declaración e as que, sen apareceren directamente, se obteñen por simple agregación delas, así como os tipos efectivos dos colectivos e as súas desagregacións. Modelo de liquidación, tipo de entidade, cifra de negocios, agrupación sectorial, dimensión da empresa.

Colectivo: entidades declarantes do imposto sobre sociedades.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 109,64 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

11. Sector ou tema: financeiras e seguros**8311 Estatística de seguros privados**

Fins: obtención de información do sector asegurador, situación financeira e estado de solvencia das entidades que o integran.

Organismos que interveñen: METD.

Descrición xeral (principais variables): volume de negocios, sinistralidade, provisións técnicas, investimentos, capitais propios, resultados e solvencia. Forma xurídica, ramas de actividade.

Colectivo: empresas do sector.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 1.066,92 miles de euros previstos no orzamento do METD.

8312 Estatística de previsión social complementaria

Fins: coñecemento das características dos plans e fondos de pensións; evolución das contas de posición dos plans de pensións; situación económico-financeira dos fondos de pensións e entidades xestoras.

Organismos que interveñen: METD.

Descrición xeral (principais variables): achegas e prestacións dos plans de pensións, investimentos dos fondos de pensións, control patrimonial e de solvencia dos fondos de pensións e xestoras.

Colectivo: sociedades xestoras de plans e fondos de pensións.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 249,76 miles de euros previstos no orzamento do METD.

8313 Estatística do procedemento concursal

Fins: información trimestral e anual sobre os procedementos concursais das empresas.

Organismos que interveñen: MJUS (Colexio de Rexistradores da Propiedade e Mercantís de España).

Descrición xeral (principais variables): número de debedores concursados (persoas físicas ou xurídicas), tipo de concurso (voluntario, necesario ou consecutivo), clase de procedemento (ordinario, abreviado ou exprés).

Colectivo: debedores concursados.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 150,20 miles de euros previstos no orzamento do MJUS.

8314 Estatística de hipotecas

Fins: obter información sobre constituicións, ampliacións e cancelacións das hipotecas, e coñecer a evolución das execucións hipotecarias.

Organismos que interveñen: INE, Colexio de Rexistradores da Propiedade e Mercantís de España (MJUS).

Descrición xeral (principais variables): número de hipotecas sobre predios rústicos e urbanos (vivendas, soares e outras) e de execucións hipotecarias en proceso. Natureza do predio, capitais, tipos de xuro, entidades financeiras e anos.

Colectivo: predios hipotecados e certificacións por execución hipotecaria iniciadas, inscritas no Rexistro da Propiedade.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 99,75 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8315 Estatística sobre execucións hipotecarias

Fins: coñecer con carácter trimestral a evolución das execucións hipotecarias distinguindo segundo a natureza dos predios, como aproximación á análise dos alzamentos e desafiuzamentos.

Organismos que interveñen: INE, Colexio de Rexistradores da Propiedade e Mercantís de España (MJUS).

Descrición xeral (principais variables): número de execucións hipotecarias en proceso. Natureza do predio.

Colectivo: certificacións por execución hipotecaria iniciadas e inscritas no rexistro da propiedade correspondente.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 102,42 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8316 Estatística de transmisión de dereitos da propiedade

Fins: obter información sobre transmisión de dereitos da propiedade.

Organismos que interveñen: INE, Colexio de Rexistradores da Propiedade e Mercantís de España (MJUS).

Descrición xeral (principais variables): número de transmisións de dereitos da propiedade sobre predios rústicos e urbanos. Natureza do predio, título de adquisición, compravenda de vivendas segundo réxime e estado.

Colectivo: transmisións de dereitos da propiedade inscritos nos rexistros da propiedade.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 98,83 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8317 Estatística de mediación de seguros e reaseguros privados

Fins: elaboración e publicación de estatísticas de mediación de seguros e reaseguros privados.

Organismos que interveñen: METD.

Descrición xeral (principais variables): volume total de produción ramos de non vida, volume total de produción ramo de vida, nova produción ramos de non vida, nova produción ramo de vida. Ramos, primas, comisións e honorarios profesionais.

Colectivo: corredores de seguros e de reaseguros, axentes de seguros vinculados e operadores de banca-seguros vinculados.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 152,88 miles de euros previstos no orzamento do METD.

12. Sector ou tema: prezos

8341 Índice de prezos de consumo (IPC)

Fins: medición da evolución dos prezos de consumo mediante a obtención de índices sintéticos de distinto nivel de agregación.

Organismos que interveñen: INE, AEAT.

Descrición xeral (principais variables): prezos de consumo por tipos de gastos. Por mostraxe.

Colectivo: bens e servizos de consumo adquiridos, dentro e fóra do territorio económico, polos fogares residentes.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuadrenio 2021-2024: 34.313,68 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8342 Índice de prezos de consumo harmonizado (IPCH)

Fins: harmonización da medición da evolución dos prezos de consumo na Unión Europea.

Organismos que interveñen: INE, AEAT, Eurostat.

Descrición xeral (principais variables): prezos de consumo por tipos de gasto. Por mostraxe.

Colectivo: bens e servizos de consumo adquiridos no territorio económico español polos fogares residentes e non residentes.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuadrenio 2021-2024: 245,48 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8343 Enquisa de paridades do poder adquisitivo (PPA)

Fins: realizar a comparación espacial entre países do nivel de prezo dos agregados do PIB.

Organismos que interveñen: INE, Eurostat, país coordinador (Instituto de Estatística de Portugal).

Descrición xeral (principais variables): prezos de consumo e salarios de determinados empregos. Desagregación xeográfica por países e funcional do PIB, desde o punto de vista do gasto. Por mostraxe.

Colectivo: establecementos.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuadrenio 2021-2024: 903,61 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8344 Prezos conxunturais de produtos agrícolas

Fins: obtención de prezos medios ponderados diarios ou semanais en mercados representativos para determinados produtos (cereais, viño, aceites, froitas e hortalizas, etc.), con especificación de posición comercial, variedades/tipo e calibres, segundo produtos.

Organismos que interveñen: MAPA, consellerías/departamentos con competencia na materia das comunidades autónomas.

Descrición xeral (principais variables): prezos e/ou cantidades comercializadas en mercados grosistas, adegas, muíños de aceite, saída de organización de produtores de froitas e hortalizas (OPFH) ou empresa comercial, para os distintos produtos, en mercados representativos, sen IVE. Produtos, variedades/tipoloxía, posición comercial, en mercados representativos.

Colectivo: entidades relacionadas coa actividade agraria e empresas ou establecementos industriais e comerciais.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 1.308,09 miles de euros previstos no orzamento do MAPA.

8345 Prezos conxunturais de produtos gandeiros

Fins: obtención de prezos medios ponderados semanais ou mensuais en mercados representativos para determinados produtos (gando vivo/canal de vacún, ovino, porcino; así como de polos, ovos, coellos, e determinados produtos: lácteos, mel, etc.), con especificación de posición comercial, tipoloxía, etc., segundo produtos, sen IVE.

Organismos que interveñen: MAPA, consellerías/departamentos con competencia na materia das comunidades autónomas.

Descrición xeral (principais variables): prezos e/ou cantidades comercializadas dos distintos produtos gandeiros, en mercados representativos. Produtos, tipoloxía, posición comercial, en mercados representativos.

Colectivo: entidades relacionadas coa actividade agraria e empresas ou establecementos industriais e comerciais.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 1.119,19 miles de euros previstos no orzamento do MAPA.

8346 Prezos medios nacionais

Fins: obtención de prezos medios ponderados, a nivel nacional, dos produtos agrícolas e gandeiros de maior relevancia, na posición comercial máis próxima ao agricultor/gandeiro.

Organismos que interveñen: MAPA, consellerías/departamentos con competencia na materia de todas as comunidades autónomas.

Descrición xeral (principais variables): prezos. Tipo de produto.

Colectivo: agricultores/gandeiros, entidades relacionadas coa actividade agraria e empresas ou establecementos industriais e comerciais.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 390,84 miles de euros previstos no orzamento do MAPA.

8347 Estatísticas mensuais e anuais de prezos e salarios agrarios

Fins: obtención de prezos medios ponderados mensuais e anuais percibidos polos agricultores como primeiras vendas de produtos agrarios, produtos e servizos adquiridos polo agricultor como medios de produción, e salario medio ponderado por categorías, dos traballadores asalariados, tanto fixos como eventuais, para información do mercado.

Organismos que interveñen: MAPA, consellerías/departamentos con competencia na materia das comunidades autónomas.

Descrición xeral (principais variables): prezos medios mensuais e anuais; índices de prezos mensuais, anuais e anuais móbiles; para o conxunto dos produtos agrarios e para os grupos de produtos máis significativos, servizos de uso corrente e bens de investimento. Tipos de produtos e/ou servizos.

Colectivo: explotacións agrarias e entidades relacionadas coa actividade agraria, seleccionadas segundo representatividade e empresas comerciais ou industriais.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 1.294,49 miles de euros previstos no orzamento do MAPA.

8348 Prezos medios anuais das terras de uso agrario

Fins: obtención de prezos medios das terras de uso agrario por comunidades autónomas para diversos tipos de aproveitamento, para información do mercado. Cumprimento do 'acordo de cabaleiros' establecido por escrito coa Unión Europea.

Organismos que interveñen: MAPA, consellerías/departamentos con competencia na materia de todas as comunidades autónomas.

Descrición xeral (principais variables): prezos. Aproveitamento das terras.

Colectivo: lugares.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 120,23 miles de euros previstos no orzamento do MAPA.

8349 Canons anuais de arrendamentos rústicos

Fins: obtención de canons de arrendamentos por comunidades autónomas para diversos tipos de aproveitamento das terras. Cumprimento do 'acordo de cabaleiros' establecido por escrito coa Unión Europea.

Organismos que interveñen: MAPA, consellerías/departamentos con competencia na materia de todas as comunidades autónomas.

Descrición xeral (principais variables): canons. Aproveitamento da terra.

Colectivo: zonas ou lugares.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 107,48 miles de euros previstos no orzamento do MAPA.

8350 Índices de prezos industriais

Fins: medición da evolución dos prezos dos produtos industriais salvo construción, na primeira etapa de comercialización (mercado interior).

Organismos que interveñen: INE.

Descrición xeral (principais variables): prezos. Ramas de actividade (CNAE-2009) e grandes sectores industriais (GSI). Por mostraxe.

Colectivo: produtos industriais fabricados e vendidos no mercado interior.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 4.861,70 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8351 Índices de prezos de exportación e de importación de produtos industriais

Fins: medir a evolución mensual dos prezos dos produtos industriais vendidos no mercado exterior (prezos de exportación), así como dos produtos industriais procedentes do resto do mundo (prezos de importación).

Organismos que interveñen: INE, AEAT.

Descrición xeral (principais variables): prezos. Ramas de actividade (CNAE-2009) e grandes sectores industriais (GSI). Por mostraxe.

Colectivo: produtos industriais importados. Produtos industriais fabricados no mercado interior e vendidos no mercado exterior.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 3.285,08 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8352 Índices de prezos de materiais e enerxía e índices nacionais da man de obra

Fins: obter os índices de prezos dos distintos materiais que se utilizan nas fórmulas tipo, para aplicar ás cláusulas de revisión de prezos que figuran nos contratos das administracións públicas.

Organismos que interveñen: INE, MAPA, MHAC.

Descrición xeral (principais variables): prezos de venda, sen incluír o IVE facturado, de distintos materiais empregados na elaboración dos índices de prezos das fórmulas de revisión de prezos dos contratos do sector público; o 85 por cento da variación mensual do IPC para os índices nacionais da man de obra.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 20,46 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8353 Índice de prezos da vivenda (IPV)

Fins: obter información sobre a evolución dos prezos das vivendas compradas.

Organismos que interveñen: INE, Consello Xeral do Notariado (MJUS).

Descrición xeral (principais variables): prezos de transacción das vivendas. Tipo de vivenda.

Colectivo: vivendas obxecto de transacción.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 259,12 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8354 Estatística de prezos do solo

Fins: estimar o prezo medio do metro cadrado de solo urbano.

Organismos que interveñen: MTMA.

Descrición xeral (principais variables): prezo medio do metro cadrado de solo urbano. Tamaño de municipio e tamaño do soar.

Colectivo: soar urbano rexistrado.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 267,20 miles de euros previstos no orzamento do MTMA.

8355 Estatística de valor taxado de vivenda

Fins: obter información sobre a evolución dos prezos das vivendas. Estimar o prezo da vivenda libre e protexida.

Organismos que interveñen: MTMA.

Descrición xeral (principais variables): variación do valor medio das vivendas taxadas. Valor medio do metro cadrado da vivenda de até 5 anos de antigüidade e de máis de 5 anos de antigüidade, tanto para vivenda libre como protexida. Zonas xeográficas (provincia, áreas urbanas, municipio, código postal), antigüidade da vivenda e tipoloxía da vivenda (unifamiliar ou en bloque). Por enumeración completa.

Colectivo: vivendas taxadas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 109,56 miles de euros previstos no orzamento do MTMA.

8356 Índices de prezos do sector servizos

Fins: medir a evolución dos prezos aplicados no sector servizos, na primeira etapa de comercialización.

Organismos que interveñen: INE.

Descrición xeral (principais variables): prezos. Diferentes agrupacións de actividade da CNAE-2009. Por mostraxe.

Colectivo: servizos prestados tanto no mercado interior como no exterior.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 1.005,00 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8357 Índice de prezos do transporte

Fins: seguimento da tendencia do prezo por quilómetro percorrido en transporte público.

Organismos que interveñen: MTMA.

Descrición xeral (principais variables): índice de prezos. Distancia do percorrido. Por mostraxe.

Colectivo: vehículos pesados de tracción-semanas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 48,63 miles de euros previstos no orzamento do MTMA.

8358 Índice de prezos do traballo

Fins: medición da evolución dos prezos da man de obra e obtención de índices de distinto nivel de agregación. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: INE.

Descrición xeral (principais variables): prezos da man de obra aproximados polo salario/hora segundo distintas características dos traballadores. Actividade económica segundo a CNAE-2009, sexo, intervalos de idade, ocupación segundo a CNO-2011, tipo de contrato, nacionalidade (española e resto de nacionalidades), antigüidade.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 24,13 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8359 Índices de prezos de aloxamentos turísticos

Fins: obtención dun indicador mensual que mida a evolución dos prezos do aloxamento hoteleiro, medido desde o punto de vista da oferta.

Organismos que interveñen: INE.

Descrición xeral (principais variables): prezos dos cuartos dobres con baño, sen incluír o almuerzo nin outros servizos, nin o IVE. Tipo de cliente e canles de venda (tour operador tradicional, axencia de viaxes tradicional, empresas, particulares, grupos, contratación directa na web, tour operador en liña, axencia de viaxes en liña). Por mostraxe.

Colectivo: cuartos dobres con baño.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 291,73 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8360 Estatística de prezos públicos universitarios

Fins: coñecer os prezos públicos que se establecen cada ano para as ensinanzas universitarias.

Organismos que interveñen: MUNI, consellerías/departamentos con competencia na materia das comunidades autónomas, universidades.

Descrición xeral (principais variables): prezos públicos segundo experimentalidade dos estudos e número de convocatoria. Estudo e experimentalidade.

Colectivo: prezos públicos de estudos universitarios en universidades públicas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 213,28 miles de euros previstos no orzamento do MUNI.

8361 Información sobre prezos de carburantes en estacións de servizo

Fins: informar coa máxima transparencia sobre os prezos de venda ao público dos carburantes nas estacións de servizo de España, mediante información detallada, actualizada e ben organizada.

Organismos que interveñen: MTED.

Descrición xeral (principais variables): prezo medio mensual de venda ao público por litro das gasolinas e os gasóleos de automoción. Carburante (gasolinas 95 ou gasóleo A), mes, ano. Por enumeración completa.

Colectivo: estacións de servizo de España.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 276,00 miles de euros previstos no orzamento do MTED.

8362 Estatística de información sobre prezos de importación de cru

Fins: informar coa máxima transparencia sobre os prezos e volumes de importación de cru de petróleo.

Organismos que interveñen: MTED, Corporación de Reservas Estratéxicas de Produtos Petrolíferos (CORES).

Descrición xeral (principais variables): prezo medio mensual das importacións de cru en España en forma de prezo CIF (\$/barril de petróleo ou \$/tonelada de petróleo) e o volume total mensual importado de petróleo cru (en toneladas ou en barrís de petróleo). Tipo de petróleo cru, áreas xeográficas (país de orixe). Por enumeración completa.

Colectivo: empresas importadoras de cru.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 92,00 miles de euros previstos no orzamento do MTED.

8363 Índice de prezos de vivenda en alugamento (IPVA) (en proxecto)

Fins: medir a evolución anual das vivendas en alugamento.

Organismos que interveñen: INE, AEAT, Dirección Xeral do Catastro (MHAC), organismos do País Vasco (Facendas forais, Eustat...) e da Comunidade Foral de Navarra (Consellería de Facenda, Nastat...).

Descrición xeral (principais variables): prezos de alugamento das vivendas para uso residencial. Tipo de vivenda.

Colectivo: vivendas alugadas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 80,00 miles de euros previstos no orzamento do INE.

13. Sector ou tema: mercado laboral e salarios

8391 Enquisa de poboación activa (EPA)

Fins: obtención de resultados sobre os ocupados, os parados e os inactivos. A enquisa de poboación activa (EPA) dá cumprimento ao establecido no Regulamento (CE) n° 577/98 do Consello, do 9 de marzo de 1998, relativo á organización dunha enquisa mostral sobre a poboación activa na Comunidade, posto que a EPA contén a enquisa comunitaria de forza de traballo (ECFT) da Unión Europea.

Organismos que interveñen: INE, AEAT, Tesouraría Xeral da Seguridade Social (MISM), facendas forais de Navarra e País Vasco, Instituto de Estatística de Navarra, Instituto Galego de Estatística, órganos centrais de estatística das comunidades autónomas, Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE), Muxexu e Isfas.

Descrición xeral (principais variables): relación coa actividade. Idade, sexo, estado civil, nacionalidade, estudos, rama de actividade, ocupación, situación profesional, tipo de contrato, horas traballadas. Por mostraxe.

Colectivo: fogares familiares e persoas residentes no fogar familiar principal.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 43.505,57 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8392 Enquisa comunitaria de forza de traballo (ECFT)

Fins: obtención de resultados sobre a forza de traballo de forma coordinada nos países da Unión Europea, para dar cumprimento á regulamentación da Unión Europea.

Organismos que interveñen: INE, AEAT, Secretaría de Estado da Seguridade Social e Pensións (MISM), facendas forais do País Vasco, institutos de estatística (Canarias, Illes Balears, Galicia, Navarra), Eurostat.

Descrición xeral (principais variables): relación coa actividade. Idade, sexo, estado civil, estudos, nacionalidade, ocupación, actividade, situación profesional, características do emprego. Por mostraxe.

Colectivo: fogares familiares e persoas residentes en fogar familiar principal.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 624,15 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8393 Proxeccións de taxas de actividade

Fins: satisfacer a demanda deste indicador no ámbito internacional e nacional. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: INE.

Descrición xeral (principais variables): relación coa actividade económica remunerada, segundo a definición da Organización Internacional do Traballo (OIT). Sexo, idade.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 33,47 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8394 Fluxos da poboación activa

Fins: seguimento da poboación ou de grupos particulares dela ao longo do tempo, no referente á súa relación co mercado laboral, mediante a explotación especial dos ficheiros da EPA.

Organismos que interveñen: INE, Instituto Galego de Estatística.

Descrición xeral (principais variables): cambio respecto á actividade económica. Idade, sexo, nivel de formación alcanzado, nacionalidade, situación profesional dos ocupados, grandes grupos ocupacionais, sector de actividade, tipo de contrato. Por mostraxe.

Colectivo: persoas de 16 ou máis anos que residen en vivendas familiares principais.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 68,86 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8395 Enquisa anual laboral

Fins: obtención de información sobre medidas de adaptación das empresas ante cambios nas circunstancias económicas, medidas de flexibilidade interna aplicadas nas empresas, necesidades formativas observadas e previsións empresariais.

Organismos que interveñen: MTES.

Descrición xeral (principais variables): reacción ante cambios na demanda, medidas de flexibilidade interna, medidas colectivas, desenvolvemento de medidas en materia de flexibilidade laboral, necesidades formativas e formación, previsións empresariais. Tamaño segundo o número de traballadores, actividade económica do centro. Por mostraxe.

Colectivo: empresas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 1.202,40 miles de euros previstos no orzamento do MTES.

8396 Estatística de autorizacións de traballo a estranxeiros

Fins: obtención e difusión de datos relacionados coas autorizacións de traballo de estranxeiros que desexan desenvolver unha actividade laboral en España.

Organismos que interveñen: MTES, delegacións e subdelegacións do Goberno, Secretaría Xeral de Coordinación Territorial (MTFP), Secretaría de Estado de Migracións (MISM).

Descrición xeral (principais variables): autorizacións de traballo concedidas e denegadas. Clase de autorización, dependencia laboral, sexo, idade, país de nacionalidade do solicitante, duración, actividade e ocupación.

Colectivo: autorizacións de traballo, concedidas e denegadas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 191,44 miles de euros previstos no orzamento do MTES.

8397 Estatística de cooperativas constituídas

Fins: obtención e difusión de datos relativos ás sociedades cooperativas que se constitúen no período e socios iniciais que as compoñen.

Organismos que interveñen: MTES, consellerías/departamentos con competencia na materia de todas as comunidades autónomas.

Descrición xeral (principais variables): cooperativas constituídas e socios iniciais que as compoñen. Ámbito territorial, clase de cooperativa, actividade económica, sexo socios iniciais.

Colectivo: cooperativas constituídas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 41,72 miles de euros previstos no orzamento do MTES.

8398 Estatística de sociedades laborais rexistradas

Fins: obtención e difusión de datos relativos a sociedades laborais que se constitúen no período e socios iniciais que as compoñen.

Organismos que interveñen: MTES, consellerías/departamentos con competencia na materia de todas as comunidades autónomas.

Descrición xeral (principais variables): sociedades laborais rexistradas e socios iniciais delas. Actividade económica, tipo de socios, sexo.

Colectivo: sociedades laborais rexistradas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 41,72 miles de euros previstos no orzamento do MTES.

8399 Estatística de sociedades cooperativas e sociedades laborais inscritas na Seguridade Social

Fins: obtención e difusión de datos relativos a sociedades cooperativas e laborais inscritas na Seguridade Social e aos seus traballadores.

Organismos que interveñen: MTES, Tesouraría Xeral da Seguridade Social (MISM).

Descrición xeral (principais variables): sociedades cooperativas e laborais e os seus traballadores. Sociedades cooperativas: nº de sociedades, centros de cotización, tamaño da sociedade, ano de alta na Seguridade Social, sector e sección de actividade e distribución dos seus traballadores segundo estas variables. Sociedades laborais: nº de sociedades, tipos de sociedade, centros de cotización, tamaño da sociedade, ano de alta na Seguridade Social, sector e sección de actividade e distribución dos seus traballadores segundo estas variables.

Colectivo: sociedades cooperativas e laborais e traballadores.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 173,84 miles de euros previstos no orzamento do MTES.

8400 Estatística de empresas de traballo temporal

Fins: obtención e difusión de datos que permitan avaliar e analizar globalmente a actividade desenvolvida polas empresas de traballo temporal, así como as características destas e das empresas usuarias.

Organismos que interveñen: MTES, consellerías/departamentos con competencia na materia de todas as comunidades autónomas, Tesouraría Xeral da Seguridade Social (MISM).

Descrición xeral (principais variables): empresas de traballo temporal, contratos de posta á disposición, cesións de traballadores. Ámbito territorial de autorización das ETT, actividade económica e suposto de utilización do contrato de posta á disposición.

Colectivo: empresas de traballo temporal.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 199,36 miles de euros previstos no orzamento do MTES.

8401 Estatística do movemento laboral rexistrado

Fins: obtención e difusión de datos sobre o movemento laboral rexistrado nos servizos públicos de emprego.

Organismos que interveñen: MTES, consellerías/departamentos con competencia na materia das comunidades autónomas.

Descrición xeral (principais variables): demandas de emprego (parados rexistrados e non parados), contratos rexistrados, ofertas e colocacións. Idade, sexo, tipo de contrato, tipo de xornada, duración, actividade económica, ocupación e estudos, causas de exclusión do paro rexistrado, antigüidade da inscrición.

Colectivo: demandantes de emprego, postos ofertados, contratos rexistrados.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 1.117,38 miles de euros previstos no orzamento do MTES.

8402 Estatística de afiliación de traballadores á Seguridade Social

Fins: obtención e difusión de datos sobre traballadores afiliados e movementos de altas e baixas de afiliación ao sistema da Seguridade Social.

Organismos que interveñen: MISM.

Descrición xeral (principais variables): afiliados, altas e baixas de afiliación. Réxime da Seguridade Social, sexo, idade actividade económica, nacionalidade, tipo de contrato e dependencia laboral, sector institucional, segundo criterio TXSS.

Colectivo: traballadores afiliados á Seguridade Social.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 989,84 miles de euros previstos no orzamento do MISM.

8403 Estatística de persoas traballadoras por conta propia afiliadas á Seguridade Social

Fins: obtención e difusión de datos sobre persoas traballadoras autónomas afiliadas aos distintos réximes da Seguridade Social.

Organismos que interveñen: MTES, Tesouraría Xeral da Seguridade Social (MISM).

Descrición xeral (principais variables): persoas traballadoras por conta propia afiliadas á Seguridade Social, incluídas as persoas traballadoras autónomas propiamente ditas. Na difusión trimestral: réxime da Seguridade Social, sexo, idade, actividade económica, nacionalidade, situación profesional, antigüidade, base de cotización. Na difusión mensual: comparativo anual e mensual; porcentaxe de variación de actividade económica. Colectivos incentivados..

Colectivo: traballadores afiliados á Seguridade Social.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 169,60 miles de euros previstos no orzamento do MTES.

8404 Estatística de regulación de emprego

Fins: obtención e difusión de datos relacionados coas medidas de regulación de emprego.

Organismos que interveñen: MTES, consellerías/departamentos con competencia na materia de todas as comunidades autónomas.

Descrición xeral (principais variables): procedementos, empresas e traballadores afectados, días de suspensión, horas de redución. Causas alegadas, actividade económica, tamaño da empresa, sexo, finalidade do procedemento.

Colectivo: empresas sometidas a regulación de emprego.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 237,36 miles de euros previstos no orzamento do MTES.

8405 Estatística de apoio á creación de emprego

Fins: obtención e difusión de datos relacionados cos programas de apoio á creación de emprego.

Organismos que interveñen: MTES, consellerías/departamentos con competencia na materia de todas as comunidades autónomas.

Descrición xeral (principais variables): beneficiarios, importe da axuda. Programa, tipo de axuda e, nalgúns casos, idade e sexo dos beneficiarios e actividade económica.

Colectivo: axudas concedidas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 77,44 miles de euros previstos no orzamento do MTES.

8406 Estatística de mediación, arbitraje e conciliación laboral

Fins: obtención e difusión de datos relacionados coas mediacións e conciliacións (individuais ou colectivas) e conciliacións individuais terminadas en despedimento.

Organismos que interveñen: MTES, servizos de mediación, arbitraje e conciliación das consellerías/departamentos con competencia na materia de todas as comunidades autónomas.

Descrición xeral (principais variables): conciliacións individuais, conciliacións colectivas, mediacións, empresas e traballadores afectados e cantidades acordadas por conciliacións. Actividade económica, motivación da reclamación, forma de resolución.

Colectivo: asuntos terminados nas unidades de mediación, arbitraje e conciliación.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 190,28 miles de euros previstos no orzamento do MTES.

8407 Estatística de convenios colectivos de traballo

Fins: obtención e difusión dos resultados máis relevantes dos convenios colectivos, así como información sobre o proceso de negociación colectiva.

Organismos que interveñen: MTES, MISM, consellerías/departamentos con competencia na materia de todas as comunidades autónomas.

Descrición xeral (principais variables): convenios (asinados e con efectos económicos), traballadores beneficiados, empresas afectadas, variación salarial pactada e revisada, cláusulas de garantía salarial e xornada laboral media pactada. Convenios asinados e os seus traballadores con información sobre cláusulas cualitativas (horas extraordinarias, complementos de prestacións sociais, formación, salariais, xubilación, etc.). Ámbito funcional do convenio, composición da mesa negociadora nos convenios asinados e actividade económica. Inaplicacións de convenios e traballadores afectados, procedemento de inaplicación, condicións de traballo inaplicadas, ámbito funcional do convenio inaplicado, tamaño da empresa que realiza a inaplicación e sector de actividade económica.

Colectivo: convenios colectivos de traballo.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 561,76 miles de euros previstos no orzamento do MTES.

8408 Estatística de folgas e peches patronais

Fins: obtención e difusión de datos sobre folgas e peches patronais aplicando as definicións establecidas pola Organización Internacional do Traballo e repercusión territorial dos conflitos.

Organismos que interveñen: MTES, MISM, consellerías/departamentos con competencia na materia de todas as comunidades autónomas.

Descrición xeral (principais variables): folgas, peches patronais, centros de traballo e traballadores convocados e implicados, participantes e xornadas non traballadas, días de duración. Actividade económica, sector institucional, clase de convenio colectivo, motivación, organización convocante, nivel de incidencia.

Colectivo: folgas ou peches patronais.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 233,76 miles de euros previstos no orzamento do MTES.

8409 Estatística de accidentes de traballo

Fins: obtención e difusión de datos sobre accidentes de traballo.

Organismos que interveñen: MTES, consellerías/departamentos con competencia na materia de todas as comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía, entidades xestoras e colaboradoras da Seguridade Social.

Descrición xeral (principais variables): accidentes de traballo, días de duración das baixas, gravidade do accidente, recaídas, accidentes sen baixa. Actividade económica do centro, ocupación do traballador, lugar do accidente, tipo de contrato, tipo de lugar, tipo de traballo, actividade física específica, desviación, axente desviación forma - contacto, axente forma - contacto, tipo de lesión sufrida polo accidentado, parte do corpo lesionada, causa da alta, tamaño da empresa, sexo e idade do traballador, antigüidade no posto de traballo.

Colectivo: accidentes de traballo, días de duración das baixas, índices.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuadrienio 2021-2024: 397,04 miles de euros previstos no orzamento do MTES.

8410 Estatística de enfermidades profesionais

Fins: obtención e difusión de datos sobre enfermidades profesionais, a través do sistema CEPROSS, segundo o Real decreto 1299/2006, do 10 de novembro, e a Orde TAS 1/2007, do 2 de xaneiro, polos que se establecen o novo cadro de enfermidades profesionais e os criterios para a súa notificación e rexistro.

Organismos que interveñen: MISM, entidades xestoras e colaboradoras da Seguridade Social, consellerías/departamentos con competencia na materia de todas as comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía.

Descrición xeral (principais variables): enfermidades profesionais con baixa médica e sen baixa médica. Actividade económica, ocupación do traballador, sexo e idade, tipo de enfermidade e axentes causantes, e outras non definidas.

Colectivo: enfermidades profesionais.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuadrienio 2021-2024: 167,08 miles de euros previstos no orzamento do MISM.

8411 Estatística do emprego das persoas con discapacidade

Fins: coñecer a situación das persoas con discapacidade e a súa integración no mercado laboral.

Organismos que interveñen: INE, Instituto de Maiores e Servizos Sociais (Imsero), Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade (Cermi), Fundación ONCE, D.X. de Políticas de Discapacidade (MDSA), INSS, Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Descrición xeral (principais variables): relación coa actividade da poboación que solicitou unha valoración do grao de discapacidade. Idade, sexo, tipo de discapacidade, grao de discapacidade, tipoloxía do fogar.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuadrienio 2021-2024: 267,38 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8412 Estatística do salario das persoas con discapacidade

Fins: analizar a ganancia anual dos traballadores con discapacidade e facelo en termos comparativos cos traballadores sen discapacidade.

Organismos que interveñen: INE, Instituto de Maiores e Servizos Sociais (Imsero), Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade (Cermi), Fundación ONCE, D.X. de Políticas de Discapacidade (MDSA), Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), facendas forais de Navarra e País Vasco, Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Descrición xeral (principais variables): salarios anuais. Idade, sexo, tipo de discapacidade, grao de discapacidade, ocupación, tipo de contrato, tipo de xornada.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 145,81 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8413 Estatística de mobilidade laboral e xeográfica

Fins: analizar a empregabilidade das persoas e a súa dispoñibilidade a cambiar de residencia. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: INE.

Descrición xeral (principais variables): relación coa actividade, tempo de residencia no municipio. Sexo, idade, mobilidade laboral, etc.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 16,88 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8414 Estatística de mobilidade do mercado de traballo nas fontes tributarias

Fins: analizar as altas, baixas e permanencias no emprego asalariado, tanto desde a óptica da mobilidade xeográfica como da mobilidade sectorial dos traballadores.

Organismos que interveñen: MHAC (AEAT).

Descrición xeral (principais variables): número de asalariados e o seu salario. Sexo, idade, nacionalidade, sector de actividade.

Colectivo: asalariados cuxas percepcións están declaradas na clave A (empregados por conta allea en xeral), que inclúe todas aquelas percepcións, en diñeiro ou en especie, que fosen satisfeitas pola persoa ou entidade declarante en concepto de rendementos do traballo.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 247,97 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

8415 Enquisa cuadrienal de custo laboral

Fins: estimación do custo da man de obra e os seus compoñentes segundo as tabulacións determinadas por Eurostat.

Organismos que interveñen: INE, Tesouraría Xeral da Seguridade Social (MISM), Eurostat.

Descrición xeral (principais variables): custo da man de obra por conceptos, tempo de traballo. Tamaño do establecemento por número de traballadores, ramas de actividade.

Colectivo: contas de cotización á Seguridade Social.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 9,42 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8416 Enquisa anual de custo laboral

Fins: estimación do custo anual da man de obra e os seus compoñentes.

Organismos que interveñen: INE, Tesouraría Xeral da Seguridade Social (MISM).

Descrición xeral (principais variables): custo da man de obra por conceptos. Tamaño do establecemento por número de traballadores, ramas de actividade. Por mostraxe.

Colectivo: contas de cotización á Seguridade Social.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 2.769,46 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8417 Enquisa trimestral de custo laboral (ETCL)

Fins: estudar a evolución a curto prazo do custo laboral e os seus compoñentes máis importantes, prestando unha especial atención aos salarios.

Organismos que interveñen: INE, Tesouraría Xeral da Seguridade Social (MISM).

Descrición xeral (principais variables): soldos e salarios, cotizacións sociais, horas traballadas. Sectores e ramas de actividade, tamaños das unidades e tipo de xornada. Por mostraxe.

Colectivo: contas de cotización á Seguridade Social.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 14.333,72 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8418 Índice de custo laboral harmonizado

Fins: estimación dos índices de custos laborais mediante unha metodoloxía común para toda a Unión Europea. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: INE, MHAC, Eurostat.

Descrición xeral (principais variables): custo laboral total, custo salarial, cotizacións sociais obrigatorias. Ramas de actividade.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 191,55 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8419 Enquisa cuatrienal de estrutura salarial

Fins: coñecemento da distribución dos salarios en función das características individuais e colectivas.

Organismos que interveñen: INE, facendas forais de Navarra e País Vasco, Tesouraría Xeral da Seguridade Social (MISM), AEAT, Eurostat.

Descrición xeral (principais variables): salarios mensuais e anuais. Rama de actividade, sexo, ocupación, titulación, tipo de contrato, antigüidade. Por mostraxe.

Colectivo: traballadores asalariados.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 1.699,30 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8420 Enquisa anual de estrutura salarial

Fins: coñecemento da distribución dos salarios en función das características individuais e colectivas.

Organismos que interveñen: INE, Instituto de Estatística de Navarra, facendas forais de Navarra e País Vasco, Tesouraría Xeral da Seguridade Social (MISM), AEAT.

Descrición xeral (principais variables): salario anual. Ramas de actividade, sexo, ocupación. Por mostraxe.

Colectivo: traballadores asalariados.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 2.235,91 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8421 Estatística de políticas de mercado de traballo

Fins: obtención e difusión de datos que permitan comparacións entre os países da Unión Europea relacionados coas medidas de políticas de mercado de traballo. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: MTES (Servizo Público de Emprego Estatal), consellerías/departamentos con competencia na materia das comunidades autónomas, entidades locais, Tesouraría Xeral da Seguridade Social (MISM).

Descrición xeral (principais variables): gasto e participantes nas categorías de medidas de políticas. Modalidade de gasto, sexo, idade, orixe e destino dos participantes.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 260,36 miles de euros previstos no orzamento do MTES.

8422 Estatística do mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias

Fins: ofrecer os datos necesarios e suficientes para o estudo dos asalariados, os desempregados e os pensionistas a través de táboas estatísticas en que tanto os perceptores como as percepcións satisfeitas se clasifican segundo diversos criterios.

Organismos que interveñen: MHAC (AEAT).

Descrición xeral (principais variables): para os tres colectivos (asalariados, desempregados e pensionistas) as que aparecen directamente nos modelos de declaración e as que, sen apareceren directamente, se obteñen por simple agregación ou combinación delas. Perceptor (sexo, tramos de retribución, idade, nacionalidade) e retedor (tipo de entidade, sector de actividade e dimensión).

Colectivo: empresas e entidades que retribúan en forma de salarios, pensións e prestacións por desemprego, e percepcións e perceptores dese tipo.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 166,31 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

8423 Mostra continua de vidas laborais

Fins: proporcionar unha mostra representativa de microdatos de empadramento, afiliación, cotización, retencións e prestacións ao longo da vida, para a realización de estudos sobre o emprego, traballo ou protección social procedentes de rexistros da Seguridade Social, da Axencia Estatal de Administración Tributaria e do Padrón Municipal.

Organismos que interveñen: MISM, INE, AEAT.

Descrición xeral (principais variables): demográficas, tipo de contrato e duración, características do empregador, conviventes, bases de cotización, retribucións, pensións, etc.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 428,24 miles de euros previstos no orzamento do MISM.

8424 Estatística de patoloxías non traumáticas

Fins: recoller e difundir información relativa ás enfermidades non incluídas na lista de enfermidades profesionais que contraia o traballador con motivo da realización do seu traballo, sempre que se probe que a enfermidade tivo por causa exclusiva a execución do traballo (art. 156.2.e LXSS), e ás enfermidades ou defectos, padecidos con anterioridade polo traballador, que se agraven como consecuencia da lesión constitutiva do accidente (art.156.2.f LXSS).

Organismos que interveñen: MISM, entidades xestoras e mutuas colaboradoras da Seguridade Social, consellerías/departamentos con competencia na materia de todas as comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía.

Descrición xeral (principais variables): patoloxías non traumáticas. Sexo, grupos de idade e ocupación do traballador; actividade económica da empresa; consecuencias a nivel laboral, tipo e categoría e enfermidade da patoloxía non traumática.

Colectivo: partes de patoloxías non traumáticas causadas polo traballo A.T. transmitidos a través da aplicación PANOTRATSS.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 77,00 miles de euros previstos no orzamento do MISM.

8425 Estatística de despedimentos e o seu custo

Fins: estudo dos despedimentos e o seu custo, que será a combinación tanto da cantidade pagada polo Fogasa como a cantidade indemnizada que consta nos rexistros da Axencia Estatal de Administración Tributaria e nas facendas forais de Navarra e País Vasco correspondentes ao ano de referencia.

Organismos que interveñen: MTES, MISM, Fogasa, AEAT, Instituto de Estatística de Navarra, Administración tributaria do Goberno Vasco.

Descrición xeral (principais variables): tipo de despedimento e indemnización por despedimento. Salarios, sexo, idade, nacionalidade, tipo de contrato, actividade económica, duración do último período de alta na SS.

Colectivo: traballadores en situación de despedimento.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 203,16 miles de euros previstos no orzamento do MTES.

8426 Estatística de bases de cotización da Seguridade Social

Fins: obtención e difusión de datos de cotizantes e das súas bases de cotización á Seguridade Social.

Organismos que interveñen: MISM.

Descrición xeral (principais variables): cotizantes e bases de cotización ao réxime xeral da Seguridade Social. Sexo, idade, tipo de contrato, tipo de xornada, actividade económica, provincia.

Colectivo: cotizantes e bases de cotización á Seguridade Social.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 561,04 miles de euros previstos no orzamento do MISM.

8427 Estatística da vida laboral das persoas con discapacidade

Fins: coñecer a situación das persoas con discapacidade en canto á súa relación coa afiliación, a cotización e as prestacións percibidas.

Organismos que interveñen: INE, MISM, Instituto de Maiores e Servizos Sociais (Imsero) (MDSA).

Descrición xeral (principais variables): tipo de contrato e duración, características do empregador, bases de cotización, pensións, etc. Idade, sexo, tipo de discapacidade, grao de discapacidade.

Colectivo: persoas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 265,72 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8428 Panel de datos de empresas-traballadores

Fins: proporcionar unha mostra representativa de microdatos de contas de cotización e os seus traballadores, e prestacións procedentes dos rexistros da Seguridade Social para a realización de estudos sobre emprego e protección social.

Organismos que interveñen: MISM.

Descrición xeral (principais variables): contas de cotización, traballadores, altas e baixas. Traballador: sexo, idade, nacionalidade, país de nacemento, tipo de contrato, tipo de xornada, antigüidade, grupo de cotización, bases de cotización, tipo de prestación. Empresa/centro de cotización do traballador: actividade económica, tamaño da conta.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 149,56 miles de euros previstos no orzamento do MISM.

14. Sector ou tema: contas económicas

8452 Contabilidade nacional trimestral de España: principais agregados

Fins: estimación dos principais agregados trimestrais da contabilidade nacional de España (produto interior bruto e os seus compoñentes de oferta, demanda e rendas; renda nacional bruta e renda nacional bruta dispoñible; e estimacións de emprego). Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: INE.

Descrición xeral (principais variables): produto interior bruto, valor engadido bruto, impostos e subvencións sobre a produción e as importacións, gasto en consumo final, formación bruta de capital, exportacións e importacións, remuneración dos asalariados, excedente de explotación bruto e emprego (postos de traballo, postos de traballo equivalentes a tempo completo, horas traballadas e persoas), fluxos de renda primaria e secundaria co resto do mundo, renda nacional bruta e renda nacional bruta dispoñible. Rama de actividade.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 1.384,02 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8453 Contas trimestrais non financeiras dos sectores institucionais

Fins: estimación da sucesión de contas anuais non financeiras dos sectores institucionais (contas correntes e contas de acumulación) da economía nacional. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: INE.

Descrición xeral (principais variables): operacións de bens e servizos e de distribución das contas correntes e de acumulación. Sector institucional.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 929,54 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8454 Contas das administracións públicas

Fins: elaboración das contas económicas das administracións públicas. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: MHAC.

Descrición xeral (principais variables): as rúbricas que integran as contas económicas da contabilidade nacional das administracións públicas.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 3.017,64 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

8455 Contas trimestrais das administracións públicas

Fins: elaboración das contas económicas trimestrais das administracións públicas. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: MHAC.

Descrición xeral (principais variables): as rúbricas que integran as contas económicas da contabilidade nacional das administracións públicas.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 942,00 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

8456 Contas das empresas públicas

Fins: elaboración das contas económicas e financeiras das empresas públicas financeiras e non financeiras. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: MHAC.

Descrición xeral (principais variables): as rúbricas que integran as contas económicas e financeiras da contabilidade nacional das empresas públicas. Empresas públicas produtivas e financeiras.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 801,76 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

8457 Contabilidade rexional de España

Fins: elaboración do sistema de contas rexionais de España segundo a metodoloxía establecida no Regulamento (CE) do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Sistema europeo de contas nacionais e rexionais SEC-2010. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: INE.

Descrición xeral (principais variables): as que figuran no programa de transmisión (anexo B) do SEC-2010: agregados rexionais das actividades de produción (valor engadido bruto, remuneración dos asalariados, emprego, formación bruta de capital); produto interior bruto rexional; contas rexionais de renda dos fogares. Ramas de actividade, sectores institucionais, NUTS II, NUTS III.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 1.344,28 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8458 Contas das administracións públicas territoriais

Fins: elaboración das contas económicas das administracións públicas territoriais, cuxa información se presentará desagregada por comunidade autónoma. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: MHAC.

Descrición xeral (principais variables): as rúbricas que integran as contas económicas da contabilidade nacional das administracións públicas territoriais.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 553,08 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

8459 Contas económicas da agricultura

Fins: obtención das macromagnitudes utilizadas como indicadores dos resultados económicos rexionais e nacionais anuais da actividade agraria. Cumprimento do "acordo de cabaleiros" establecido por escrito coa Unión Europea. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: MAPA, consellerías/departamentos con competencia na materia de todas as comunidades autónomas.

Descrición xeral (principais variables): valoración das macromagnitudes máis importantes e os seus desagregados, fundamentalmente: produción agrícola, produción gandeira, servizos agrarios, actividades secundarias non agrarias non separables da actividade agraria, consumos intermedios, renda agraria, etc. (metodoloxía SEC-95). Rexións e grupos de produtos: agrícolas, gandeiros, servizos, consumos intermedios, etc.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 890,55 miles de euros previstos no orzamento do MAPA.

8460 Contas económicas nacionais da silvicultura

Fins: proporcionar unha descrición cuantitativa coherente do conxunto da rama da actividade forestal en España. Establécense macromagnitudes utilizadas como indicadores de resultados económicos anuais da actividade silvícola.

Organismos que interveñen: MTED, consellerías/departamentos con competencia na materia de todas as comunidades autónomas.

Descrición xeral (principais variables): valoración de macromagnitudes (metodoloxía SEC - 95). Grupos de produtos e consumos intermedios.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 84,00 miles de euros previstos no orzamento do MTED.

8461 Contas ambientais: conta de bens e servizos ambientais

Fins: presentar, de maneira compatible co sistema de contas nacionais, a información sobre as actividades de produción da economía nacional que xeran produtos ambientais. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: INE.

Descrición xeral (principais variables): produción, exportacións, valor engadido bruto e emprego das actividades de mercado. Actividades económicas NACE Rev. 2 (nivel de agregación A*21, segundo se indica no SEC), actividades de protección ambiental (CEPA) e actividades de xestión de recursos (CReMA).

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 125,00 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8462 Contas ambientais: conta de gasto en protección ambiental

Fins: presentar os fluxos monetarios ligados á protección do ambiente, de maneira compatible co sistema de contas nacionais, reflectindo os recursos económicos que as unidades residentes dedican á protección ambiental e que permiten obter o agregado gasto nacional en protección ambiental. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: INE.

Descrición xeral (principais variables): produción, consumo intermedio por produtores especializados, importacións e exportacións, imposto sobre o valor engadido (IVE) e outros impostos menos subvencións sobre os produtos, formación bruta de capital fixo e adquisicións menos cesións de activos non financeiros non producidos, consumo final, transferencias. Sectores do Sistema europeo de contas (SEC), actividades de protección ambiental (CEPA), actividades económicas NACE Rev. 2 para a produción auxiliar (seccións B, C, D e división 36).

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 777,00 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8463 Contas ambientais: conta de impostos ambientais

Fins: presentar, de forma sistemática e comparable, os impostos ambientais desagregados por ramas de actividade e sector fogares como consumidores finais, no marco das contas nacionais. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: INE, IXAE.

Descrición xeral (principais variables): impostos ambientais. Ramas de actividade económica, sector fogares como consumidores finais.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 74,00 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8464 Contas ambientais: conta de emisións á atmosfera

Fins: presentar, de forma sistemática e comparable, os fluxos de substancias contaminantes emitidos á atmosfera xerados polo sistema económico, clasificados por sectores económicos, no marco das contas nacionais. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: INE, MTED.

Descrición xeral (principais variables): emisións contaminantes á atmosfera. Ramas de actividade económica, sector fogares como consumidores finais.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 72,46 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8465 Contas ambientais: conta de fluxos de materiais

Fins: presentar, de forma sistemática e comparable, os fluxos de materiais en cantidades físicas da economía nacional tanto ao medio natural como ao resto do mundo, no marco das contas nacionais. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: INE, MITC.

Descrición xeral (principais variables): fluxos de entradas, saídas e variacións do stock de materiais. Produción, importación e exportación.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 123,29 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8466 Contas ambientais: conta de fluxos físicos da enerxía

Fins: presentar de forma sistemática e comparable os fluxos físicos da enerxía expresados en terajoules en relación coas actividades económicas de produción, consumo e acumulación, no marco das contas nacionais. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: INE, MTED.

Descrición xeral (principais variables): recursos enerxéticos naturais, produtos enerxéticos e residuos enerxéticos. Ramas de actividade económica, sector fogares como consumidores finais.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 125,00 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8467 Contas ambientais: outras contas ambientais

Fins: elaborar as contas satélites do ambiente no marco das contas nacionais nos seguintes ámbitos: auga, enerxía, ecoindustria, bosques, recursos naturais, residuos ou outros que sexan obxecto de requirimentos futuros por usuarios nacionais ou internacionais. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: INE.

Descrición xeral (principais variables): propias do sector.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 29,03 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8468 Contas ambientais: conta dos residuos

Fins: identificación dos fluxos de xeración e de tratamento final de residuos que teñen lugar a nivel nacional. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: INE, MTED.

Descrición xeral (principais variables): cantidades de residuos xerados e tratados por tipo de residuos (CER-start). Sectores de actividade económicas agregados e fogares como consumidores, ano, perigosidade, tipo de tratamento.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 100,00 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8469 Conta satélite do turismo de España. Base 2010

Fins: obter unha representación sistemática, comparable e completa da actividade turística adaptada, na medida do posible, aos conceptos, definicións e clasificacións que figuran no manual de elaboración da conta satélite do turismo (CST) elaborado pola Organización Mundial do Turismo. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: INE.

Descrición xeral (principais variables): todas as variables relacionadas coa xeración e distribución do valor engadido turístico, emprego, formación bruta de capital fixo e gasto turístico. As que figuran nas táboas incluídas no mencionado manual de CST máis todas aquelas cuxa presentación se considere oportuna para a descrición do fenómeno turístico en España.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 339,37 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8470 Conta satélite da cultura

Fins: elaborar as contas satélite da cultura no marco das contas nacionais. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: MCUD, INE, AEAT.

Descrición xeral (principais variables): principais magnitudes macroeconómicas relacionadas co sector. Propias do sector.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 282,28 miles de euros previstos no orzamento do MCUD.

8471 Contas satélites do gasto sanitario público

Fins: obtención da cifra agregada de gasto público en sanidade; clasificación por agregados de contabilidade nacional, clasificación económica, funcional e por sector de gasto; territorialización do gasto público en sanidade; e aproximación metodolóxica ás contas de saúde da OCDE.

Organismos que interveñen: MSND, consellerías/departamentos con competencia na materia de todas as comunidades autónomas, Muface, Muxexu, Isfas, Instituto Nacional da Seguridade Social, MDEF, MINT.

Descrición xeral (principais variables): económicas: remuneración do persoal, consumo intermedio, concertos, transferencias correntes, gasto de capital. Funcionais: servizos hospitalarios e especializados, servizos de atención primaria, servizos de saúde pública, servizos colectivos de saúde, farmacia, traslado, próteses. Contabilidade nacional: consumo colectivo, consumo individual, produción de non mercado, produción de mercado. Servizos subministrados, axentes executores do gasto.

Colectivo: axentes ou centros xestores que realizan operacións de gasto ou financiamento das actividades sanitarias públicas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 275,92 miles de euros previstos no orzamento do MSND.

8472 Contas financeiras da economía española. Sistema SEC/2010

Fins: medición de financiamento dos saldos e operacións de activos financeiros e pasivos das distintas agrupacións institucionais da contabilidade nacional. As contas financeiras da economía española constitúen o bloque financeiro da contabilidade nacional de España. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: Banesp.

Descrición xeral (principais variables): balances, operacións e outros fluxos dos distintos instrumentos financeiros recollidos no SEC 2010. Contas (balances financeiros e contas de operacións financeiras), instrumentos financeiros e as agrupacións institucionais da contabilidade nacional, segundo o SEC 2010.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: non aplicable por non financiarse con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

8473 *Investimento español directo no exterior (posición)*

Fins: valoración do stock de investimento español no exterior: volume, destino e distribución sectorial.

Organismos que interveñen: MITC.

Descrición xeral (principais variables): patrimonio neto, posición global, financiamento exterior, inmovilizado material e emprego en empresas con participación de capital estranxeiro. País de destino, sector.

Colectivo: persoas físicas ou xurídicas residentes que invistan en empresas estranxeiras.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 1.039,64 miles de euros previstos no orzamento do MITC.

8474 *Investimento español directo no exterior (fluxos)*

Fins: información sobre entradas/saídas de investimento español directo cara ao exterior.

Organismos que interveñen: MITC.

Descrición xeral (principais variables): fluxos de investimento/desinvestimento español no exterior limitados a calquera forma de participación española no capital de empresas estranxeiras, tipo de operación. País de destino, inmediato e final, sector, tipo de operación, mes.

Colectivo: persoas físicas ou xurídicas residentes que invistan en empresas estranxeiras.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 1.039,64 miles de euros previstos no orzamento do MITC.

8475 *Investimento estranxeiro directo en España (posición)*

Fins: valoración de stock de investimento estranxeiro en España: volume, distribución por país de orixe e distribución sectorial.

Organismos que interveñen: MITC.

Descrición xeral (principais variables): patrimonio neto, posición global, financiamento exterior, inmovilizado material e emprego en empresas con participación de capital estranxeiro. País investidor, inmediato e último, e sector de actividade.

Colectivo: empresas españolas con participación estranxeira.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 1.039,64 miles de euros previstos no orzamento do MITC.

8476 *Investimento estranxeiro directa en España (fluxos)*

Fins: información sobre entradas/saídas de investimento estranxeiro directo en España.

Organismos que interveñen: MITC.

Descrición xeral (principais variables): fluxos de investimento/desinvestimento estranxeiro limitados a calquera forma de participación no capital das empresas españolas, tipo de operación. País investidor, inmediato e último, sector de actividade, clase de operación, mes.

Colectivo: persoas físicas ou xurídicas non residentes que invistan en empresas españolas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 1.039,64 miles de euros previstos no orzamento do MITC.

8477 Balanza de pagamentos, comercio internacional de servizos e investimentos estranxeiros directos, posición de investimento internacional, débeda externa e reservas internacionais e liquidez en moeda estranxeira

Fins: medición dos intercambios de bens, servizos, rendas e transferencias entre a economía nacional e o resto do mundo e das operacións financeiras que se orixinan no proceso. Medición dos stocks de activos e pasivos financeiros fronte ao resto do mundo.

Organismos que interveñen: Banesp.

Descrición xeral (principais variables): operacións co resto do mundo de bens, servizos, renda, transferencias correntes e de capital e de activos non financeiros non producidos. Balances financeiros e operacións co resto do mundo dos distintos instrumentos e categorías funcionais recollidos no Manual de balanza de pagamentos do FMI. Clasificación por rúbricas, categorías funcionais, instrumentos e sectores segundo o Manual de balanza de pagamentos do FMI. Distribución xeográfica. Clasificación por CNAE do investimento directo.

Colectivo: agrupacións das unidades institucionais que realizan operacións económicas co resto do mundo.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: non aplicable por non financiarse con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

8478 Débeda pública segundo o protocolo de déficit excesivo

Fins: elaboración da débeda de cada un dos subsectores que compoñen as administracións públicas no marco do PDE, Regulamento (CE) n.º 3605/93, do 22 de novembro de 1993, modificado polo Regulamento (CE) n.º 475/2000, do 28 de febreiro, e polo Regulamento n.º 351/2002, do 25 de febreiro.

Organismos que interveñen: Banesp.

Descrición xeral (principais variables): débeda das administracións públicas, e os instrumentos en que esta se materializa, é dicir: efectivo e depósitos, valores distintos de accións (a curto e a longo prazo), préstamos (a curto e a longo prazo); pasivos en poder doutras administracións públicas e débeda das empresas públicas materializada nos instrumentos mencionados anteriormente. Por subsectores das administracións públicas: Administración central, comunidades autónomas, corporacións locais e Seguridade Social. A débeda das comunidades autónomas detállase por comunidades e a das corporacións locais detállase para os concellos con máis de 300.000 habitantes, resto de concellos capitais de provincia, concellos non capitais de provincia, deputacións de réxime común, deputacións forais do País Vasco e consellos e cabidos insulares. A débeda das empresas públicas preséntase detallada por subsectores das administracións públicas propietarias.

Colectivo: unidades que compoñen o sector administracións públicas e o conxunto das empresas públicas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: non aplicable por non financiarse con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

8479 Contabilidade nacional anual de España: principais agregados

Fins: estimación dos principais agregados anuais da contabilidade nacional de España (produto interior bruto e os seus compoñentes de oferta, demanda e rendas; renda nacional bruta e renda nacional bruta dispoñible; e estimacións de emprego). Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: INE.

Descrición xeral (principais variables): produto interior bruto, valor engadido bruto, impostos e subvencións sobre a produción e as importacións, gasto en consumo final, formación bruta de capital, exportacións e importacións, remuneración dos asalariados, excedente de explotación e renda mixta brutos, emprego (postos de traballo, postos de traballo equivalentes a tempo completo, horas traballadas e persoas todo isto desagregado para o total e asalariados), fluxos de renda primaria e secundaria co resto do mundo, renda nacional bruta e renda nacional bruta dispoñible. Rama de actividade.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 807,50 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8480 Contabilidade nacional anual de España: agregados por rama de actividade

Fins: estimación de agregados económicos de oferta e demanda por rama de actividade da economía nacional. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: INE.

Descrición xeral (principais variables): produción, consumos intermedios, valor engadido bruto, formación bruta de capital fixo, remuneración de asalariados, soldos e salarios e cotizacións sociais, excedente de explotación e renda mixta brutos, outros impostos netos sobre a produción e emprego (postos de traballo, postos de traballo equivalentes a tempo completo, horas traballadas e persoas, todo isto desagregado para total e asalariados). Rama de actividade; activos fixos.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 842,50 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8481 Contas anuais non financeiras dos sectores institucionais

Fins: estimación da sucesión de contas anuais non financeiras dos sectores institucionais (contas correntes e contas de acumulación) da economía nacional e de resultados anexos a esta (gasto en consumo final dos fogares por finalidade, táboa de pensións e resultados detallados do sector administracións públicas). Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: INE.

Descrición xeral (principais variables): operacións de bens e servizos e de distribución das contas correntes e de acumulación; stock de dereitos devindicados por pensións de seguros sociais nunha data e fluxos que determinan a súa evolución. Sector e subsector institucional; finalidade de consumo; finalidade de gasto público; tipo sistema de pensións.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 1.217,50 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8482 Táboas de orixe e destino

Fins: estimación do equilibrio xeral de bens e servizos da economía nacional a nivel de produto. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: INE.

Descrición xeral (principais variables): produción, consumos intermedios, valor engadido bruto (VEB), remuneración de asalariados, excedente de explotación e renda mixta e outros impostos netos sobre a produción, desagregados por ramas de actividade, impostos e subvencións sobre os produtos, marxes de comercio e transporte, gasto en consumo final, formación bruta de capital, exportacións e importacións. Todas as variables se presentan desagregadas por produtos, excepto os agregados de emprego, rendas e VEB. Rama de actividade e produto.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 836,25 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8483 Táboas input-output

Fins: estimación dos compoñentes do PIB de oferta e demanda a un nivel moi detallado de produtos e ramas de actividade homoxéneas para a economía nacional. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: INE.

Descrición xeral (principais variables): produción, consumos intermedios, valor engadido bruto, (VEB), remuneración de asalariados, excedente de explotación e renda mixta brutos e outros impostos netos sobre a produción, desagregados por ramas de actividade homoxéneas, impostos e subvencións sobre os produtos, gasto en consumo final, formación bruta de capital, exportacións e importacións. Todas as variables se presentan desagregadas por produtos excepto os agregados de emprego, rendas, produción e VEB. Rama de actividade (homoxénea) e produto.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 182,50 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8484 Táboa de pensións

Fins: medición do funcionamento dos sistemas de pensións, como elemento anexo ao sistema de contas nacionais. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: INE.

Descrición xeral (principais variables): stock de dereitos devindicados por pensións en seguros sociais e fluxos que determinan a súa evolución (cotizacións, prestacións, etc.). Garante do sistema de pensións (sistemas de seguridade social e outros sistemas vinculados ao emprego) e tipo sistema de pensións (prestación definida e cotización definida).

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 366,25 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8485 Conta satélite da economía social (en proxecto)

Fins: medición da actividade económica das institucións sen fins de lucro da economía nacional, representativas da denominada economía social, como elemento anexo ao sistema de contas nacionais. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: INE.

Descrición xeral (principais variables): operacións de bens e servizos e de distribución das contas correntes e de acumulación. Sector e subsector institucional.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 167,50 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8486 Operacións non financeiras do sector administracións públicas e os seus subsectores

Fins: presentación integrada das contas das administracións públicas que recolle, entre outras, as seguintes medidas da actividade económica das ditas administracións: ingresos, gastos, valor engadido, excedente de explotación, saldo de rendas primarias, renda dispoñible, aforro e déficit/superávit. As operacións rexistradas nas diferentes contas correntes e de capital do SEC móstranse nunha única conta máis apropiada para a análise fiscal. A información proporciónase para o conxunto das administracións públicas, así como para os seus subsectores (Administración central, Administración rexional, Administración local e fondos da Seguridade Social). Ademais, as operacións non financeiras do subsector Administración rexional detállanse para cada unha das comunidades autónomas. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: MHAC.

Descrición xeral (principais variables): principais agregados do sector administracións públicas e dos seus subsectores. Operacións de bens e servizos e de distribución.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 3.140,80 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

8487 Impostos e cotizacións sociais

Fins: proporcionar información detallada dos ingresos por impostos e cotizacións sociais do sector administracións públicas e dos seus subsectores, de acordo coa clasificación económica establecida no SEC. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: MHAC.

Descrición xeral (principais variables): impostos sobre a produción e as importacións, impostos correntes sobre a renda, o patrimonio, etc. Impostos sobre o capital e cotizacións sociais netas.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 165,60 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

8488 Clasificación funcional do gasto das administracións públicas (COFOG)

Fins: analizar o gasto público, especialmente útil para as comparacións internacionais na medida en que as administracións desempeñan funcións económicas e sociais. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: MHAC.

Descrición xeral (principais variables): gasto nas dez divisións seguintes: servizos públicos xerais, defensa, orde pública e seguridade, asuntos económicos, protección do ambiente, vivenda e servizos comunitarios, saúde, ocio, cultura e relixión, educación e protección social. Posteriormente, preséntase unha desagregación adicional de cada unha destas divisións. O gasto preséntase desagregado por operacións económicas: consumo intermedio, remuneración dos asalariados, xuros, prestacións sociais e transferencias sociais en especie, subvencións, outros gastos correntes e gastos de capital.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuadrienio 2021-2024: 666,00 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

**8489 Operacións non financeiras mensuais consolidadas dos subsectores
Administración central, Administración rexional e fondos da seguridade social. Detalle
por subsectores**

Fins: instrumentación do principio de transparencia das administracións públicas que permite un seguimento máis rigoroso da súa situación económica e financeira. Proporciona información mensual dos subsectores Administración central, Administración rexional e fondos da Seguridade Social en termos de contabilidade nacional, detallando as principais rúbricas de ingresos e gastos, así como a capacidade/necesidade de financiamento. A información preséntase tamén para o consolidado dos tres subsectores. Ademais, publícanse as operacións non financeiras mensuais do Estado e de cada unha das comunidades autónomas. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: MHAC.

Descrición xeral (principais variables): as principais operacións dos subsectores Administración central, Administración rexional e fondos da Seguridade Social e do agregado dos tres subsectores. As operacións de bens e servizos e de distribución.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuadrienio 2021-2024: 2.058,00 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

8490 Indicadores establecidos na Directiva 2011/85/UE

Fins: proporcionar a información pertinente sobre os pasivos contingentes fronte a todos os subsectores das administracións públicas que poidan incidir de maneira significativa nos orzamentos públicos. En particular, publícanse os montantes asociados ás garantías públicas concedidas polos distintos subsectores, as obrigacións pendentes de pagamento relativas ás asociacións público-privadas (APP) en que os activos non están rexistrados no balance das administracións públicas, os préstamos concedidos por unidades clasificadas no sector administracións públicas de dubidoso cobramento, os pasivos das unidades públicas clasificadas fóra do sector e a participación pública no capital das unidades non incluídas no sector administracións públicas. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: MHAC, Banco de España.

Descrición xeral (principais variables): as garantías e os préstamos de dubidoso cobramento concedidos por unidades clasificadas no sector administracións públicas, as obrigacións pendentes dos activos das APP non rexistrados no balance do sector, os pasivos das unidades públicas clasificadas fóra do sector e a participación pública no capital de unidades non clasificadas no sector administracións públicas.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 100,80 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

15. Sector ou tema: administracións públicas e asociacións

8501 Rexistro Central de Persoal. Boletín estatístico do persoal ao servizo das administracións públicas

Fins: coñecemento con detalle dos recursos humanos con que contan as administracións públicas. inclúe o persoal ao servizo das administracións públicas que se detalla a continuación: o conxunto dos efectivos que prestan servizo na Administración pública estatal (Administración xeral do Estado, forzas e corpos de seguridade do Estado, Forzas Armadas, Administración de xustiza e entidades públicas empresariais e organismos públicos con réxime específico); as administracións das comunidades autónomas; a Administración local (concellos, deputacións, cabidos e consellos insulares) e as universidades.

Organismos que interveñen: MTFP.

Descrición xeral (principais variables): persoal en situación de servizo activo, excluídos os altos cargos. Clase de administración, distribución territorial, ministerio, servizos centrais e periféricos, organismos autónomos, clase de persoal, grupo, sexo, idade.

Colectivo: persoas inscritas no Rexistro Central de Persoal e outro persoal ao servizo das administracións públicas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 605,56 miles de euros previstos no orzamento do MTFP.

8502 Estatística do persoal do Ministerio de Defensa

Fins: coñecemento das características sociodemográficas e profesionais do persoal militar das Forzas Armadas, do persoal militar da Garda Civil e do persoal civil funcionario, laboral e estatutario ao servizo da Administración militar.

Organismos que interveñen: MDEF, Dirección Xeral da Garda Civil (MINT).

Descrición xeral (principais variables): individuos, situacións, fluxos externos. Grupos, categorías, idades, sexo.

Colectivo: individuos.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 582,52 miles de euros previstos no orzamento do MDEF.

8503 Estatística de retribucións do sector público administrativo da A.X.E.

Fins: presentar información sobre as retribucións do persoal ao servizo do sector público administrativo da AXE.

Organismos que interveñen: MHAC.

Descrición xeral (principais variables): masa salarial dos efectivos do sector público administrativo da AXE. Colectivos de empregados públicos, clase de persoal, conceptos retributivos (soldo, trienios, complementos, etc.).

Colectivo: centros xestores.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuadrienio 2021-2024: 362,76 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

8504 Estatística de liquidación dos orzamentos do Estado e dos seus organismos públicos, empresas e fundacións

Fins: presentación da liquidación dos orzamentos de ingresos e gastos do Estado e dos seus organismos públicos, así como dos orzamentos de explotación e capital das entidades do sector público administrativo, empresarial e fundacional.

Organismos que interveñen: MHAC.

Descrición xeral (principais variables): déficit de caixa non financeiro, ingresos, pagamentos, créditos, previsións de ingresos, obrigacións recoñecidas e dereitos recoñecidos, conta de perdas e ganancias e estados de fluxos de efectivo. Clasificación económica, orgánica e por programas.

Colectivo: seccións orzamentarias, organismos públicos, consorcios, fondos públicos, empresas e fundacións.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuadrienio 2021-2024: 31,68 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

8505 Distribución territorial do investimento do sector público estatal

Fins: subministrar semestralmente información rexionalizada sobre o grao de execución do investimento real de todas as entidades integrantes do sector público estatal (Administración xeral do Estado, organismos autónomos, axencias estatais e outros organismos públicos, órganos do sector público administrativo con orzamento estimativo e entidades integrantes dos sectores públicos empresarial e fundacional).

Organismos que interveñen: MHAC.

Descrición xeral (principais variables): crédito inicial e obrigacións recoñecidas. Clasificación orgánica.

Colectivo: seccións orzamentarias e organismos autónomos.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 68,68 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

8506 Informe sobre cumprimento de prazos legais de pagamento

Fins: informar sobre o cumprimento dos prazos legais previstos para o pagamento das obrigacións da Administración xeral do Estado.

Organismos que interveñen: MHAC.

Descrición xeral (principais variables): pagamentos efectuados como contraprestación nas operacións comerciais (operacións con cargo ao capítulo 2 e 6 do orzamento de gastos). Período medio de pagamento, operacións pendentes de pagamento e operacións en que se excede o período legal de pagamento.

Colectivo: seccións orzamentarias.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 70,08 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

8507 Sistema de contas públicas territorializadas

Fins: ofrecer unha radiografía detallada da distribución rexional dos fluxos de gastos e ingresos públicos que permita realizar comparacións homoxéneas entre rexións en termos de agregados orzamentarios moi diversos. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: MHAC.

Descrición xeral (principais variables): os conceptos e os programas orzamentarios de ingresos e gastos públicos liquidados.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 1.024,56 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

8508 Orzamentos das comunidades autónomas

Fins: presentación, de modo homoxéneo, das cifras de ingresos e gastos orzamentarios das comunidades autónomas.

Organismos que interveñen: MHAC.

Descrición xeral (principais variables): ingresos e gastos, consolidados e sen consolidar. Clasificación económica de ingresos e gastos, clasificación funcional do gasto.

Colectivo: comunidades autónomas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 724,76 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

8509 Execución orzamentaria mensual das comunidades autónomas

Fins: presentación, de modo homoxéneo, das cifras de ingresos e gastos correspondentes ás distintas fases da execución orzamentaria mensual das comunidades autónomas.

Organismos que interveñen: MHAC.

Descrición xeral (principais variables): ingresos e gastos consolidados. Clasificación económica de ingresos e gastos.

Colectivo: comunidades autónomas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 1.409,57 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

8510 Liquidación de orzamentos das comunidades autónomas

Fins: presentación, de modo homoxéneo, das cifras de ingresos e gastos correspondentes á liquidación de orzamentos das comunidades autónomas nas súas distintas fases de execución orzamentaria.

Organismos que interveñen: MHAC.

Descrición xeral (principais variables): ingresos e gastos consolidados e sen consolidar da liquidación de orzamentos, por fases. Clasificación económica de ingresos e gastos e clasificación funcional do gasto.

Colectivo: comunidades autónomas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 814,06 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

8511 Facendas autonómicas en cifras

Fins: ofrecer información relativa ás facendas das comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla, nos aspectos orzamentarios, e de recursos financeiros de que dispoñen.

Organismos que interveñen: MHAC.

Descrición xeral (principais variables): recursos das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía, información pormenorizada sobre os orzamentos xerais das comunidades autónomas e das cidades con estatuto de autonomía, ofrecendo tanto a súa análise económica como a súa clasificación funcional.

Colectivo: comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 280,72 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

8512 Índices de repartición rexional do IVE e dos impostos especiais sobre a cervexa, sobre o alcohol e bebidas derivadas e sobre produtos intermedios

Fins: elaboración de índices para a repartición rexional do imposto sobre o valor engadido e dos impostos especiais sobre a cervexa, sobre o alcohol e bebidas derivadas no marco da Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: INE, AEAT, IXAE.

Descrición xeral (principais variables): índices para a repartición rexional do imposto sobre o valor engadido e impostos especiais sobre a cervexa, sobre o alcohol e bebidas derivadas e sobre produtos intermedios.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 655,29 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8513 Indicadores sobre gasto farmacéutico e sanitario das comunidades autónomas

Fins: presentación, de modo homoxéneo, dos datos mensuais das comunidades autónomas en materia de gasto farmacéutico e sanidade e investimentos reais no ámbito sanitario.

Organismos que interveñen: MHAC, consellerías/departamentos con competencia na materia das comunidades autónomas.

Descrición xeral (principais variables): gasto farmacéutico, tanto hospitalario como extrahospitalario, en produtos sanitarios, en investimentos reais e outras partidas significativas no ámbito sanitario.

Colectivo: comunidades autónomas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 523,77 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

8514 Informe sobre prazos de pagamento a provedores e débeda comercial das comunidades autónomas

Fins: presentación, de modo homoxéneo, dos datos mensuais en materia de morosidade e débeda comercial e non financeira das comunidades autónomas.

Organismos que interveñen: MHAC, consellerías/departamentos con competencia na materia das comunidades autónomas.

Descrición xeral (principais variables): períodos medios de pagamento expresados en días, importes de débeda comercial e non financeira. Operacións pagadas, operacións pendentes de pagamento, períodos medios de pagamento expresados en días, PIB, importes de débeda comercial e non financeira. Para determinadas variables clasifícase o seu carácter sanitario e non sanitario.

Colectivo: comunidades autónomas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 927,39 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

8515 Orzamentos das entidades locais

Fins: obtención das cifras de ingresos e gastos orzados polas entidades locais.

Organismos que interveñen: MHAC.

Descrición xeral (principais variables): orzamentos de ingresos e gastos consolidados. Clasificación económica de ingresos e gastos, clasificación funcional do gasto.

Colectivo: entidades locais.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 2.272,14 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

8516 Liquidación de orzamentos das entidades locais

Fins: obtención da liquidación do orzamento das entidades locais.

Organismos que interveñen: MHAC.

Descrición xeral (principais variables): previsión definitiva, dereitos e obrigacións liquidados, ingresos e pagamentos liquidados. Clasificación económica de ingresos e gastos, clasificación funcional do gasto.

Colectivo: entidades locais.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 3.180,19 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

8517 Explotación estatística do Rexistro de Contratos do Sector Público

Fins: coñecemento dos contratos celebrados polas administracións públicas e demais entidades do sector público suxeitas ao texto refundido da Lei de contratos do sector público e elaboración da información requirida pola Unión Europea e pola Organización Mundial do Comercio.

Organismos que interveñen: MHAC.

Descrición xeral (principais variables): tipo de contrato, Administración contratante, procedemento de adxudicación, importe da adxudicación. Órgano que adxudica o contrato.

Colectivo: todos os órganos de contratación e entidades incluídos no ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público deben comunicar as adxudicacións, modificacións e resolucións dos seus contratos ao Rexistro de Contratos do Sector Público.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 805,04 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

8518 Imposición local. Tipos de gravame, índices e coeficientes

Fins: obtención de información censual dos principais parámetros determinantes da presión fiscal municipal e provincial.

Organismos que interveñen: MHAC.

Descrición xeral (principais variables): imposto sobre bens inmobles, tipos de urbana e rústica; imposto sobre actividades económicas, coeficiente de incremento e índices de situación mínimo e máximo; imposto sobre vehículos de tracción mecánica, coeficiente de incremento; imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, porcentaxes e tipo; imposto sobre construcións, instalacións e obras, tipo impositivo; recarga provincial do IAE, porcentaxe de recarga. Tramo de tamaño de municipio.

Colectivo: concellos, deputacións provinciais, consellos e cabidos insulares.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 770,43 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

8519 Estatística do imposto sobre bens inmobles

Fins: obtención das principais variables tributarias correspondentes ao imposto sobre bens inmobles, así como da presión fiscal que deriva do dito imposto.

Organismos que interveñen: MHAC, concellos, deputacións provinciais, facendas forais do País Vasco e Navarra.

Descrición xeral (principais variables): recibos, base imponible, base liquidable, cota íntegra, cota líquida. Ano PVCCX/renovación, intervalos de poboación.

Colectivo: bens inmobles.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 120,56 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

8520 Estatística de ordenanzas fiscais do imposto sobre bens inmobles

Fins: publicación dos principais aspectos das ordenanzas fiscais do imposto sobre bens inmobles, aprobadas polos concellos.

Organismos que interveñen: MHAC, concellos e deputacións provinciais.

Descrición xeral (principais variables): tipos de gravame (urbana: xeral e tipos diferenciados; rústica, e características especiais), entidades xestoras e recadoras, recargas, exencións e bonificacións. Intervalos de poboación.

Colectivo: municipios.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 120,56 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

8521 Estatística dos declarantes do IRPF

Fins: obtención dos principais resultados estatísticos da declaración anual do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Organismos que interveñen: MHAC (AEAT).

Descrición xeral (principais variables): a práctica totalidade das partidas que aparecen na declaración anual do IRPF. Tramos de rendementos, tipo de declaración, sexo.

Colectivo: persoas físicas que fan declaración de IRPF.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 206,24 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

8522 Estatística sobre a discapacidade nas declaracións do imposto sobre a renda das persoas físicas

Fins: describir os datos que constan nalgúns fontes fiscais e as características persoais e familiares do conxunto de persoas integradas naquelas declaracións en que ou ben o titular ou ben algunha das persoas del dependentes (ascendente ou descendente) teñen algunha discapacidade recoñecida.

Organismos que interveñen: MHAC (AEAT).

Descrición xeral (principais variables): número, importe e media da práctica totalidade das partidas que aparecen na declaración anual do IRPF referidas ás declaracións en que un dos compoñentes da familia xera dereito á aplicación de mínimo por discapacidade. Categoría da declaración (por situacións de discapacidade), características demográficas principais da persoa con discapacidade (sexo, idade, tipo de dependencia).

Colectivo: subpoboación de declarantes de IRPF formada por aquelas declaracións en que un dos compoñentes da familia xera dereito á aplicación de mínimo por discapacidade (declarante, cónxuxe en declaracións conxuntas, descendentes e ascendentes).

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 360,64 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

8523 Estatística dos declarantes do IRPF por municipios

Fins: describir os niveis de renda no ámbito municipal e ofrecer unha perspectiva integral da renda persoal bruta e renda dispoñible dos declarantes de IRPF.

Organismos que interveñen: MHAC (AEAT), INE.

Descrición xeral (principais variables): renda bruta e renda dispoñible, datos económicos e tributarios do imposto, situación familiar, índice declarativo, posicionamento dos municipios maiores de 1.000 habitantes por renda bruta media. Tamaño de poboación, municipios de máis de 1.000 habitantes.

Colectivo: persoas físicas que fan declaración de IRPF.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 360,64 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

8524 Estatística dos declarantes do imposto sobre o patrimonio

Fins: obtención dos principais resultados estatísticos da declaración anual do imposto sobre o patrimonio.

Organismos que interveñen: MHAC (AEAT).

Descrición xeral (principais variables): declarantes, importe das partidas da declaración anual sobre o patrimonio. Tramos de base imponible do imposto, sexo.

Colectivo: persoas físicas que fan declaración do imposto sobre o patrimonio.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 124,47 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

8525 Estatística por partidas do imposto sobre sociedades

Fins: obtención dos principais resultados estatísticos da declaración anual do imposto sobre sociedades.

Organismos que interveñen: MHAC (AEAT).

Descrición xeral (principais variables): declarantes, importe das partidas da declaración anual do imposto sobre sociedades. Tramos de ingreso total declarado, condición xurídica, resultado económico.

Colectivo: empresas (sociedades) que fan declaración do imposto sobre sociedades.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 194,64 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

8526 Estatística por partidas do IVE

Fins: obtención dos principais resultados estatísticos da declaración anual do imposto sobre o valor engadido.

Organismos que interveñen: MHAC (AEAT).

Descrición xeral (principais variables): declarantes, importe das partidas da declaración anual do IVE. Tramos de base imponible do imposto, tipo impositivo.

Colectivo: empresas que fan declaración do IVE.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 204,23 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

8527 Recadación tributaria

Fins: coñecemento dos ingresos tributarios do Estado xestionados polas delegacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), así como a participación das administracións públicas nos citados ingresos, e estudo das relacións entre a evolución dos impostos e a evolución da conxuntura económica.

Organismos que interveñen: MHAC (AEAT).

Descrición xeral (principais variables): ingresos líquidos, devolucións, bases impositibles, impostos devindicados e ingresos tributarios das principais figuras tributarias, coas súas respectivas series temporais. Clase de impostos e taxas.

Colectivo: impostos e taxas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 455,72 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

8528 Estatística de axuda oficial ao desenvolvemento (AOD) de España

Fins: medir con carácter anual toda a axuda oficial ao desenvolvemento de España, é dicir a axuda que as administracións públicas dedican a obxectivos de axuda ao desenvolvemento en países catalogados pola OCDE como receptores de axuda oficial en función do seu nivel de desenvolvemento.

Organismos que interveñen: MAUC, ministerios, CCAA, FEMP, universidades, CONGD.

Descrición xeral (principais variables): recursos oficiais destinados a contribucións a organismos internacionais, e achegas ao orzamento comunitario e recursos destinados bilateralmente a programas e proxectos de axuda oficial ao desenvolvemento. Sectores, países e rexións xeográficas, centros financiadores, duración do proxecto.

Colectivo: organismos públicos financiadores.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 5.673,64 miles de euros previstos no orzamento do MAUC.

8529 Estatística de asociacións

Fins: coñecemento do movemento asociativo en España de ámbito nacional e das asociacións declaradas de utilidade pública.

Organismos que interveñen: MINT.

Descrición xeral (principais variables): inscrición ou disolución, declaración de utilidade pública, integracións en organismos internacionais, finalidades sociais.

Colectivo: asociacións inscritas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 16,52 miles de euros previstos no orzamento do MINT.

8530 Estatística do catastro inmobiliario urbano

Fins: publicación das principais características dos inmobles urbanos que forman parte da base de datos catastral.

Organismos que interveñen: MHAC, facendas forais do País Vasco e Navarra.

Descrición xeral (principais variables): bens inmobles urbanos, parcelas, superficie, valor catastral total, valor catastral do solo, valor catastral da construción, ano do procedemento de valoración colectiva de carácter xeral (PVCCX), uso, solo vacante, antigüidade, categoría, superficie construída media, valor medio, porcentaxe de ocupación. Intervalos de poboación.

Colectivo: bens inmobles urbanos.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 206,76 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

8531 Estatística do catastro inmobiliario rústico

Fins: publicación das principais características dos inmobles rústicos que forman parte da base de datos catastral.

Organismos que interveñen: MHAC, facendas forais do País Vasco e Navarra.

Descrición xeral (principais variables): parcelas, subparcelas, superficie, valor catastral, data de renovación, tipo de cultivos. Intervalos de poboación.

Colectivo: bens inmobles rústicos.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 38,00 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

8532 Estatística do Catastro de bens inmobles de características especiais (BICE)

Fins: publicación das principais características dos bens inmobles de características especiais (BICE) que forman parte da base de datos catastral.

Organismos que interveñen: MHAC, facendas forais do País Vasco e Navarra.

Descrición xeral (principais variables): bens inmobles de características especiais, valor catastral. Grupo.

Colectivo: bens inmobles de características especiais.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 38,00 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

8533 Estatística de titulares catastrais

Fins: publicación dos datos de titularidade dos inmobles que forman parte da base de datos catastral e de información sobre a actividade administrativa anual relativa ás altas de bens inmobles de uso residencial.

Organismos que interveñen: MHAC, facendas forais do País Vasco e Navarra.

Descrición xeral (principais variables): titulares; altas de bens inmoables de uso residencial. Para titulares: número de bens, tipo de ben, superficie construída, valor catastral. Para altas de bens inmoables de uso residencial: tipo de personalidade (persoas físicas, xurídicas, entidades ou outras).

Colectivo: inmoables.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 38,00 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

8534 Custo efectivo dos servizos prestados polas entidades locais

Fins: obtención do custo efectivo no exercicio de referencia de todos os servizos que as entidades locais prestan directamente ou a través de entidades e organismos vinculados ou dependentes, relativos aos servizos de prestación obrigatoria, mencionados nos artigos 26.1 e 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e aos servizos derivados do exercicio das competencias propias citadas nos artigos 7, 25.2 e 27 da dita lei. O cálculo do custo efectivo debe ter en conta os custos reais, directos e indirectos, destes servizos e debe realizarse cos criterios establecidos na Orde HAP/2075/2014, do 6 de novembro de 2014.

Organismos que interveñen: MHAC.

Descrición xeral (principais variables): a forma de xestión (directa ou indirecta), o custo efectivo e a súa composición, as unidades físicas de referencia de cada un dos servizos prestados incluídos no ámbito de aplicación. Os servizos de prestación obrigatoria, mencionados nos artigos 26.1 e 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e os servizos derivados do exercicio das competencias propias citadas nos artigos 7, 25.2 e 27 da dita lei.

Colectivo: entidades locais.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 694,73 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

8535 Débeda viva das entidades locais en 31 de decembro

Fins: obter a débeda viva, de acordo coa definición do protocolo do déficit excesivo (PDE), de cada unha das entidades locais en 31 de decembro de cada exercicio, incluída a das cidades con estatuto de autonomía de Ceuta e Melilla.

Organismos que interveñen: MHAC, Banco de España.

Descrición xeral (principais variables): débeda viva en 31 de decembro segundo criterio PDE. Compoñentes da débeda viva segundo criterio PDE (préstamos de institucións financeiras, valores non representativos de débeda, Fondo de financiamento de entidades locais, etc.).

Colectivo: entidades locais.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 463,19 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

8536 Execución orzamentaria trimestral das entidades locais

Fins: obtención de información económico-financeira da execución trimestral dos orzamentos das entidades locais nas súas distintas fases.

Organismos que interveñen: MHAC.

Descrición xeral (principais variables): ingresos e gastos consolidados nas distintas fases da execución trimestral dos orzamentos. Clasificación económica de ingresos e gastos.

Colectivo: entidades locais.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 926,27 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

8537 Facendas locais en cifras

Fins: ofrecer as cifras que caracterizan e definen as facendas locais en España relativas aos municipios, provincias e illas e ás cidades con estatuto de autonomía de Ceuta e Melilla no exercicio correspondente e a súa evolución desde os cinco exercicios anteriores.

Organismos que interveñen: MHAC.

Descrición xeral (principais variables): ingresos e gastos, magnitudes financeiras (aforro, saldo non financeiro, remanente de tesouraría), débeda viva segundo o protocolo do déficit excesivo, a participación nos tributos do Estado e as subvencións e compensacións. Clasificación económica de ingresos e gastos e clasificación por programas dos gastos.

Colectivo: entidades locais.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 694,73 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

8538 Informe sobre o período medio de pagamento a provedores dos subsectores Administración central e fondos da Seguridade Social

Fins: presentación dos datos mensuais do período medio de pagamento a provedores das entidades pertencentes ao subsector Administración central e ao subsector fondos da Seguridade Social

Organismos que interveñen: MHAC, entidades do sector público estatal, Intervención Xeral da Seguridade Social..

Descrición xeral (principais variables): períodos medios de pagamento expresados en días. Ratio de operacións pagadas, importe de pagamentos realizados, ratio de operacións pendentes de pagamento, importe de pagamentos pendentes, período medio de pagamento mensual.

Colectivo: administracións públicas pertencentes aos subsectores Administración central e fondos da Seguridade Social

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 206,04 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

8539 Execución mensual do orzamento do Estado

Fins: seguimento da execución dos orzamentos de ingresos e gastos do Estado, así como do déficit de caixa non financeiro.

Organismos que interveñen: MHAC.

Descrición xeral (principais variables): déficit de caixa non financeiro, ingresos, pagamentos, créditos, gastos comprometidos, obrigacións recoñecidas, previsión de ingresos e dereitos recoñecidos. Clasificación económica, orgánica e por programas.

Colectivo: seccións orzamentarias, delegacións do Ministerio de Economía e Facenda e Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 632,92 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

8540 Execución mensual dos orzamentos de organismos públicos

Fins: seguimento dos orzamentos de ingresos e gastos dos organismos públicos.

Organismos que interveñen: MHAC.

Descrición xeral (principais variables): ingresos, pagamentos, créditos, gastos comprometidos, obrigacións recoñecidas, previsións de ingresos e dereitos recoñecidos. Clasificación económica e orgánica.

Colectivo: organismos públicos.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 102,12 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

16. Sector ou tema: tecnoloxías da información e das comunicacións (TIC)

8561 Enquisa sobre o uso de tecnoloxías da información e das comunicacións e do comercio electrónico nas empresas

Fins: obtención de cifras e indicadores sobre a implantación e uso das tecnoloxías da información e das comunicacións (TIC) en xeral, e sobre a internet e o comercio electrónico en particular.

Organismos que interveñen: INE, Instituto de Estatística de Cataluña, Observatorio Nacional das Telecomunicacións e da Sociedade da Información (ONTSI) (METD), Instituto de Estatística de Aragón.

Descrición xeral (principais variables): indicadores sobre implantación e uso de TIC, compras e vendas por comercio electrónico, factores que dificultan o acceso ás TIC e ao comercio electrónico. Volume de facturación, tamaño das empresas segundo tramos de asalariados, agrupacións de ramas de actividade. Por mostraxe.

Colectivo: empresas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 6.035,04 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8562 Enquisa sobre equipamento e uso de tecnoloxías de información e da comunicación nos fogares

Fins: coñecer a penetración das tecnoloxías de información e da comunicación nos fogares, o seu equipamento nas ditas tecnoloxías e o uso que as persoas fan do ordenador, da internet e do comercio electrónico.

Organismos que interveñen: INE, METD, institutos de estatística de Cataluña, Andalucía, Aragón.

Descrición xeral (principais variables): equipamento das vivendas (teléfono, TV, ordenador, internet), grao de utilización de novas tecnoloxías (ordenador, internet, comercio electrónico) das persoas. Tamaño do fogar, sexo, idade, nivel de estudos, relación coa situación laboral. Por mostraxe.

Colectivo: vivendas familiares e persoas que residan nelas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 5.477,33 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8563 Estatística sobre a sociedade da información e da comunicación nos centros educativos non universitarios

Fins: coñecer a implantación e utilización nos centros docentes das tecnoloxías asociadas á sociedade da información e satisfacer as demandas nacionais e internacionais de indicadores estatísticos.

Organismos que interveñen: MEFP, consellerías/departamentos con competencia na materia de todas as comunidades autónomas.

Descrición xeral (principais variables): equipamento informático do centro, conexión e servizos na internet e nivel de coñecemento e de uso das novas tecnoloxías polo profesorado. Tipo de centro, titularidade, localización xeográfica, tamaño do municipio, nivel de ensino. Por enumeración completa.

Colectivo: centros docentes públicos e privados non universitarios.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 86,38 miles de euros previstos no orzamento do MEFP.

8564 As Tecnoloxías da información e das comunicacións nas administracións públicas

Fins: coñecemento da infraestrutura de medios técnicos e humanos na área de tecnoloxías da información e das comunicacións administrativas. Coñecemento do grao de implantación da administración electrónica.

Organismos que interveñen: METD, consellerías/departamentos con competencia na materia de todas as comunidades autónomas, INE, departamentos ministeriais.

Descrición xeral (principais variables): parque de sistemas instalado (unidades e valor), investimentos en hardware e software, gastos informáticos, postos de traballo informáticos, sitios web, servizos de tramitación electrónica. Organismos do Estado e da Administración xeral de Estado, comunidades autónomas e estratos de municipios segundo tamaño.

Colectivo: unidades administrativas informáticas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 701,44 miles de euros previstos no orzamento do METD.

8565 Estatística de orzamentos de tecnoloxías da información e das comunicacións na AXE

Fins: estudo do orzamento destinado a tecnoloxías da información e das comunicacións por parte dos ministerios, con base nos orzamentos xerais do Estado iniciais.

Organismos que interveñen: METD.

Descrición xeral (principais variables): orzamento de gastos, capítulos 1, 2 e 6 (miles de euros). Seccións orzamentarias, capítulos e conceptos orzamentarios e funcións orzamentarias.

Colectivo: seccións orzamentarias.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 53,56 miles de euros previstos no orzamento do METD.

8566 Indicadores do sector de tecnoloxías da información e das comunicacións (TIC)

Fins: obter información sobre as ramas e produtos xerados polo sector TIC segundo a metodoloxía proposta pola OCDE. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: INE.

Descrición xeral (principais variables): cifra de negocios, valor da produción, valor engadido, ocupados e outras variables específicas do sector. Rama de actividade, tipo de produto.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 11,82 miles de euros previstos no orzamento do INE.

17. Sector ou tema: hostalaría e turismo

8591 Enquisa de ocupación en aloxamentos turísticos

Fins: obtención de indicadores conxunturais sobre a ocupación nos establecementos hoteleiros, cámpings, aloxamentos de turismo rural, albergues e apartamentos turísticos.

Organismos que interveñen: INE, órganos centrais de estatística das comunidades autónomas ou, na súa falta, consellerías/departamentos con competencia na materia de turismo.

Descrición xeral (principais variables): viaxeiros, pernoitas e estadias medias, por comunidade autónoma e país de residencia, capacidade do aloxamento, graos de ocupación e persoal empregado. Categoría do establecemento e localización. Por mostraxe.

Colectivo: establecementos hoteleiros, cámpings, aloxamentos de turismo rural, albergues, apartamentos turísticos.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 20.344,97 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8592 Enquisa de turismo de residentes (ETR/Familitur)

Fins: cuantificación das viaxes da poboación residente en España entre as distintas comunidades autónomas e cara ao estranxeiro e a súa caracterización en función dos aspectos máis relevantes.

Organismos que interveñen: INE.

Descrición xeral (principais variables): viaxes, pernoitas, duración media, gasto. Destino principal, aloxamento principal, motivo principal da viaxe, duración da viaxe, principal medio de transporte, forma de organización da viaxe; conceptos do gasto; sexo, idade, nacionalidade, nivel de formación alcanzado e relación coa actividade dos viaxeiros. Por mostraxe.

Colectivo: poboación de 15 anos ou máis residente en vivendas familiares principais.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 7.333,34 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8593 Estatística de movementos turísticos en fronteiras (Frontur)

Fins: estimación do número de visitantes non residentes que acceden a España polas distintas vías de acceso, e aproximación ao comportamento turístico.

Organismos que interveñen: INE, Instituto de Estatística das Illes Balears, Instituto Canario de Estatística, Turisme Comunitat Valenciana, Consellería de Economía Sustentable, Sectores Productivos, Comercio e Traballo da Generalitat Valenciana, D.X. de Tráfico e D.X. da Policía (MINT), Renfe e Portos do Estado (MTMA), Aena SME, S.A., Asociación Española para a Coordinación e Facilitación de Franxas Horarias (AECFA).

Descrición xeral (principais variables): visitantes (turistas, excursionistas). Vía de acceso, tipo de aloxamento principal, país de residencia, motivo principal da viaxe, forma de organización da viaxe, duración da estada. Por mostraxe.

Colectivo: visitantes (turistas e excursionistas) non residentes que saen de España por calquera das catro vías de acceso/saída (estrada, aeroportos, portos e ferrocarril).

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 4.316,47 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8594 Enquisa de gasto turístico (Egatur)

Fins: estimación do gasto turístico dos visitantes non residentes en España e o seu comportamento.

Organismos que interveñen: INE, Instituto de Estadística das Illes Balears, Turisme Comunitat Valenciana, Consellería de Economía Sustentable, Sectores Productivos, Comercio e Traballo da Generalitat Valenciana, Banco de España.

Descrición xeral (principais variables): gasto turístico dos visitantes non residentes. Vía de acceso, tipo de aloxamento principal, país de residencia, motivo principal da viaxe, forma de organización da viaxe, partidas de gasto. Por mostraxe.

Colectivo: visitantes (turistas e excursionistas) non residentes que saen de España por calquera das catro vías de acceso/saída (estrada, aeroportos, portos e ferrocarril).

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 4.509,16 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8595 Indicadores de rendibilidade do sector hoteleiro

Fins: obter indicadores mensuais que proporcionen información sobre os ingresos percibidos polos empresarios hoteleiros pola prestación do servizo de aloxamento, tanto por cuarto ocupado como por cuarto dispoñible. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: INE.

Descrición xeral (principais variables): ingresos obtidos polo servizo de aloxamento, por cuarto ocupado e por cuarto dispoñible (ADR e RevPAR, respectivamente). Categoría.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 27,79 miles de euros previstos no orzamento do INE.

18. Sector ou tema: cultura, deporte e ocio**8621 Estatística de edición española de libros con ISBN**

Fins: coñecemento da evolución anual do mercado de oferta de libros españois e análise dos principais parámetros da produción editorial que contribúen a determinar a dimensión económica do sector editorial.

Organismos que interveñen: MCUD.

Descrición xeral (principais variables): libros e axentes editores. Materia, natureza xurídica do axente editor, idiomas españois, edicións, lingua traducida, formato.

Colectivo: libros con *International Standard Book Number* (ISBN).

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 198,14 miles de euros previstos no orzamento do MCUD.

8622 Estatística de produción editorial de libros

Fins: información do número e características das publicacións non periódicas impresas, editadas e postas á disposición do público.

Organismos que interveñen: INE, MCUD.

Descrición xeral (principais variables): tema, idioma de publicación e tradución, edición, número de páxinas, titularidade da editorial, provincia de edición.

Colectivo: libros e folletos.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 230,80 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8623 Estatística de bibliotecas

Fins: información do equipo físico e humano das distintas categorías de bibliotecas, medición de variacións, e avaliación do financiamento da dita actividade.

Organismos que interveñen: INE, institutos de estatística (Aragón, Cataluña, Comunidade Foral de Navarra), MCUD, MDEF, MINT.

Descrición xeral (principais variables): titularidade, forma de acceso, horario, superficie, equipamento, fondos, novas tecnoloxías, persoal e gastos ordinarios. Tipo de biblioteca. Por enumeración completa.

Colectivo: bibliotecas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 171,69 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8624 Estatística de museos e coleccións museográficas

Fins: coñecemento da situación das institucións museísticas e cumprimento dos requirimentos internacionais.

Organismos que interveñen: MCUD, consellerías/departamentos con competencia na materia de todas as comunidades e cidades autónomas, MDEF, Patrimonio Nacional.

Descrición xeral (principais variables): infraestrutura, equipamento, servizos, actividade, accesibilidade, persoal, fondos. Titularidade, tipoloxía do museo. Por enumeración completa.

Colectivo: museos e coleccións.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 312,92 miles de euros previstos no orzamento do MCUD.

8625 Estatística de arquivos

Fins: coñecemento da situación dos arquivos estatais xestionados polo departamento e polo Ministerio de Defensa.

Organismos que interveñen: MCUD, MDEF.

Descrición xeral (principais variables): equipamento, servizos, accesibilidade, persoal, fondos, características do edificio. Tipos.

Colectivo: arquivos estatais xestionados polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e polo Ministerio de Defensa.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 80,69 miles de euros previstos no orzamento do MCUD.

8626 Estatística de edición española de música con ISMN

Fins: coñecemento da situación da produción editorial da música a través do *International Standard Music Number* (ISMN).

Organismos que interveñen: MCUD.

Descrición xeral (principais variables): obras e axentes editores. Tipo de edición, xénero musical, páxinas, tamaño, soporte, prezo, tiraxe, edición, lingua de publicación e de tradución.

Colectivo: partituras musicais con ISMN.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 70,29 miles de euros previstos no orzamento do MCUD.

8627 Estatística de cinematografía: produción, exhibición, distribución e fomento

Fins: información sobre as áreas de produción, exhibición, distribución e protección cinematográfica.

Organismos que interveñen: MCUD.

Descrición xeral (principais variables): produción e coprodución de películas, películas exhibidas, espectadores e recadación, axudas recibidas, distribución, salas e explotación videográfica. País, espectadores e recadación segundo se trate de películas españolas ou estranxeiras, tipo de sala, tipo de axuda.

Colectivo: películas e empresas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 213,42 miles de euros previstos no orzamento do MCUD.

8628 Estatística de deporte federado

Fins: coñecemento da actividade deportiva federada.

Organismos que interveñen: MCUD, federacións deportivas españolas.

Descrición xeral (principais variables): licenzas, clubs, centros de alto rendemento, deportistas de alto nivel, participación e resultados en competicións nacionais e internacionais. Sexo, federacións, modalidades deportivas, tipo de competición.

Colectivo: federacións deportivas españolas, federacións deportivas territoriais.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 123,55 miles de euros previstos no orzamento do MCUD.

8629 Estatística do control da dopaxe

Fins: coñecemento dos resultados do control antidopaxe realizado por laboratorios homologados.

Organismos que interveñen: MCUD.

Descrición xeral (principais variables): mostras fisiolóxicas, autorizacións de uso terapéutico. Modalidade deportiva, tipo de mostra, substancias dopantes, tipo de competición, procedencia da mostra, sexo.

Colectivo: deportistas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 40,27 miles de euros previstos no orzamento do MCUD.

8630 Enquisa de hábitos e prácticas culturais en España

Fins: coñecer e cuantificar o comportamento cultural da poboación e o equipamento cultural das familias.

Organismos que interveñen: MCUD, INE.

Descrición xeral (principais variables): equipamento, prácticas culturais nos sectores de cine, teatro, ópera, concertos, bibliotecas, arquivos, museos, lectura, audición de música, TV, radio, vídeo, informática, cursos de formación complementaria e outros. Consumo de produtos suxeitos a dereito de propiedade intelectual. Variables sociodemográficas dos individuos. Por mostraxe.

Colectivo: individuos de 15 anos en diante.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 1.645,47 miles de euros previstos no orzamento do MCUD.

8631 Enquisa de hábitos deportivos en España

Fins: coñecer e cuantificar o comportamento da poboación e o equipamento das familias en relación co deporte.

Organismos que interveñen: MCUD, INE.

Descrición xeral (principais variables): equipamentos deportivos, prácticas deportivas da poboación e asistencia a espectáculos deportivos. Variables sociodemográficas da poboación. Por mostraxe.

Colectivo: individuos de 15 anos en diante.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 340,32 miles de euros previstos no orzamento do MCUD.

8632 Estatística de asuntos taurinos

Fins: difusión de datos relativos a asuntos taurinos.

Organismos que interveñen: MCUD, consellerías/departamentos con competencia na materia das comunidades e cidades autónomas.

Descrición xeral (principais variables): profesionais taurinos, escolas taurinas, gandarías e festexos celebrados, categoría das prazas, reses, localidades e datas.

Colectivo: profesionais, escolas taurinas, gandarías, festexos taurinos.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 69,67 miles de euros previstos no orzamento do MCUD.

8633 Estatística de financiamento e gasto público en cultura

Fins: coñecemento dos recursos económicos do sector público destinados á cultura.

Organismos que interveñen: MCUD, consellerías/departamentos con competencia na materia das comunidades autónomas.

Descrición xeral (principais variables): financiamento e gasto en cultura. Actividade cultural, clasificación orzamentaria, tipo de Administración.

Colectivo: Administración xeral do Estado, Administración autonómica, Administración local.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 144,82 miles de euros previstos no orzamento do MCUD.

8634 Explotación estatística dos datos de dereitos de propiedade intelectual xestionados polas entidades de xestión

Fins: coñecemento dos dereitos de propiedade intelectual xestionados polas entidades de xestión.

Organismos que interveñen: MCUD.

Descrición xeral (principais variables): cantidades recadadas e repartidas. Propias do sector.

Colectivo: entidades de xestión de dereitos de propiedade intelectual.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 27,94 miles de euros previstos no orzamento do MCUD.

19. Sector ou tema: educación e formación**8651 Estatística de bibliotecas escolares**

Fins: coñecemento do equipamento das bibliotecas escolares non universitarias e da actividade desenvolvida por elas.

Organismos que interveñen: MEFP, INE, consellerías/departamentos con competencia na materia de todas as comunidades autónomas.

Descrición xeral (principais variables): fondos, equipamento, superficie, horario, préstamos domiciliarios, tipo de usuarios, persoal, gastos en adquisición de fondos. Titularidade do centro, tipo de centro, ensinanzas, tipo de fondos, categoría do persoal, tamaño de centro, actividades de utilización.

Colectivo: centros docentes non universitarios.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 40,86 miles de euros previstos no orzamento do MEFP.

8652 Estatística de persoal das universidades

Fins: coñecemento e cuantificación do persoal docente e investigador, do persoal de administración e servizos e do persoal investigador das universidades públicas e privadas en todos os seus centros propios e adscritos.

Organismos que interveñen: MUNI, consellerías/departamentos con competencia na materia das comunidades autónomas, universidades.

Descrición xeral (principais variables): persoal docente e investigador, persoal investigador e persoal de administración e servizos. Corpo/categoría/grupo, área de coñecemento, sexo, idade, antigüidade, complementos docentes, complementos de investigación e dedicación.

Colectivo: profesorado universitario, persoal de administración e servizos e persoal investigador de centros propios e adscritos de universidades públicas e privadas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 197,28 miles de euros previstos no orzamento do MUNI.

8653 Estatística de mobilidade do profesorado de ensinanzas non universitarias en centros públicos

Fins: coñecemento dos fluxos de profesorado, inter e intra comunidades autónomas, derivados dos concursos de traslados de persoal docente non universitario de ámbito estatal e de ámbito autonómico.

Organismos que interveñen: MEFP, consellerías/departamentos con competencia na materia de todas as comunidades autónomas.

Descrición xeral (principais variables): participantes no concurso de traslados. Tipo de participación, territorio onde imparte a docencia, resultados do concurso, tipo de destino.

Colectivo: participantes en concursos de traslados de ámbito estatal e de ámbito autonómico para persoal funcionario dos corpos docentes.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 32,68 miles de euros previstos no orzamento do MEFP.

8654 Estatística de gasto público en educación

Fins: coñecemento dos recursos económicos do sector público destinados á educación e satisfacción de requirimentos internacionais.

Organismos que interveñen: MEFP, consellerías/departamentos con competencia na materia de todas as comunidades autónomas, MUNI, INE.

Descrición xeral (principais variables): gasto en educación de todos os niveis de ensino. Administración xestora, actividades de educación, clasificación orzamentaria.

Colectivo: Administración educativa, departamentos ministeriais, comunidades autónomas, Administración local, universidades.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 204,32 miles de euros previstos no orzamento do MEFP.

8655 Estatística de financiamento e gastos do ensino privado

Fins: estudo das características estruturais e económicas dos centros de ensino que desenvolven a súa actividade no sector do ensino privado regrado, tanto concertados (con algunha unidade escolar financiada con fondos públicos) como non concertados.

Organismos que interveñen: INE, Instituto de Estatística de Cataluña, Euskal Estatistika-Erakundea/Instituto Vasco de Estatística, MEFP.

Descrición xeral (principais variables): gastos e ingresos, custo dos distintos niveis de ensino, servizos complementarios e servizos asistenciais, estrutura e actividade dos centros, persoal e alumnos. Nivel educativo, tipo, tamaño e titularidade do centro, tipo de servizo. Por enumeración completa.

Colectivo: centros docentes de ensino regrado privado cuxa actividade principal é impartir un ou máis niveis educativos.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 289,53 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8656 Estatística de financiamento e gasto das universidades públicas españolas

Fins: coñecemento da situación orzamentaria e financeira das universidades públicas españolas.

Organismos que interveñen: MUNI, consellerías/departamentos con competencia na materia das comunidades autónomas, universidades.

Descrición xeral (principais variables): liquidación orzamentaria de gastos e de ingresos das universidades públicas españolas: gastos de persoal, de bens e servizos, financeiros, etc., así como análise do balance e da conta de resultados das universidades públicas.

Colectivo: universidades públicas españolas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuadrenio 2021-2024: 281,14 miles de euros previstos no orzamento do MUNI.

8657 Estatística de bolsas e axudas ao estudo

Fins: coñecemento dos recursos económicos destinados a bolsas polas administracións educativa, e satisfacción de requirimentos internacionais.

Organismos que interveñen: MEFP, consellerías/departamentos con competencia na materia de todas as comunidades autónomas, MUNI.

Descrición xeral (principais variables): bolsas, alumnos bolseiros, importes das bolsas concedidas. Niveis educativos e tipo de bolsa, sexo.

Colectivo: alumnos bolseiros.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuadrenio 2021-2024: 149,84 miles de euros previstos no orzamento do MEFP.

8658 Enquisa de gasto dos fogares en educación

Fins: profundar e detallar, a partir dos datos obtidos na enquisa de orzamentos familiares, as contías e características do gasto dos fogares en educación. Responder a requirimentos internacionais.

Organismos que interveñen: INE, MEFP.

Descrición xeral (principais variables): desagregación do gasto total en educación dos fogares, tanto dos gastos en bens e servizos adquiridos nos centros educativos como daqueles procedentes doutros sectores (transporte, aloxamento, comedores, artes gráficas, etc.) ocasionados con motivo da educación dalgún dos seus membros. Análise detallada do gasto en educación que permita a obtención de resultados do gasto total e gastos medios (por fogar e por estudante) por nivel de ensino, ou tipo de ben ou servizo. Tipo de centro, nivel de ensino, tipo de ben ou servizo. Por mostraxe.

Colectivo: fogares privados con algún membro cursando estudos (regrados ou non regrados).

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuadrenio 2021-2024: 510,77 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8659 Estatística de universidades, centros e titulacións

Fins: coñecemento e cuantificación das estruturas docentes e investigadoras universitarias: universidades, campus, centros, departamentos, escolas de doutoramento, institutos de investigación, hospitais adscritos, etc., así como as titulacións de grao, máster e doutoramento que se imparten, natureza de impartición, número de prazas, número de preinscritos e de admitidos e matrícula de novo ingreso. Relación entre oferta e demanda nos estudos universitarios.

Organismos que interveñen: MUNI, consellerías/departamentos con competencia na materia das comunidades autónomas, universidades.

Descrición xeral (principais variables): centros universitarios, tipoloxía e natureza, titulacións de grao, máster e doutoramento, oferta de prazas en universidades públicas, demanda de titulacións, admisión á titulación, matrícula de novo ingreso, nota de corte.

Colectivo: universidades públicas e privadas do Sistema universitario español.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 152,80 miles de euros previstos no orzamento do MUNI.

8660 Estatística de ensinanzas non universitarias (centros, matrícula, graduados e persoal)

Fins: coñecemento da situación das ensinanzas de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional, educación especial, ensinanzas artísticas, ensinanzas de idiomas, ensinanzas deportivas, educación de adultos, e outras ensinanzas que se impartan no marco do sistema educativo non universitario, e satisfacción de requirimentos internacionais.

Organismos que interveñen: MEFP, consellerías/departamentos con competencia na materia de todas as comunidades autónomas.

Descrición xeral (principais variables): unidades, grupos, alumnado matriculado, alumnado repetidor, alumnado de novo ingreso, alumnado que necesita recursos adicionais, alumnado estranxeiro, graduados, persoal, servizos complementarios. Titularidade do centro, ensinanzas, variables demográficas e curriculares do alumnado matriculado e graduado, categoría, dedicación e idade do persoal, área xeográfica de procedencia do alumnado estranxeiro.

Colectivo: centros docentes.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 1.737,44 miles de euros previstos no orzamento do MEFP.

8661 Estatística do alumnado de formación profesional

Fins: coñecemento do perfil, situación, traxectoria e resultados académicos dos alumnos de formación profesional, e satisfacción de requirimentos internacionais. Seguimento educativo nos anos posteriores dos graduados en FP básica, grao medio e grao superior e, en especial, a súa continuidade nos graos superiores de FP, así como na universidade. Dispor de información sobre o emprego, a empregabilidade e a inserción laboral dos graduados en FP do sistema educativo.

Organismos que interveñen: MEFP, consellerías/departamentos con competencia na materia de todas as comunidades autónomas, MISM, MUNI.

Descrición xeral (principais variables): grupos, alumnado matriculado, alumnado de novo ingreso, alumnado estranxeiro, graduados. Titularidade do centro, ensinanzas. Taxa de afiliación, afiliados en réxime de autónomos, afiliados con contrato indefinido, grupo de cotización, base media de cotización anual. Sexo, idade, nacionalidade, grao de FP, ensino cursado, número de anos desde a gradación, comunidade autónoma e familia profesional.

Colectivo: alumnado matriculado/graduados de formación profesional.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 445,99 miles de euros previstos no orzamento do MEFP.

8662 Estatística das probas de acceso á universidade (PAU)

Fins: coñecemento e cuantificación dos estudantes que realizan as probas de acceso á universidade cada ano, tanto na fase xeral como na fase específica, así como as notas que obteñen en cada unha das materias matriculadas.

Organismos que interveñen: MUNI, consellerías/departamentos con competencia na materia das comunidades autónomas, universidades.

Descrición xeral (principais variables): vía de acceso á universidade, nota de acceso, nota obtida nas diferentes fases do proceso de acceso, nota do estudo que dá acceso á proba, etc. Sexo, idade, nacionalidade.

Colectivo: alumnado que participa nas probas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 113,20 miles de euros previstos no orzamento do MUNI.

8663 Estatística de estudantes universitarios

Fins: coñecemento do perfil, situación e traxectoria dos alumnos de novo ingreso, matriculados e egresados de titulacións oficiais de grao, máster e doutoramento e seguimento da súa inserción no mercado laboral.

Organismos que interveñen: MUNI, TXSS, consellerías/departamentos con competencia na materia das comunidades autónomas, universidades.

Descrición xeral (principais variables): alumnado de novo ingreso, matriculado e egresado. Tipo de universidade, modalidade da universidade, tipo de centro, rama de ensino, ámbito de estudo, campo de estudo. Taxa de afiliación, grupo de cotización, base media de cotización.

Colectivo: estudantes matriculados e egresados das universidades españolas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 524,76 miles de euros previstos no orzamento do MUNI.

8664 Estatística de acción educativa no exterior

Fins: coñecemento estatístico da acción educativa española no exterior.

Organismos que interveñen: MEFP.

Descrición xeral (principais variables): centros, profesorado, alumnado. País, etapas educativas, tipo de centro, tipo de programa, sexo.

Colectivo: centros docentes, seccións españolas en centros estranxeiros, seccións bilingües, escolas europeas, agrupacións e aulas de lingua e cultura española, asesorías técnicas, centros de convenio, auxiliares de conversación e profesores visitantes.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuadrenio 2021-2024: 89,79 miles de euros previstos no orzamento do MEFP.

8665 Estatística dos programas educativos europeos

Fins: coñecemento dos aspectos esenciais do programa europeo Erasmus+ da Comisión Europea, nos ámbitos da educación e da formación, xestionado desde España para fomentar a cooperación transnacional entre centros dos sectores da educación escolar, a formación profesional, a educación superior e a educación de persoas adultas, co fin de mellorar a calidade da educación e reforzar a dimensión europea.

Organismos que interveñen: MEFP, MUNI.

Descrición xeral (principais variables): proxectos, participantes e importe. Tipo de programa, tipo de acción, nivel educativo, área temática do proxecto, país de destino-mobilidade, país de orixe-mobilidade, sexo-participante.

Colectivo: proxectos seleccionados e realizados.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuadrenio 2021-2024: 120,75 miles de euros previstos no orzamento do MEFP.

8666 Estatística de teses de doutoramento

Fins: coñecemento e cuantificación das teses de doutoramento que se len nas universidades públicas e privadas en España e caracterización dos doutores.

Organismos que interveñen: MUNI, universidades.

Descrición xeral (principais variables): teses de doutoramento declaradas aptas. Centro, rama de ensino, titulación, área de coñecemento, liñas de investigación, sexo.

Colectivo: teses de doutoramento declaradas aptas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuadrenio 2021-2024: 114,70 miles de euros previstos no orzamento do MUNI.

8667 Programa para a avaliación internacional de competencias da poboación adulta (PIAAC Programme for the International Assessment of Adult Competences da OCDE)

Fins: identificar e medir diferenzas entre individuos adultos en relación con competencias e habilidades en alfabetización, cálculo e comprensión lectora. Relacionar as ditas competencias e habilidades coas exixencias do posto de traballo.

Organismos que interveñen: MEFP, MTES a través do SEPE, INE.

Descrición xeral (principais variables): grao de destreza en comprensión alfanumérica, cálculo numérico e comprensión lectora. Idade, sexo, situación na actividade, nivel e campo de estudos formais realizados e/ou en curso, nivel de formación alcanzado, formación desenvolvida durante os doce últimos meses, formación no traballo, status laboral, adquisición e perda de coñecementos, experiencia requirida para o traballo, utilización de coñecementos no traballo, ingresos, uso de coñecementos para escribir e ler, coñecementos numéricos, compromisos culturais e sociais, estado de saúde, país de nacemento, nacionalidade, información sobre os pais (país de nacemento, nivel de formación, ocupación), etc.. Por mostraxe.

Colectivo: persoas de 16 a 65 anos empadroadas en España.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 1.882,76 miles de euros previstos no orzamento do MEFP e 760,00 miles de euros previstos no orzamento do MTES.

8668 Enquisa comunitaria de formación profesional continua

Fins: avaliar a magnitude e as características da formación profesional continua financiada polas empresas, así como estudar as empresas que non realizan ningún tipo de formación.

Organismos que interveñen: MTES, Eurostat.

Descrición xeral (principais variables): empresas formadoras e non formadoras, participantes en cursos, duración e custos da formación, actividades formativas. Actividade económica, tamaño de empresa. Por mostraxe.

Colectivo: empresas de sectores non agrarios con cinco ou máis asalariados.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 13,98 miles de euros previstos no orzamento do MTES.

8669 Enquisa de formación profesional para o emprego en empresas

Fins: avaliar a magnitude e as características da formación profesional para o emprego financiada polas empresas, así como estudar as empresas que non necesitan ningún tipo de formación.

Organismos que interveñen: MTES.

Descrición xeral (principais variables): empresas formadoras e non formadoras, participantes en cursos, duración e custos da formación, actividades formativas. Actividade económica, tamaño de empresa. Por mostraxe.

Colectivo: empresas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 265,72 miles de euros previstos no orzamento do MTES.

8670 Estatística de formación para o emprego

Fins: obtención e difusión de datos relativos a cursos e alumnos de formación profesional para o emprego.

Organismos que interveñen: MTES, consellerías/departamentos con competencia na materia das comunidades autónomas.

Descrición xeral (principais variables): cursos impartidos, alumnos asistentes aos cursos e alumnos que obtiveron avaliación positiva. Duración, nivel e lugar onde se imparten os cursos, sexo, idade e situación laboral dos alumnos.

Colectivo: cursos impartidos de formación para o emprego, alumnos.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 51,81 miles de euros previstos no orzamento do MTES.

8671 Enquisa sobre a participación da poboación adulta nas actividades de aprendizaxe

Fins: coñecer as actividades de formación e aprendizaxe realizadas pola poboación adulta 'aprendizaxe ao longo da vida'.

Organismos que interveñen: INE.

Descrición xeral (principais variables): participación en actividades de aprendizaxe, características das actividades de aprendizaxe, dificultades para participar, busca de información sobre posibilidades de aprendizaxe e coñecementos lingüísticos. Tipo de actividade (educación formal e non formal, aprendizaxe informal), características das persoas adultas (sexo, grupo de idade, nacionalidade, perfil educativo, situación no mercado laboral), habilidades adquiridas (TIC, idiomas), participación cultural e social. Por mostraxe.

Colectivo: persoas de entre 18 e 64 anos, ambos inclusive, que viven en fogares familiares.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 579,16 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8672 Enquisa de transición educativa-formativa e inserción laboral

Fins: estudar os itinerarios educativo-formativos e a súa inserción laboral dos estudantes que finalizan un nivel de estudos.

Organismos que interveñen: INE, MEFP, MTES.

Descrición xeral (principais variables): todas aquelas que relacionan e conforman o estudo e o traballo (centro de estudo, emprego, salario, desemprego, etc.) e opinións persoais sobre o itinerario (satisfacción, etc.). Sexo, idade, colectivo investigado, titularidade do centro. Por mostraxe.

Colectivo: persoas que terminaron estudos do sistema educativo non universitario ou abandonaron a ESO sen obter a súa titulación no curso de referencia.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 186,23 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8673 Enquisa de inserción laboral de titulados universitarios

Fins: obter información para o colectivo que finaliza a universidade: dos itinerarios educativos e laborais seguidos, a análise das características dos empregos encontrados e a súa adecuación á formación recibida, así como o estudo dos períodos de desemprego e inactividade unha vez que abandonaron o sistema educativo.

Organismos que interveñen: INE, MUNI, MEFP, MTES.

Descrición xeral (principais variables): contorno demográfico e universitario, educación e aprendizaxe, proceso de incorporación ao mercado laboral, distancia entre empresa e empregado, mobilidade do titulado. Sexo, idade, tipo de universidade, agrupacións de titulación, rama de estudo, ámbito de estudo.

Colectivo: titulado no sistema universitario español no curso 2009/10.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 242,54 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8674 Indicadores universitarios

Fins: realizar un seguimento dos estudantes e dos estudos que realizan presentando datos relativos ao rendemento académico en relación cos créditos, á renovación de estudantes nas diferentes titulacións, ao abandono e cambio de estudos, ao tempo investido até egresar, ás notas dos expedientes e ás taxas de transición de grao a máster. Ademais, ofrécense datos sobre a mobilidade dos estudantes e datos relacionados coas bolsas e axudas convocadas pola Administración xeral do Estado, polas comunidades autónomas e polas universidades e que teñen como destinatarios estudantes matriculados en estudos oficiais no Sistema universitario español (SUE).

Organismos que interveñen: MUNI, MEFP, consellerías/departamentos con competencia na materia das comunidades autónomas, universidades.

Descrición xeral (principais variables): rendemento: nota do expediente, abandono do estudo, cambio de estudo, idoneidade, duración dos estudos, renovación da titulación, transición de grao a máster. Internacionalización: mobilidade de estudantes internacionais, estudantes e profesores estranxeiros. Bolsas: convocatorias, prazas convocadas, beneficiarios, importe concedido, anos que desfrutou da bolsa, rendementos bolseiros.

Colectivo: estudantes universitarios nacionais e internacionais, profesores estranxeiros, beneficiarios de bolsas e axudas convocados pola AXE, comunidades autónomas e universidades.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 387,60 miles de euros previstos no orzamento do MUNI.

8675 Sistema estatal de indicadores da educación

Fins: definición e construción dun sistema de indicadores que proporcione información sobre o estado da educación no ámbito estatal, compatible cos modelos internacionais, e que poida ser aplicado polas administracións educativas. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: MEFP, consellerías/departamentos con competencia na materia de todas as comunidades autónomas.

Descrición xeral (principais variables): contexto, recursos, escolarización, procesos e resultados educativos. Nivel de ensino, sexo.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 384,07 miles de euros previstos no orzamento do MEFP.

8676 Indicadores estatísticos da educación

Fins: obtención de indicadores a partir das estatísticas da educación e doutras estatísticas que proporcionan información relacionada ou relacionable coa educación, co fin de ofrecer información sintética sobre múltiples aspectos da educación. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: MEFP, consellerías/departamentos con competencia na materia de todas as comunidades autónomas, INE, MUNI.

Descrición xeral (principais variables): contexto da educación, recursos destinados á educación, escolarización nas ensinanzas do sistema educativo e formativo, aspectos específicos da escolarización, a transición e os resultados no sistema educativo, os resultados a longo prazo da educación e as relacións da educación co exterior. Sexo, titularidade do centro, comunidade autónoma e outras variables propias do sector.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 271,09 miles de euros previstos no orzamento do MEFP.

8677 Estatística internacional dos sistemas de educación e formación - cuestionario UNESCO/OCDE/Eurostat

Fins: coñecemento da actividade do sistema educativo-formativo nos seus diferentes niveis educativos e atender as demandas internacionais desta información. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: MEFP, MUNI, INE.

Descrición xeral (principais variables): alumnado matriculado, alumnado de novo ingreso, alumnado graduado, alumnado que participa en mobilidade internacional, alumnado en aprendizaxe de linguas estranxeiras, unidades escolares, profesorado e outro persoal, financiamento do gasto educativo, gasto educativo. Niveis educativos, sexo, idade, dedicación (completa/parcial), lingua estranxeira cursada, nivel de Administración financiadora, actividades de educación, clasificación orzamentaria.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 352,96 miles de euros previstos no orzamento do MEFP e 30,78 miles de euros previstos no orzamento do INE.

20. Sector ou tema: investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico

8701 Estatística sobre actividades en I+D

Fins: medición dos recursos humanos e financeiros destinados a actividades en I+D nos sectores: empresas, Administración pública, institucións privadas sen fins de lucro e ensino superior.

Organismos que interveñen: INE, órganos centrais de estatística das comunidades autónomas e consellerías/departamentos con competencia na materia das comunidades autónomas, Axencia Estatal de Investigación (MCIN), entidade pública empresarial Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI), Instituto de Saúde Carlos III, O.A. (MCIN), AEAT.

Descrición xeral (principais variables): gastos en I+D, persoal empregado en I+D, empresas que realizan I+D. Campo ou disciplina científica, obxectivo socioeconómico, rama de actividade. Por enumeración completa.

Colectivo: empresas ou organismos públicos que realizan actividades en I+D, institucións privadas sen fins de lucro con actividade en I+D, universidades e outros centros de ensino superior.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 905,83 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8702 Estatística de créditos orzamentarios (iniciais e finais) de I+D

Fins: medir os gastos en actividades de I+D financiados polas administracións públicas.

Organismos que interveñen: MCIN, departamentos ministeriais, organismos autónomos, outras entidades públicas, CDTI, consellerías/departamentos con competencia na materia das comunidades autónomas.

Descrición xeral (principais variables): orzamentos para I+D en unidades monetarias. Orzamentos para I+D desagregados por obxectivos socioeconómicos NABS 2007.

Colectivo: departamentos ministeriais, organismos autónomos, outras entidades públicas, CDTI e consellerías/departamentos das comunidades autónomas con orzamentos de I+D.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 124,72 miles de euros previstos no orzamento do MCIN.

8703 Enquisa sobre innovación nas empresas

Fins: coñecemento das actividades innovadoras das empresas, dos resultados da innovación e do seu impacto económico.

Organismos que interveñen: INE, órganos centrais de estatística das comunidades autónomas e consellerías/departamentos con competencia na materia das comunidades autónomas, Axencia Estatal de Investigación (MCIN), entidade pública empresarial Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI), Instituto de Saúde Carlos III, O.A. (MCIN), AEAT.

Descrición xeral (principais variables): gastos en actividades innovadoras, resultados da innovación e o seu impacto económico. Ramas de actividade, tamaño das empresas. Por mostraxe.

Colectivo: empresas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 5.007,76 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8704 Estatística sobre o uso de biotecnoloxía

Fins: coñecer a investigación en biotecnoloxía que se fai en España e o seu tipo.

Organismos que interveñen: INE, Asebio.

Descrición xeral (principais variables): gastos en investigación en tecnoloxía e persoal en investigación en biotecnoloxía. Rama de actividade. Por enumeración completa.

Colectivo: empresas, universidades, institucións privadas sen fins de lucro, administracións públicas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 118,08 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8705 Indicadores de alta tecnoloxía

Fins: obter información sobre sectores e produtos considerados 'de alta tecnoloxía' (sectores industriais e de servizos). Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: INE, AEAT.

Descrición xeral (principais variables): para ramas de actividade: indicadores de I+D, indicadores de innovación, ocupados, valor da produción, valor engadido, número de empresas. Para produtos: valor da produción, valor das importacións, valor das exportacións. Rama de actividade, tipo de produto.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 40,87 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8706 Estatísticas de propiedade industrial

Fins: información das solicitudes de protección xurídica de propiedade industrial.

Organismos que interveñen: MITC.

Descrición xeral (principais variables): patentes, modelos de utilidade, marcas, nomes comerciais, rótulos de establecementos, deseño industrial, topografías de produtos semicondutores, certificados complementarios de protección. Solicitudes, resolucións, clasificación internacional, titulares, nº de expediente.

Colectivo: solicitudes e actuacións administrativas, realizadas nos procedementos de concesión das distintas modalidades da propiedade industrial.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 769,17 miles de euros previstos no orzamento do MITC.

21. Sector ou tema: saúde**8731 Sistema de información de atención primaria do Sistema nacional de saúde**

Fins: proporcionar información sobre a dotación de persoal, actividade (xeral e en prestacións específicas) e número de centros físicos e/ou funcionais do Sistema nacional de saúde que teñen como finalidade a atención primaria. Proporcionar información sobre dispositivos móbiles, recursos humanos e actividade dos servizos de urxencias e emerxencias (112/061).

Organismos que interveñen: MSND, consellerías/departamentos con competencia na materia de todas as comunidades autónomas, Inxesa.

Descrición xeral (principais variables): persoal, actividade e centros de atención primaria. Persoal, actividade e dispositivos móbiles dos servizos de urxencias e emerxencias (112/061).

Colectivo: áreas de saúde (para atención primaria), provincias (para servizos de urxencias e emerxencias (112/061)).

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 354,12 miles de euros previstos no orzamento do MSND.

8732 Enquisa de morbilidad hospitalaria

Fins: coñecemento da morbilidad atendida en hospitais segundo o diagnóstico definitivo.

Organismos que interveñen: INE, Departamento de Saúde de Cataluña, Consellería de Saúde de Andalucía, Euskal Estatistika-Erakundea/Instituto Vasco de Estadística, MDEF.

Descrición xeral (principais variables): altas hospitalarias, estadías causadas, estadía media. Diagnóstico definitivo, sexo, idade, motivo da alta, dependencia do hospital, provincia de residencia, provincia de hospitalización.

Colectivo: altas producidas nos hospitais.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 696,98 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8733 Estatística de centros sanitarios de atención especializada

Fins: información da actividade asistencial, económica e docente dos centros con internamento (hospitais) e as súas características estruturais, e dos centros sen internamento, principais provedores de servizos de atención especializada, que permite, ademais da obtención de índices, mostrar o funcionamento do sector e facer seguimento e análise da súa evolución.

Organismos que interveñen: MSND, consellerías/departamentos con competencia na materia de todas as comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía de Ceuta e Melilla, MDEF.

Descrición xeral (principais variables): oferta asistencial, dotación, persoal, altas, estadias, consultas, ingresos, técnicas de diagnóstico, actividade noutras áreas, actividade cirúrxica, actividade obstetricia, servizos de urxencia, gastos, investimentos e ingresos. Tipo de centro de atención especializada: con internamento (hospital) sen internamento, finalidade asistencial do centro, dependencia funcional segundo entidade financiadora, forma xurídica, contrato co Sistema nacional de saúde, acreditación docente. Por enumeración completa.

Colectivo: centros hospitalarios e centros sen internamento de atención especializada.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 514,82 miles de euros previstos no orzamento do MSND.

8734 Explotación estatística do conxunto mínimo básico de datos (RAE-CMBD): demanda hospitalaria e morbilidade atendida

Fins: coñecemento dos procesos de hospitalización (diagnóstico, comorbilidade, tipo de proceso de atención e tipo de proceso) con internamento e sen internamento dos hospitais públicos e privados.

Organismos que interveñen: MSND, consellerías/departamentos con competencia na materia de todas as comunidades autónomas, Inxesa.

Descrición xeral (principais variables): datas de ingreso e alta, diagnóstico principal e secundarios, procedementos diagnósticos e terapéuticos, destino e situación no momento da alta, claves de historia clínica e hospital, financiamento da asistencia. Idade, sexo, lugar de residencia, lugar de hospitalización.

Colectivo: enfermos dados de alta en hospitais, cirurxía ambulatoria e hospital de día.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 1.814,48 miles de euros previstos no orzamento do MSND.

8735 Estatística de profesionais sanitarios colexiados

Fins: información do número de colexiados nas profesións sanitarias tituladas con organización profesional, de acordo co disposto no artigo 2 da Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias.

Organismos que interveñen: INE.

Descrición xeral (principais variables): colexiados por especialidade. Sexo, lugar de colexiación, idade, situación laboral.

Colectivo: colexios profesionais.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuadrenio 2021-2024: 117,16 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8736 Estatística de enfermidades de declaración obrigatoria

Fins: vixilancia epidemiolóxica, detección da ocorrencia anormal das enfermidades de declaración obrigatoria para a adopción de medidas de control.

Organismos que interveñen: MCIN, MSND, direccións xerais de Saúde Pública de todas as comunidades autónomas.

Descrición xeral (principais variables): enfermidade, localización xeográfica (provincial e/ou municipal), data dos primeiros síntomas, factores de risco. Idade, sexo.

Colectivo: colectivo de enfermos asistidos polo médico que notifica.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuadrenio 2021-2024: 813,64 miles de euros previstos no orzamento do MCIN.

8737 Estatística estatal de SIDA

Fins: coñecemento do número de casos de SIDA e os seus factores de risco.

Organismos que interveñen: MCIN, MSND, direccións xerais de Saúde Pública de todas as comunidades autónomas.

Descrición xeral (principais variables): número de casos, factores de risco. Idade, sexo.

Colectivo: enfermos de SIDA.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuadrenio 2021-2024: 182,33 miles de euros previstos no orzamento do MCIN.

8738 Sistema de información microbiolóxica

Fins: vixilancia epidemiolóxica das enfermidades transmisibles e coñecemento da distribución dos seus axentes etiolóxicos.

Organismos que interveñen: MCIN, MSND, direccións xerais de Saúde Pública de todas as comunidades autónomas.

Descrición xeral (principais variables): axente etiolóxico, enfermidade, criterios diagnósticos. Idade, sexo.

Colectivo: mostras clínicas que se procesan nos laboratorios.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 270,28 miles de euros previstos no orzamento do MCIN.

8739 Estatística estatal de encefalopatías esponxiformes transmisibles humanas

Fins: coñecemento do número de afectados polas distintas formas de encefalopatía esponxiforme transmisible humana.

Organismos que interveñen: MCIN, MSND, direccións xerais de Saúde Pública de todas as comunidades autónomas.

Descrición xeral (principais variables): número de casos. Idade, sexo.

Colectivo: enfermos.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 186,16 miles de euros previstos no orzamento do MCIN.

8740 Estatística de defuncións segundo a causa de morte

Fins: coñecer o fenómeno da mortalidade atendendo á causa básica da defunción, distinguindo entre mortes fetais tardías e o resto, e subministrar información para a construción de indicadores de saúde.

Organismos que interveñen: INE, órganos centrais de estatística de todas as comunidades autónomas, consellerías/departamentos con competencia en sanidade das comunidades autónomas, rexistros civís e xulgados (MJUS), institutos de medicina legal (IML).

Descrición xeral (principais variables): persoas falecidas e mortes fetais tardías. Causa da defunción, sexo, idade, mes de falecemento, provincia de residencia e de falecemento e nivel de estudos.

Colectivo: defuncións.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 1.185,70 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8741 Indicadores de consumo de substancias psicoactivas do Observatorio Español das Drogas e das Adiccións: mortalidade por reacción aguda

Fins: estimar as tendencias do número de mortes por reacción aguda a substancias psicoactivas e describir as características sociodemográficas e a prevalencia dalgúns patróns de consumo relevantes das persoas falecidas.

Organismos que interveñen: MSND, consellerías/departamentos das comunidades e cidades autónomas con competencia na materia.

Descrición xeral (principais variables): mortes por reacción aguda a substancias psicoactivas nun ano dado. Idade, sexo, data de defunción, provincia e municipio de defunción, provincia e municipio de residencia, estado civil, procedencia do cadáver, criterios clínicos de morte RASUPSI que cumpre o falecido, evidencias de suicidio, signos recentes de venopuncións, existencia de patoloxía previa importante que puido precipitar a morte, anticorpos anti-VIH, substancias toxicolóxicas ou metabolitos detectados nas análises toxicolóxicas.

Colectivo: mortes por reacción aguda a substancias psicoactivas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 1.525,48 miles de euros previstos no orzamento do MSND.

8742 Indicadores de consumo de substancias psicoactivas do Observatorio Español das Drogas e das Adiccións: urxencias hospitalarias

Fins: describir as características sociodemográficas dos consumidores de substancias psicoactivas atendidos nos servizos hospitalarios de urxencia e algúns dos seus patróns de consumo.

Organismos que interveñen: MSND, consellerías/departamentos das comunidades e cidades autónomas con competencia na materia.

Descrición xeral (principais variables): urxencias hospitalarias en consumidores de substancias psicoactivas nun ano dado. Idade, sexo, data de admisión en urxencias, nacionalidade, provincia e municipio de residencia, condición legal do paciente (detido ou non), diagnóstico da urxencia, nome das substancias psicoactivas relacionadas coa urxencia e vía de administración, resolución da urxencia.

Colectivo: episodios de urxencias hospitalarias en consumidores de substancias psicoactivas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 1.536,52 miles de euros previstos no orzamento do MSND.

8743 Indicadores de consumo de substancias psicoactivas do Observatorio Español das Drogas e das Adiccións: admisións a tratamento

Fins: describir as características sociodemográficas e algúns patróns de consumo (e as súas tendencias temporais) das persoas admitidas a tratamento por cada substancia psicoactiva nos centros notificadores.

Organismos que interveñen: MSND, consellerías/departamentos das comunidades e cidades autónomas con competencia na materia.

Descrición xeral (principais variables): admisións a tratamento ambulatorio por abuso ou dependencia de substancias psicoactivas nun ano dado. Variables sociodemográficas, droga principal pola que é admitido a tratamento, frecuencia de consumo de droga principal, ano de inicio no consumo de droga principal, tratamento previo pola mesma droga, vía máis frecuente de administración de droga principal, outras drogas consumidas en 30 días previos, tempo transcorrido desde a última vez que se inxectou drogas, estado serolóxico fronte a VIH, VHC e VHB.

Colectivo: persoas admitidas a tratamento por abuso ou dependencia de substancias psicoactivas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 2.208,52 miles de euros previstos no orzamento do MSND.

8744 Enquisa sobre uso de drogas en ensinanzas secundarias en España

Fins: coñecer a situación e as tendencias do consumo de drogas entre os estudantes de ensino secundario, bacharelato e formación profesional para deseñar e avaliar políticas dirixidas a previr o consumo de substancias psicoactivas, os problemas asociados e outras cuestións relacionadas.

Organismos que interveñen: MSND, MEFP, consellerías/departamentos con competencia na materia de todas as comunidades e cidades autónomas.

Descrición xeral (principais variables): prevalencia e frecuencia de consumo das distintas substancias psicoactivas, risco percibido, accesibilidade percibida, aprobación/rexeitamento de distintas condutas de consumo, información recibida sobre o tema e vía pola que a recibiu, consumo de substancias psicoactivas polos seus iguais, actitude dos pais ante o consumo de substancias psicoactivas. Idade, sexo, comunidade autónoma, titularidade do centro educativo, tipo de estudos, situación laboral principal dos pais, nivel de estudos completado polos pais, repetición de curso, diñeiro de que dispón semanalmente, utilización do tempo libre. Por mostraxe.

Colectivo: mocidade de 14 a 18 anos escolarizada en España en ensinanzas secundarias (ESO, bacharelato e ciclo formativo básico de formación profesional e ciclo de grao medio de formación profesional ou equivalentes).

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 643,08 miles de euros previstos no orzamento do MSND.

8745 Enquisa sobre saúde e consumo de drogas en internados en institucións penitenciarias en España (ESDIP)

Fins: coñecer a situación sobre a saúde, consumo de substancias psicoactivas, prácticas de risco e tratamento por uso de substancias psicoactivas en internos en institucións penitenciarias en España, as súas tendencias e evolución co fin de deseñar e avaliar políticas dirixidas a previr o consumo e os problemas asociados ao consumo de substancias psicoactivas nos centros penitenciarios españois.

Organismos que interveñen: MSND, Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias (MINT), Secretaría de Servizos Penitenciarios, Rehabilitación e Xustiza Xuvenil de Cataluña (Comunidade Autónoma de Cataluña).

Descrición xeral (principais variables): características sociodemográficas, situación do estado de saúde percibido, prevalencia do consumo das distintas substancias psicoactivas; patróns de consumo: perfil, inxectores, policonsumo; prácticas de risco e situación e acceso ao tratamento e a elementos para a redución do risco. Idade, sexo, país de orixe; estudos alcanzados; situación penitenciaria; orixe do ingreso en prisión. Por mostraxe.

Colectivo: internos de 18 a 65 anos de centros dependentes da Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias (MINT) e da Secretaría de Servizos Penitenciarios, Rehabilitación e Xustiza Xuvenil de Cataluña.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 194,68 miles de euros previstos no orzamento do MSND.

8746 Enquisa sobre alcohol e drogas en poboación xeral en España

Fins: coñecer a prevalencia de consumo de alcohol e as distintas substancias psicoactivas en poboación de 15 a 64 anos, e os seus patróns de consumo máis relevantes.

Organismos que interveñen: MSND.

Descrición xeral (principais variables): prevalencia e frecuencia de consumo de alcohol e as distintas substancias psicoactivas, risco percibido, accesibilidade percibida, valoración e visibilidade do problema das substancias psicoactivas no seu contorno próximo, valoración de diversas medidas para facer fronte ao problema das substancias psicoactivas. Idade, sexo, situación laboral principal, máximo nivel de estudos completado, tamaño do hábitat. Por mostraxe.

Colectivo: persoas residentes en España de 15 a 64 anos.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 1.685,48 miles de euros previstos no orzamento do MSND.

8747 Calidade das augas de consumo humano

Fins: desenvolvemento dun sistema de información relativo ao abastecemento e control da calidade das augas de consumo humano. Coñecer e divulgar a calidade da auga de consumo humano para avaliar a súa repercusión na saúde da poboación servida.

Organismos que interveñen: MSND, consellerías/departamentos con competencia na materia das comunidades autónomas, entes locais.

Descrición xeral (principais variables): zonas de abastecemento, infraestruturas do abastecemento (captación, tratamento de potabilización, depósitos de almacenamento de auga, redes de distribución, cisternas). Puntos de mostraxe, parámetros controlados. Temporal, territorial, hidrolóxico e tipoloxía.

Colectivo: zonas de abastecemento.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 654,00 miles de euros previstos no orzamento do MSND.

8748 Calidade das augas de baño

Fins: desenvolvemento dun sistema de información relativo á calidade das augas de baño. Coñecer e divulgar a calidade da auga de baño marítima e continental para avaliar a súa repercusión na saúde da poboación usuaria.

Organismos que interveñen: MSND, consellerías/departamentos con competencia na materia das comunidades autónomas e, excepcionalmente, algún ente local.

Descrición xeral (principais variables): zonas de augas de baño, praias. Puntos de mostraxe, parámetros controlados. Temporal, territorial, hidrolóxico e tipoloxía.

Colectivo: zonas de augas de baño.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 636,00 miles de euros previstos no orzamento do MSND.

8749 Enquisa nacional de saúde

Fins: información sobre morbilidade percibida, utilización de servizos sanitarios, comportamento e hábitos de vida e actividades preventivas.

Organismos que interveñen: MSND, INE.

Descrición xeral (principais variables): autovaloración do estado de saúde, limitación da actividade, uso de servizos sanitarios e de medicamentos, hábitos de vida, cobertura sanitaria. Idade, sexo, tamaño do hábitat, país de orixe e status socioeconómico (nivel de estudos, ocupación e ingresos). Por mostraxe.

Colectivo: poboación adulta e menores residentes en vivendas familiares principais.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 50,38 miles de euros previstos no orzamento do MSND.

8750 Enquisa europea de saúde

Fins: información harmonizada sobre morbilidade percibida, utilización de servizos sanitarios, determinantes de saúde e actividades preventivas.

Organismos que interveñen: INE, MSND.

Descrición xeral (principais variables): autopercepción do estado de saúde, limitación da actividade, uso de servizos sanitarios e de medicamentos, comportamento e hábitos de vida e realización de prácticas preventivas. Idade, sexo, país de nacemento, nivel de estudos, relación coa actividade económica, clase social da persoa de referencia, ingresos mensuais. Por mostraxe.

Colectivo: persoas de 15 e máis anos que residen en vivendas familiares principais.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 7,55 miles de euros previstos no orzamento do INE, e 25,00 miles de euros previstos no orzamento do MSND.

8751 Enquisa de discapacidade, autonomía persoal e situacións de dependencia

Fins: estimación do número de persoas con algunha discapacidade e cales son estas.

Organismos que interveñen: INE.

Descrición xeral (principais variables): limitacións na actividade e restricións na participación nas situacións da vida cotiá, severidade das ditas limitacións e restricións, tipos de deficiencias, causas das deficiencias, axudas técnicas, adaptacións especiais (no fogar, no traballo, etc.), coidados persoais e utilización dos servizos sociais e sanitarios. Idade, sexo, tipo de discapacidade, de deficiencia, ingresos familiares, nivel de estudos, relación coa actividade, tamaño do municipio de residencia, etc. Por mostraxe.

Colectivo: fogares, colectivos e persoas físicas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 229,36 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8752 Estatística de interrupcións voluntarias do embarazo

Fins: información sobre as características sociodemográficas e sobre as condicións sanitarias en que se realizan as interrupcións voluntarias do embarazo, as características das mulleres que se someten a unha interrupción e dos centros en que se realizan.

Organismos que interveñen: MSND, consellerías/departamentos con competencia na materia das comunidades autónomas.

Descrición xeral (principais variables): motivo da interrupción, método empregado na intervención, semanas de xestación, tipo de centro. Grupo de idade, nivel de instrución, situación laboral da muller, métodos anticonceptivos, provincia de residencia.

Colectivo: pacientes.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 328,08 miles de euros previstos no orzamento do MSND.

8753 Estatística do consumo farmacéutico a través de receitas médicas do sistema nacional de saúde incluído o mutualismo administrativo

Fins: información sobre o consumo de medicamentos e produtos sanitarios incluídos na prestación farmacéutica do Sistema nacional de saúde, prescritos en receitas médicas do Sistema nacional de saúde, incluídas as receitas de Muface, Isfas e Muxexu e dispensados a través das oficinas de farmacia.

Organismos que interveñen: MSND, servizos de Saúde de todas as comunidades autónomas, Inxesa, Muface, Isfas e Muxexu.

Descrición xeral (principais variables): número de envases, gasto, gasto medio por envase, importe PVPIVE, dose habitante día (DHD), custo tratamento día (CTD). Medicamentos (por subgrupos farmacolóxicos ATC, por principios activos, por tipo de medicamento: xenérico, orfo, biosimilar), produtos sanitarios, oficinas de farmacia.

Colectivo: receitas médicas do Sistema nacional de saúde, incluídas as receitas de Muface, Isfas e Muxexu, facturadas a través das oficinas de farmacia.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 477,00 miles de euros previstos no orzamento do MSND.

8754 Estatística de consumo de medicamentos nos hospitais da rede pública do Sistema nacional de saúde

Fins: información sobre o consumo de medicamentos nos hospitais da rede pública do SNS.

Organismos que interveñen: MSND, servizos de saúde de todas as comunidades autónomas e Inxesa.

Descrición xeral (principais variables): número de envases de medicamentos consumidos e custo real consumo. Medicamentos por subgrupos farmacolóxicos ATC, por principios activos, por tipo de medicamento.

Colectivo: envases de medicamentos consumidos.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 484,12 miles de euros previstos no orzamento do MSND.

8755 Barómetro sanitario

Fins: obter información sobre a percepción dos cidadáns do funcionamento do sistema sanitario, o impacto de medidas vinculadas ás políticas sanitarias, o coñecemento e/ou actitudes dos cidadáns ante problemas de saúde de interese conxuntural, o grao de penetración de campañas de información e a reavaliación de aspectos analizados en períodos anteriores.

Organismos que interveñen: MSND, Centro de Investigacións Sociolóxicas, O.A. (MPCM).

Descrición xeral (principais variables): a parte fixa do cuestionario aborda a valoración do funcionamento do Sistema nacional de saúde, a valoración do funcionamento dos servizos sanitarios públicos, as listaxes de espera, a equidade no acceso aos servizos e a valoración da descentralización da xestión sanitaria. A parte variable do cuestionario inclúe diferentes dimensións que se definen para cada estudo anual. Idade, sexo, nivel de estudos, actividade, tamaño do municipio de residencia, nivel de ingresos e comunidade autónoma de residencia. Mediante sondaxes de opinión.

Colectivo: poboación residente de ambos os sexos de 18 e máis anos.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 1.168,08 miles de euros previstos no orzamento do MSND.

8756 Indicadores de saúde

Fins: mostrar a evolución da situación de saúde na poboación española mediante unha serie de indicadores de saúde. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: MSND.

Descrición xeral (principais variables): percepción da saúde, mortalidade por causa de morte, incapacidade, morbilidade por diversas enfermidades, factores de risco relacionados coa saúde, nacementos con baixo peso. Idade, sexo, nivel de estudos.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 687,56 miles de euros previstos no orzamento do MSND.

8757 Enquisa de saúde de España

Fins: información harmonizada sobre morbilidade percibida, utilización de servizos sanitarios, determinantes de saúde e actividades preventivas.

Organismos que interveñen: INE é corresponsable co MSND.

Descrición xeral (principais variables): autopercepción do estado de saúde, limitación da actividade, uso de servizos sanitarios e de medicamentos, comportamento e hábitos de vida e realización de prácticas preventivas. Idade, sexo, país de nacemento, nivel de estudos, relación coa actividade económica, clase social da persoa de referencia, ingresos mensuais. Por mostraxe.

Colectivo: poboación residente en vivendas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 1.013,86 miles de euros previstos no orzamento do INE e 1.752,76 miles de euros previstos no orzamento do MSND.

8758 Enquisa nacional de saúde á poboación xitana

Fins: información sobre morbilidade percibida, utilización de servizos sanitarios, comportamento e hábitos de vida e actividades preventivas da poboación xitana residente en España.

Organismos que interveñen: MSND.

Descrición xeral (principais variables): autovaloración do estado de saúde, limitación da actividade, utilización de servizos sanitarios e de medicamentos, hábitos de vida, cobertura sanitaria. Idade, sexo e status socioeconómico (nivel de estudos e ocupación). Por mostraxe.

Colectivo: poboación xitana adulta e menores residentes en vivendas familiares principais.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 257,09 miles de euros previstos no orzamento do MSND.

8759 Estudo sobre as condutas saudables de adolescentes escolarizados (HBSC)

Fins: estudo colaborador da OMS en que participa unha rede de 50 países, a maior parte europeos, e cuxo obxectivo é obter información sobre os estilos de vida dos adolescentes, incluídos hábitos de alimentación, actividade física, consumo de substancias, conduta sexual, contextos de desenvolvemento (familiar, escolar, grupo de iguais) e o seu estado de saúde e benestar.

Organismos que interveñen: MSND.

Descrición xeral (principais variables): hábitos de alimentación, control de peso e imaxe corporal, cepilladura dental, horas de sono, actividade física, consumo de substancias, conduta antisocial, conduta sexual, lesións, calidade das relacións no contexto familiar, no contexto dos iguais, no contexto escolar, *bullying*, relacións de parella, veciñanza, percepción de saúde, axuste psicolóxico e benestar. Idade, sexo, hábitat, titularidade do centro educativo e comunidade autónoma. Tamén se consideran variables de status socioeconómico familiar (nivel de estudos e status profesional da nai e do pai, percepción subxectiva de riqueza, capacidade adquisitiva familiar) e país de orixe (no caso de adolescentes inmigrantes ou procedentes de adopción internacional). Por mostraxe.

Colectivo: adolescentes entre 11 e 18 anos escolarizados en España.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 310,59 miles de euros previstos no orzamento do MSND.

22. Sector ou tema: protección social e servizos sociais

8781 Estatística de medidas de protección á infancia: adopcións, acollementos e tutela de menores

Fins: obtención e difusión de datos sobre as medidas de protección existentes en materia de adopción, acollementos e tutela de menores.

Organismos que interveñen: MDSA, consellerías/departamentos con competencia na materia de todas as comunidades autónomas.

Descrición xeral (principais variables): adopcións, acollementos, tutelas e menores tutelados. Idade, sexo e país de orixe dos adoptados e menores tutelados.

Colectivo: actos xudiciais e actos administrativos.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 67,96 miles de euros previstos no orzamento do MDSA.

8782 Estatística de pensións contributivas do sistema da Seguridade Social

Fins: obtención e difusión de datos en materia de pensións contributivas e movementos (altas e baixas).

Organismos que interveñen: MISM.

Descrición xeral (principais variables): pensións contributivas, altas e baixas e importes correspondentes. Pensionistas. Réxime da Seguridade Social, clase, sexo, idade, tramos de importe, graos de incapacidade, país de residencia, país do convenio.

Colectivo: pensións contributivas da Seguridade Social, pensionistas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 497,12 miles de euros previstos no orzamento do MISM.

8783 Estatística de incapacidade temporal

Fins: obtención e difusión dos datos relativos á prestación de incapacidade temporal, establecida no título II, capítulo V, do Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

Organismos que interveñen: MISM, mutuas colaboradoras coa Seguridade Social.

Descrición xeral (principais variables): duración media dos procesos finalizados no período, incidencia media mensual por cada mil traballadores protexidos, número medio mensual de procesos iniciados no período, prevalencia por cada mil traballadores protexidos, número de procesos en vigor ao final do período considerado, gasto medio mensual por cada traballador protexido e traballadores protexidos ao final do período considerado. Tipo de entidade que o xestiona, tipo de continxencia.

Colectivo: continxencias.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 705,77 miles de euros previstos no orzamento do MISM.

8784 Estatística de pensións do sistema de clases pasivas

Fins: análise das pensións de clases pasivas.

Organismos que interveñen: MISM.

Descrición xeral (principais variables): pensións, importes totais e medios. Idade, sexo, tipo de pensión.

Colectivo: pensións.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 125,63 miles de euros previstos no orzamento do MISM.

8785 Estatística de prestacións por desemprego

Fins: obtención e difusión de datos relativos ás prestacións por desemprego.

Organismos que interveñen: MTES.

Descrición xeral (principais variables): beneficiarios de prestacións por desemprego, contía media da prestación. Tipo, duración, causa do dereito ou de acceso á prestación, sexo e idade, períodos recoñecidos/consumidos, capitalización prestacións, causa de baixa, nacionalidade.

Colectivo: beneficiarios de prestacións.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 155,43 miles de euros previstos no orzamento do MTES.

8786 Estatística do Fondo de Garantía Salarial

Fins: obtención e difusión de datos relativos ás operacións efectuadas polo Fondo de Garantía Salarial (Fogasa).

Organismos que interveñen: MTES.

Descrición xeral (principais variables): expedientes, empresas afectadas, traballadores beneficiarios e prestacións acordadas. Rama de actividade, causa de pagamento, tramos de tamaño da empresa.

Colectivo: expedientes do Fogasa.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 88,00 miles de euros previstos no orzamento do MTES.

8787 Estatística de prestacións non contributivas

Fins: obtención e difusión de datos relativos á xestión, pagamento e perfil dos beneficiarios de pensións da Seguridade Social na súa modalidade non contributiva e prestacións sociais e económicas para persoas con discapacidade reguladas no Real decreto 383/1984, do 1 de febreiro.

Organismos que interveñen: MDSA, consellerías/departamentos con competencia na materia de todas as comunidades autónomas.

Descrición xeral (principais variables): pensións da Seguridade Social na súa modalidade non contributiva e prestacións sociais e económicas para persoas con discapacidade reguladas no Real decreto 383/1984, do 1 de febreiro. Datos de xestión: número de solicitudes, número e contido de resolucións, revisións número de revisións iniciadas e número e contido de resolucións emitidas. Datos de pagamento: número de pensións e prestacións e importes aboados. Datos de perfil: tipo de pensión ou prestación, idade, sexo, estado civil, número de conviventes e grao de discapacidade.

Colectivo: beneficiarios de pensión non contributiva e de axudas concedidas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 719,25 miles de euros previstos no orzamento do MDSA.

8788 Estatística de prestación por nacemento e coidado de menor

Fins: obtención e difusión dos datos relativos ás prestacións por nacemento e coidado de menor.

Organismos que interveñen: MISM.

Descrición xeral (principais variables): número de prestacións recoñecidas e importes aboados por este tipo de prestacións nos períodos de referencia. Duración media para o primeiro proxenitor das prestacións por maternidade biolóxica. Provincia, modalidade de acceso, cesión entre proxenitores.

Colectivo: prestacións.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 16,72 miles de euros previstos no orzamento do MISM.

8789 Estatística de prestacións familiares

Fins: obtención e difusión de datos en materia de beneficiarios e causantes da prestación familiar por fillo ou menor a cargo e outras prestacións familiares de pagamento único.

Organismos que interveñen: MISM.

Descrición xeral (principais variables): beneficiarios, causantes, importes. Grao de discapacidade e grupos de idade.

Colectivo: prestacións.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 43,48 miles de euros previstos no orzamento do MISM.

8790 Estatística de títulos de familia numerosa

Fins: obtención e difusión de datos relativos ás distintas categorías e composición das familias numerosas en España que obteñen clasificación ou recoñecemento como tales.

Organismos que interveñen: MDSA, consellerías/departamentos con competencia na materia de todas as comunidades autónomas.

Descrición xeral (principais variables): títulos novos, renovados e en vigor, concedidos a familias numerosas. Categorías establecidas na lexislación, número de fillos con e sen discapacidade, tipo de familia.

Colectivo: títulos de familia numerosa.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 72,00 miles de euros previstos no orzamento do MDSA.

8791 Estatística de prestacións por razón de necesidade para residentes no exterior e retornados

Fins: obtención e difusión de datos relativos a beneficiarios das prestacións por razón de necesidade para españois residentes no estranxeiro que, tendo alcanzado a idade de xubilación ou estando en situación de incapacidade absoluta para todo tipo de traballo, carecen de recursos económicos e das pensións asistenciais por anciandade cando retornan a España.

Organismos que interveñen: MTES.

Descrición xeral (principais variables): beneficiarios de pensións e importe destas. Sexo, idade, estado civil e país de residencia dos beneficiarios.

Colectivo: beneficiarios de pensións asistenciais a españois residentes no estranxeiro e retornados.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 68,96 miles de euros previstos no orzamento do MTES.

8792 Estatística de prestacións do Sistema para a autonomía e atención á dependencia (SAAD)

Fins: obtención e difusión de datos relativos á xestión do Sistema para a autonomía e atención á dependencia, derivadas da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

Organismos que interveñen: MDSA, consellerías/departamentos con competencia na materia de todas as comunidades autónomas ou deputacións forais.

Descrición xeral (principais variables): solicitudes, resolucións de valoración, persoas beneficiarias con dereito a prestación, persoas beneficiarias con prestación recoñecida. Sexo e idade da persoa solicitante; grao e nivel, ou grao, se for o caso, das resolucións de valoración; sexo e idade da persoa beneficiaria; tipo de servizo (prevención de dependencia e promoción da autonomía, persoal, atención residencial, centros de día e noite, axuda a domicilio, teleasistencia); tipo de prestación económica (vinculada ao servizo, cuidados no contorno familiar, asistencia persoal).

Colectivo: persoas beneficiarias da Lei 39/2006, do 14 de decembro.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 1.497,87 miles de euros previstos no orzamento do MDSA.

8793 Estatística de axudas sociais do artigo 27 a mulleres vítimas de violencia de xénero

Fins: obtención e difusión de resultados das axudas sociais a mulleres vítimas de violencia de xénero recollidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

Organismos que interveñen: MIGD, consellerías/departamentos con competencia na materia de todas as comunidades autónomas.

Descrición xeral (principais variables): mulleres beneficiarias das axudas. Idade, nacionalidade, causas de denegación, discapacidade e grao, responsabilidades familiares, cantidades percibidas, duración da axuda.

Colectivo: mulleres solicitantes e beneficiarias de axudas sociais do artigo 27.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 60,16 miles de euros previstos no orzamento do MIGD.

8794 Estatística de prestacións para "nenos da guerra"

Fins: obtención e difusión de datos relativos a beneficiarios de prestacións para nenos desprazados a causa da Guerra Civil, ao abeiro da Lei 3/2005, do 18 de marzo.

Organismos que interveñen: MTES.

Descrición xeral (principais variables): beneficiarios das prestacións e importe de estas. Sexo, idade, país de residencia dos beneficiarios.

Colectivo: beneficiarios de prestacións para "nenos da guerra".

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 68,96 miles de euros previstos no orzamento do MTES.

8795 Estatísticas integradas de protección social en termos SEEPROS

Fins: obtención e difusión de datos que permitan comparacións entre países sobre extensión e intensidade da protección social e o seu financiamento. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: MTES, MISM, Secretaría de Estado de Dereitos Sociais (MDSA), AEAT, Administración Tributaria do Goberno Vasco, Facenda Tributaria de Navarra, Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos (MHAC), Secretaría de Estado de Economía e Apoio á Empresa (METD), Muface, Isfas, Muxexu, entidades locais.

Descrición xeral (principais variables): cotizacións, achegas públicas, outros ingresos, prestacións, gastos de administración, outros gastos, beneficiarios das pensións. Sector de procedencia dos ingresos, función e tipo de prestación dos gastos.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 307,64 miles de euros previstos no orzamento do MTES.

8796 Estatística de servizos sociais dirixidos a persoas maiores en España

Fins: obtención e difusión de datos relativos aos servizos sociais destinados á atención das persoas maiores.

Organismos que interveñen: MDSA, consellerías/departamentos con competencia na materia de todas as comunidades autónomas, deputacións forais e cidades autónomas de Ceuta e Melilla.

Descrición xeral (principais variables): persoas usuarias, centros, prazas e importe dos servizos sociais. Sexo, idade, poboación, tipo de servizo social (teleasistencia, axuda a domicilio, fogares, centros de día, centros residenciais e vivendas para maiores) e importe do servizo (prezo público e achega do usuario).

Colectivo: servizos sociais.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 267,16 miles de euros previstos no orzamento do MDSA.

8797 Estatística de recursos autonómicos en materia de violencia contra a muller

Fins: proporcionar información sobre os recursos públicos de titularidade autonómica existentes nos distintos ámbitos de actuación destinados á prevención, asistencia e erradicación das distintas formas de violencia contra a muller.

Organismos que interveñen: MIGD, comunidades e cidades autónomas.

Descrición xeral (principais variables): recursos de aloxamento, profesionais dedicados/as e vítimas acollidas neles durante o ano de referencia; centros de atención integral e vítimas atendidas neles; campañas de sensibilización ou prevención levadas a cabo en distintos medios de difusión; instrumentos de cooperación interinstitucional; efectivos policiais e vítimas atendidas por profesionais que recibiron formación especializada; menores con escolarización inmediata noutro centro educativo por motivo de violencia exercida contra a súa nai; idoneidade das instalacións dos xulgados; profesionais e vítimas atendidas nos distintos recursos ofrecidos pola Administración de xustiza; chamadas recibidas en teléfonos de atención especializada e profesionais dedicados; profesionais dedicados a servizos de teleasistencia e vítimas beneficiarias; axudas económicas a vítimas e ás/aos súas/seus fillas/os e subvencións a empresas para favorecer a súa inserción laboral; homes que recibiron terapia preventiva ou de reeducación; actuacións para a empregabilidade das vítimas, prevención ou sensibilización en centros educativos; usuarios de puntos de encontro familiar. Tramos de idade, discapacidade e país de nacemento estranxeiro.

Colectivo: recursos públicos de titularidade autonómica destinados á prevención, asistencia e erradicación das distintas formas de violencia contra a muller.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 34,25 miles de euros previstos no orzamento do MIGD.

8798 Estatística de vítimas de violencia contra a muller por razón de xénero

Fins: obtención e difusión de resultados agregados de todos os casos de mulleres vítimas mortais e non mortais por violencia de xénero a mans das súas parellas ou exparellas, nos termos da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, e das/dos súas/seus fillas/os menores agredidos/as con resultado de morte, así como das mulleres vítimas mortais por razóns de xénero diferentes ás recollidas na dita lei, coa finalidade de proporcionar unha ferramenta para mellorar o coñecemento e facilitar a análise destes sucesos de cara á prevención e erradicación desta lacra social.

Organismos que interveñen: MIGD, MINT, unidades de Coordinación e de Violencia sobre a Muller das delegacións e subdelegacións do Goberno, Consello Xeral do Poder Xudicial, Fiscalía, INSS, Imserso.

Descrición xeral (principais variables): número de mulleres vítimas mortais por violencia de xénero, número de mulleres vítimas non mortais por violencia de xénero que permanecesen hospitalizadas un mínimo de 24 horas a causa das lesións; número de fillas/os menores de idade de vítimas mortais e non mortais por violencia de xénero agredidos/as con resultado de morte; número de mulleres vítimas mortais doutras formas de violencia por razón de xénero distintas da violencia de xénero. Data, lugar e modo da agresión; entrega, fuga e tentativa ou consumación de suicidio por parte o agresor; nacionalidade, país de nacemento, discapacidade, nivel de estudos, situación laboral e situación administrativa da vítima e do seu presunto agresor; nivel de ingresos do fogar da vítima; idade, sexo, discapacidade e convivencia no fogar dos/das fillos/as da vítima e dos/das do presunto agresor; embarazo da vítima no momento da agresión; adiccións do presunto agresor e inxestión de drogas ou alcohol na data da agresión; tipo de relación entre a vítima e o seu presunto agresor, duración desta e convivencia; número de agresores, existencia de

denuncias previas interpostas, tipo de denuncias e denunciante; existencia de proceso xudicial e continuación da vítima nel; vixencia e quebrantamento de medidas cautelares con ou sen oposición da vítima, motivo da súa non vixencia; idade, sexo, discapacidade, convivencia e relación coa vítima doutras persoas agredidas con ou sen resultado de morte; data e resultado da última valoración de risco realizada á vítima; utilización do servizo Atenpro e doutros recursos especializados por parte da vítima; tipo de violencia exercida contra a vítima, axudas económicas por violencia de xénero percibidas pola vítima; constancia de violencia exercida polo presunto agresor contra fillas/os da vítima menores ou con discapacidade, presenza destes durante a agresión e contacto co presunto agresor tras a agresión.

Colectivo: vítimas de violencia contra a muller por razón de xénero.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 76,80 miles de euros previstos no orzamento do MIGD.

8799 Base estatal de datos de persoas con valoración do grao de discapacidade

Fins: obtención e difusión de datos relativos á xestión de valoracións de discapacidade nas distintas CCAA, Ceuta e Melilla.

Organismos que interveñen: Imsero (MDSA), consellerías/departamentos con competencia na materia de todas as comunidades autónomas ou deputacións forais.

Descrición xeral (principais variables): persoas valoradas no seu grao de discapacidade. Sexo, idade, grao de discapacidade recoñecido, tipo da primeira deficiencia e ámbito xeográfico.

Colectivo: persoas que solicitaron a súa valoración de grao de discapacidade.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 506,60 miles de euros previstos no orzamento do MDSA.

23. Sector ou tema: seguridade e xustiza

8821 Estatística de seguridade: actuacións policiais

Fins: obtención de información estatística sobre seguridade cidadá recadada polos distintos órganos competentes (Garda Civil, Corpo Nacional de Policía, comunidades autónomas con policía propia e corpos da policía local).

Organismos que interveñen: MINT.

Descrición xeral (principais variables): tipo de feito, medios empregados, vítimas, modus operandi, número de autores, natureza do lugar, armas utilizadas. Data, hora, cualificación, grao de execución.

Colectivo: infraccións.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 766,45 miles de euros previstos no orzamento do MINT.

8822 Estatística de seguridade: responsables

Fins: obtención de información estatística sobre seguridade cidadá recadada polos distintos órganos competentes (Garda Civil, Corpo Nacional de Policía, comunidades autónomas con policía propia e corpos de policía local).

Organismos que interveñen: MINT.

Descrición xeral (principais variables): detencións e imputacións, participación, lesións que presenta, antecedentes, consumo de droga e alcohol. Data de nacemento, lugar de orixe e residencia, sexo, idade, estado civil, situación laboral, nivel educativo.

Colectivo: infraccións.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 766,45 miles de euros previstos no orzamento do MINT.

8823 Estatística da poboación reclusa

Fins: coñecemento cuantitativo da poboación reclusa e número de ingresos no ano.

Organismos que interveñen: MINT, D.X. de Servizos Penitenciarios (Departamento de Xustiza-Generalitat de Cataluña).

Descrición xeral (principais variables): idade dos internos penados e preventivos, sexo, situación procesual, tipo de delito, español ou estranxeiro, condenas e ingresos.

Colectivo: centros penitenciarios.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 779,32 miles de euros previstos no orzamento do MINT.

8824 Información estatística de penas e medidas alternativas á prisión

Fins: coñecemento cuantitativo da poboación penada a penas e medidas penais alternativas á prisión.

Organismos que interveñen: MINT.

Descrición xeral (principais variables): mandamentos recibidos, mandamentos finalizados/arquivados, stock de condenas, penados. Datos sociodemográficos xerais, tipos delituosos, tipos de condena, tipos de consecuencia penal.

Colectivo: servizos de xestión de penas e medidas alternativas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 78,97 miles de euros previstos no orzamento do MINT.

8825 Sistema de seguimento por medios telemáticos das medidas de afastamento no ámbito da violencia de xénero

Fins: proporcionar información sobre as medidas de afastamento acordadas polos xuíces en virtude do disposto no artigo 64.3 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

Organismos que interveñen: MIGD.

Descrición xeral (principais variables): dispositivos electrónicos instalados a inculpado e vítima en casos de violencia de xénero. Número de dispositivos instalados, activos e desinstalados. Idade, nacionalidade e provincia de residencia da vítima e do inculpado.

Colectivo: dispositivos electrónicos.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 33,20 miles de euros previstos no orzamento do MIGD.

8826 Estatística do Sistema de seguimento integral nos casos de violencia de xénero (Sistema VioXén)

Fins: coñecer a incidencia da violencia sobre a muller na poboación española, así como a distribución dos casos coñecidos segundo o nivel de risco estimado polos especialistas policiais responsables da seguridade das vítimas.

Organismos que interveñen: MINT.

Descrición xeral (principais variables): casos de violencia de xénero, valoracións policiais do risco. Situación dos casos de violencia de xénero (activos, inactivos e en espera), nivel de risco estimado, forzas policiais que teñen asignada a súa seguridade, evolución do número de valoracións policiais do risco segundo tipoloxía (VPR e VPER).

Colectivo: casos de violencia de xénero reportados no Sistema VioXén.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 259,61 miles de euros previstos no orzamento do MINT.

8827 Estatística de accidentes de tráfico con vítimas

Fins: coñecemento dos accidentes de tráfico con vítimas, con especificación das circunstancias que concorren neles e as súas consecuencias.

Organismos que interveñen: MINT, Goberno Vasco, Servizo Catalán de Tráfico.

Descrición xeral (principais variables): accidentes de circulación con vítimas, mortes, feridos graves e leves. Zona de ocorrencia do accidente, características da vía, condicións meteorolóxicas, tipo de vehículo, tipo de usuario, idade e sexo dos usuarios e das vítimas. Por enumeración completa.

Colectivo: accidentes de tráfico con vítimas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 995,92 miles de euros previstos no orzamento do MINT.

8828 Censo de condutores

Fins: coñecemento do número de persoas que posúen un permiso de conducir vixente e as súas características.

Organismos que interveñen: MINT.

Descrición xeral (principais variables): titulares dun permiso de condución inscrito no Rexistro de Condutores e Infractores, permisos de condución. Idade e sexo dos titulares dos permisos, tipoloxías e antigüidade dos permisos.

Colectivo: permisos de conducir vixentes.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 394,30 miles de euros previstos no orzamento do MINT.

8829 Estatística de condenados: adultos

Fins: estudo sociodemográfico e criminolóxico dos condenados por sentenza firme.

Organismos que interveñen: INE, MJUS, Comisión Nacional de Estatística Xudicial.

Descrición xeral (principais variables): persoas condenadas. Delitos e penas. Sexo, idade, nacionalidade, tipo de delito, tipo e duración da pena.

Colectivo: persoas condenadas en sentenza firme de penados e no Rexistro Central de Delincentes Sexuais durante o período de referencia.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 110,64 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8830 Estatística de condenados: menores

Fins: estudo sociodemográfico e criminolóxico dos menores condenados por sentenza firme.

Organismos que interveñen: INE, MJUS, Comisión Nacional de Estatística Xudicial.

Descrición xeral (principais variables): menores condenados. Infraccións penais e medidas adoptadas. Sexo, nacionalidade, idade, tipo de infracción cometida e tipo de medida adoptada.

Colectivo: persoas condenadas en sentenza firme e inscritas no Rexistro Central de Sentenzas de Responsabilidade Penal dos Menores e no Rexistro Central de Delincentes Sexuais.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 97,81 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8831 Estatística de asuntos xudiciais sociais

Fins: obtención e difusión de datos en relación coa actividade dos xulgados do social.

Organismos que interveñen: MTES, xulgados do social (Consello Xeral do Poder Xudicial).

Descrición xeral (principais variables): asuntos resoltos e cantidades recoñecidas. Tipo de asunto, clase de resolución.

Colectivo: asuntos resoltos polos xulgados do social.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 19,08 miles de euros previstos no orzamento do MTES.

8832 Estatística de violencia doméstica e violencia de xénero

Fins: estudo da violencia doméstica e da violencia de xénero.

Organismos que interveñen: INE, MJUS, Comisión Nacional de Estatística Xudicial.

Descrición xeral (principais variables): vítimas, persoas denunciadas, medidas cautelares ditadas e infraccións penais imputadas. Sentenzas firmes. Sexo, idade, lugar de nacemento. Tipo de medidas cautelares, tipo de infraccións penais.

Colectivo: persoas inscritas no Rexistro con medidas cautelares ditadas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 185,54 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8833 Estatística de xulgados de paz

Fins: estudar a actividade xudicial dos xulgados de paz.

Organismos que interveñen: CXPX, Comisión Nacional de Estatística Xudicial.

Descrición xeral (principais variables): asuntos civís e penais (ingresados e resoltos). Tipoloxía dos asuntos resoltos no ámbito penal (xuízos de faltas, exhortos penais e outros) e no ámbito civil (xuízos verbais, actos de conciliación e outros).

Colectivo: asuntos que houbo no ano nos xulgados de paz.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 173,44 miles de euros previstos no orzamento do CXPX.

8834 Estatística de litixios en arrendamentos urbanos

Fins: estudo da litixiosidade en materia de arrendamentos urbanos.

Organismos que interveñen: CXPX, Comisión Nacional de Estatística Xudicial.

Descrición xeral (principais variables): sentenzas e decretos. Tipo de arrendamento, causa de litixio e pronunciamento da sentenza.

Colectivo: sentenzas e decretos ditados polos órganos xudiciais.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 45,32 miles de euros previstos no orzamento do CXPX.

8835 Estatística da actividade xudicial

Fins: coñecemento da actividade xudicial e situación dos órganos xudiciais.

Organismos que interveñen: CXPX, todos os órganos xudiciais, Comisión Nacional de Estatística Xudicial.

Descrición xeral (principais variables): número de asuntos ingresados, resoltos e pendentes; número de sentenzas e de autos; execucións de sentenzas; recursos elevados e devoltos; auxilio xudicial. Tipo de órgano xudicial.

Colectivo: órganos xudiciais.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 3.350,23 miles de euros previstos no orzamento do CXPX.

24. Sector ou tema: demografía e poboación

8861 Censos de poboación e vivendas

Fins: recuento da poboación e das vivendas e coñecemento das súas características.

Organismos que interveñen: INE, AEAT, EUSTAT, Facenda Tributaria de Navarra, facendas forais do País Vasco, D.X. Catastro, INSS, TXSS, SEPE, Muface, Muxexu, Isfas, S.X. Xestión Clases Pasivas (MISM), MEFP, MUNI, Dirección Xeral de Seguridade Xurídica e Fe Pública, D.X da Policía.

Descrición xeral (principais variables): para persoas: idade, sexo, nacionalidade, situación de residencia, estado civil, relacións de parentesco, lugar de nacemento, variables migratorias, estudos en curso, nivel educativo, relación coa actividade económica, rama de actividade, ocupación, situación profesional, fecundidade ao longo da vida.

Para vivendas: instalacións, réxime de tenza, superficie útil e número de cuartos. Zona, tamaño do municipio, estrutura dos fogares e núcleos familiares, características da vivenda e do edificio.

Colectivo: persoas físicas, vivendas, edificios.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 4.537,20 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8862 Cifras oficiais de poboación dos municipios españois: revisión do padrón municipal

Fins: obtención das cifras oficiais de poboación de todos os municipios españois en 1 de xaneiro de cada ano.

Organismos que interveñen: INE, concellos, Consello de Empadramento (INE, MTFP, MAUC, FEMP), METD.

Descrición xeral (principais variables): poboación. Sexo.

Colectivo: persoas residentes en cada municipio.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 259,95 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8863 Estatística do padrón continuo

Fins: explotación e difusión das características da poboación en 1 de xaneiro de cada ano, a partir do ficheiro do padrón continuo que xestiona o INE.

Organismos que interveñen: INE.

Descrición xeral (principais variables): poboación. Sexo, idade, lugar de nacemento, nacionalidade.

Colectivo: persoas residentes en cada municipio.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 298,21 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8864 Nomenclátor: poboación do padrón continuo por unidade poboacional

Fins: obtención da relación e poboación de entidades e núcleos de poboación actualizada en 1 de xaneiro de cada ano.

Organismos que interveñen: INE, concellos.

Descrición xeral (principais variables): entidades colectivas, singulares, núcleos e diseminados de poboación de cada municipio coas súas poboacións. Sexo.

Colectivo: entidades e núcleos de poboación.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 66,27 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8865 Cifras de poboación

Fins: obtención das cifras de poboación residente a partir dos resultados do movemento natural da poboación, da estatística de migracións e da estatística de adquisicións de nacionalidade española de residentes. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: INE.

Descrición xeral (principais variables): poboación residente. Sexo, ano de nacemento, idade, nacionalidade e país de nacemento.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 441,47 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8866 Estatística do padrón de españois residentes no estranxeiro

Fins: explotación e difusión do ficheiro de españois residentes no estranxeiro.

Organismos que interveñen: INE, MAUC.

Descrición xeral (principais variables): poboación de nacionalidade española residente no estranxeiro. País de residencia, sexo, idade, lugar de nacemento (provincia/país) e municipio de inscrición para efectos electorais.

Colectivo: persoas de nacionalidade española residentes no estranxeiro.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 15,94 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8867 Movemento natural da poboación

Fins: obtención dos resultados definitivos de matrimonios, defuncións, nacementos para a súa publicación anual.

Organismos que interveñen: INE, órganos centrais de estatística de todas as comunidades autónomas.

Descrición xeral (principais variables): matrimonios, defuncións, nacementos. Para os matrimonios: idade, sexo, estado civil anterior, profesión, lugar de residencia, forma de celebración do matrimonio, nacionalidade dos cónxuxes. Para as defuncións: idade, sexo, estado civil, profesión, lugar de residencia, lugar do falecemento. Para os nacementos: idade dos pais para os nacementos, nacionalidade dos pais, lugar de inscrición, tempo de xestación.

Colectivo: matrimonios e cónxuxes, defuncións, nacidos.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 16.610,87 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8869 Estatística de nulidades, separacións e divorcios

Fins: coñecemento do número de divorcios, separacións e nulidades e das principais características sociodemográficas dos cónxuxes implicados.

Organismos que interveñen: INE, Consello Xeral do Poder Xudicial.

Descrición xeral (principais variables): número de sentenzas de divorcio, separación e nulidade. Idade, sexo e nacionalidade dos cónxuxes, duración do matrimonio, número de fillos e características da resolución da sentenza.

Colectivo: sentenzas ditadas relativas aos procesos de nulidades, separacións e divorcios.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 298,25 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8870 Estatística de variacións residenciais

Fins: estudo das variacións residenciais entre municipios do territorio nacional e aquelas con orixe ou destino no estranxeiro.

Organismos que interveñen: INE.

Descrición xeral (principais variables): migración. Sexo, lugar e data de nacemento, nacionalidade, lugar de procedencia e destino, data de inscrición (data de alta).

Colectivo: altas e baixas no padrón por variación residencial, interiores ou con procedencia ou destino no estranxeiro.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 157,00 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8871 Estatística de migracións

Fins: cuantificación e descrición das principais características demográficas dos fluxos migratorios tanto exteriores como interiores. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: INE.

Descrición xeral (principais variables): inmigracións procedentes do estranxeiro, emigracións con destino ao estranxeiro e migracións interprovinciais e interautonómicas. Sexo, ano de nacemento, idade, nacionalidade e país de nacemento do migrante e orixe (país, comunidade autónoma ou provincia) ou destino (país, comunidade autónoma ou provincia) da migración.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 496,12 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8872 Estatística de españois residentes no estranxeiro retornados

Fins: obtención e difusión de datos relativos ao fluxo de españois residentes no estranxeiro retornados.

Organismos que interveñen: MTES, consulados españois no estranxeiro (MAUC).

Descrición xeral (principais variables): baixas consulares. Orixe e destino.

Colectivo: baixas consulares de españois residentes no estranxeiro.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 75,12 miles de euros previstos no orzamento do MTES.

8873 Estatística de poboación estranxeira solicitante de protección internacional, refuxiados, beneficiarios de protección subsidiaria, desprazados e apátridas

Fins: manter e difundir a serie e evolución dos datos máis relevantes relativos aos procedementos de recoñecemento da protección internacional e do estatuto de apátrida en España.

Organismos que interveñen: MINT.

Descrición xeral (principais variables): solicitantes de protección internacional (PI); decisións sobre a admisión a trámite das solicitudes de PI; propostas de resolución elevadas á Comisión Interministerial de Asilo e Refuxio (CIAR); resolucións por proposta da CIAR; requirimentos dirixidos a España por outros Estados parte; respostas aos requirimentos dirixidos a España por outros Estados parte; solicitantes do estatuto de apátrida; resolucións das solicitudes do estatuto de apátrida; solicitudes de PI pendentes de resolución; solicitudes do estatuto de apátrida pendentes de resolución; solicitantes do Programa nacional de reasentamento; solicitantes de PI menores non acompañados; recursos estimados e desestimados contra resolucións de PI; requirimentos efectuados por España a outros Estados; respostas aos requirimentos efectuados por España a outros Estados parte; consultas aceptadas dirixidas a España por outros Estados parte; consultas aceptadas efectuadas por España a outros Estados parte; estatutos de apátrida concedidos por sentenza. Sexo, idade, país de orixe, lugar de presentación da solicitude, tipo de decisión, Estado membro.

Colectivo: persoas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 182,92 miles de euros previstos no orzamento do MINT.

8874 Estatística de estranxeiros con certificado de rexistro ou tarxeta de residencia en vigor

Fins: obtención, explotación e difusión de datos sobre volume e características dos estranxeiros con certificado de rexistro ou tarxeta de residencia en vigor o último día do semestre.

Organismos que interveñen: MISM, D. X. da Policía (MINT).

Descrición xeral (principais variables): estranxeiros con certificado de rexistro ou tarxeta de residencia en vigor o último día do semestre. Idade, sexo, nacionalidade, réxime de residencia, tipo de autorización de residencia, lugar de nacemento e motivo de concesión.

Colectivo: estranxeiros con certificado de rexistro ou tarxeta de residencia en vigor o último día do semestre.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 552,04 miles de euros previstos no orzamento do MISM.

8875 Fluxo de autorizacións de residencia concedidas a estranxeiros

Fins: obtención, explotación e difusión de datos sobre o fluxo anual de autorizacións de residencia concedidas a estranxeiros.

Organismos que interveñen: MISM, D.X. da Policía (MINT).

Descrición xeral (principais variables): autorizacións de residencia concedidas a estranxeiros. Idade, sexo, nacionalidade, réxime de residencia, tipo de autorización de residencia, lugar de nacemento e motivo de concesión.

Colectivo: autorizacións de residencia concedidas a estranxeiros durante o ano de referencia.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 552,04 miles de euros previstos no orzamento do MISM.

8876 Estatística de estranxeiros con autorización de estadía por estudos en vigor

Fins: obtención, explotación e difusión de datos sobre volume e características dos estranxeiros con autorización de estadía por estudos, mobilidade de alumnos, prácticas non laborais ou servizos de voluntariado en vigor o último día do semestre.

Organismos que interveñen: MISM, D. X. da Policía (MINT).

Descrición xeral (principais variables): estranxeiros con autorización de estadía por estudos, mobilidade de alumnos, prácticas non laborais ou servizos de voluntariado en vigor o último día do semestre. Idade, sexo, nacionalidade, tipo de autorización de estadía.

Colectivo: estranxeiros con autorización de estadía por estudos, mobilidade de alumnos, prácticas non laborais ou servizos de voluntariado en vigor o último día do semestre.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 138,00 miles de euros previstos no orzamento do MISM.

8877 Estatística de visados expedidos en oficinas consulares

Fins: obtención, explotación e difusión de datos sobre volume e características dos visados expedidos polas oficinas consulares de España no exterior.

Organismos que interveñen: MISM, MAUC.

Descrición xeral (principais variables): visados expedidos nas misións diplomáticas ou oficinas consulares españolas. País da oficina consular de España no exterior e clase de visado expedido, idade, sexo e nacionalidade.

Colectivo: visados expedidos nas misións diplomáticas ou oficinas consulares españolas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 69,00 miles de euros previstos no orzamento do MISM.

8878 Estatística de adquisicións de nacionalidade española de residentes

Fins: coñecer o número de procedementos de adquisición de nacionalidade española por parte de residentes en España resoltos cada ano en función das principais características demográficas do modo de adquisición. Esta información é, pola súa vez, necesaria para construír as cifras de poboación, dado que a variable 'nacionalidade' se ve afectada polo proceso de adquisición de nacionalidade española.

Organismos que interveñen: INE, Dirección Xeral de Seguridade Xurídica e Fe Pública (MJUS).

Descrición xeral (principais variables): persoas. Sexo, idade, nacionalidade anterior, modo de adquisición, país de nacemento.

Colectivo: inscricións de adquisición de nacionalidade española de residentes en España rexistradas no Rexistro Civil.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 45,76 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8879 Estatística de concesións de nacionalidade española por residencia

Fins: obtención, explotación e difusión de datos sobre volume e características de concesións de nacionalidade española por residencia no ano de referencia.

Organismos que interveñen: MISM, S. X. de Nacionalidade e Estado Civil (MJUS).

Descrición xeral (principais variables): concesión de nacionalidade española por residencia no ano de referencia. Provincia do Rexistro Civil, nacionalidade das persoas que obtiveron a nacionalidade española, lugar de nacemento, sexo, idade e motivo da concesión.

Colectivo: estranxeiros aos cales se lles concede a nacionalidade española por residencia no ano de referencia.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 69,00 miles de euros previstos no orzamento do MISM.

8880 Proxeccións de poboación

Fins: cálculo de poboacións futuras, por sexo e idade, con horizonte de poboación de 50 anos. As proxeccións pretenden mostrar como será a evolución da poboación de mantérense as tendencias demográficas máis recentes. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: INE.

Descrición xeral (principais variables): poboación, nacementos, defuncións e movementos migratorios. Sexo, país de nacemento (España, estranxeiro), idade e ano.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 159,87 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8881 Proxección de fogares

Fins: proporcionar unha simulación estatística do número de fogares futuros de España, de cada comunidade autónoma e de cada provincia, en caso de que se prolonguen as tendencias demográficas e comportamentos sociais actualmente observados. Ofreceráse esta información cada dous anos cun horizonte proxectivo de 15 anos e desagregada segundo tipo de fogar. Os resultados serán, pola súa forma de construción, plenamente coherentes cos das proxeccións de poboación tamén difundidos polo INE. Ademais, trimestralmente proporciona estimacións de carácter provisional ás enquisas a fogares, que necesitan para a súa calibración o número de fogares existentes cada mes, a nivel de provincia e segundo tamaño do fogar. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: INE.

Descrición xeral (principais variables): número de fogares. Tamaño do fogar.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 412,53 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8882 Táboas de mortalidade

Fins: medición da mortalidade e das series biométricas para a poboación española de acordo cos fluxos de defuncións observados e os efectivos poboacionais residentes en cada momento, por ámbito territorial. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: INE.

Descrición xeral (principais variables): poboación, defuncións, risco de morte, probabilidade de supervivencia, superviventes a idades cumpridas e outras series biométricas. Sexo, idade.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 99,89 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8883 Indicadores demográficos básicos

Fins: información sobre as principais características da situación demográfica actual. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: INE.

Descrición xeral (principais variables): poboación, mortalidade, fecundidade, migración. Sexo, idade, nacionalidade.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 398,35 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8884 Enquisa de características esenciais da poboación e das vivendas

Fins: coñecemento de características sociodemográficas da poboación, das formas de convivencia e das vivendas.

Proporcionar variables sobre as vivendas que se exixen no Regulamento de censos de poboación e vivendas 2021 con desagregación provincial e de illas (NUTS-3).

Organismos que interveñen: INE.

Descrición xeral (principais variables): para persoas: idade, sexo, nacionalidade, situación de residencia, estado civil, relacións de parentesco, lugar de nacemento, variables migratorias, nivel educativo, mobilidade cotiá, coñecemento de linguas. Para vivendas: instalacións, réxime de tenza, superficie útil e número de cuartos. Para edificios: número de plantas, ano de construción, accesibilidade, garaxe e outras instalacións. Zona, tamaño do municipio, estrutura dos fogares e núcleos familiares, características da vivenda e do edificio.

Colectivo: persoas, fogares, vivendas, edificios.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 7.520,65 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8885 Marco mostral para enquisas dirixidas á poboación

Fins: marco de vivendas e persoas para a extracción de mostras de estatísticas de poboación e fogares.

Organismos que interveñen: INE, Dirección Xeral de Catastro (MHAC), catastros de Navarra e País Vasco.

Descrición xeral (principais variables): enderezos, poboación e vivendas. Por enumeración completa.

Colectivo: enderezos, persoas e vivendas de cada municipio.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 2,20 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8886 Estudos de mobilidade a partir da telefonía móbil

Fins: medición da mobilidade cotiá da poboación, delimitación de áreas urbanas funcionais arredor das cidades e de poboación vinculada e estacional.

Organismos que interveñen: INE.

Descrición xeral (principais variables): persoas. Áreas de mobilidade específicas do proxecto (agrupacións de municipios menores de 5.000 habitantes, municipios entre 5.000 e 50.000, barrios ou distritos de municipios maiores de 50.000).

Colectivo: persoas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 144,25 miles de euros previstos no orzamento do INE.

25. Sector ou tema: nivel, calidade e condicións de vida

8911 Explotación estatística do Banco de datos de infraestrutura e equipamentos locais (EIEL)

Fins: información da dotación de infraestrutura, equipamento local e socioeconómico, datos demográficos de cada municipio ou entidade local.

Organismos que interveñen: MTFP, deputacións provinciais, cabidos e consellos insulares, comunidades autónomas uniprovinciais e Generalitat de Cataluña. Non realizan a enquisa o País Vasco, Navarra, Ceuta e Melilla.

Descrición xeral (principais variables): poboación, vivendas, planeamento urbanístico, infraestrutura viaria urbana e interurbana, enerxía, iluminación pública, abastecemento, saneamento, depuración, residuos urbanos, servizos de comunicacións, novas tecnoloxías, núcleos de poboación, entidade de poboación, centros de ensino, culturais, sanitarios, deportivos, cemiterios, tanatorios, protección civil e outros equipamentos. Núcleos de poboación, entidade de poboación, municipio, provincia, comunidade autónoma.

Colectivo: núcleos de poboación, termos municipais.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 3.153,68 miles de euros previstos no orzamento do MTFP.

8912 Enquisa de orzamentos familiares (EPF)

Fins: evolución anual dos gastos dos fogares, estrutura e distribución destes. Información para a estimación do consumo privado da contabilidade nacional e para establecer a estrutura das ponderacións do IPC.

Organismos que interveñen: INE, Euskal Estatistika-Erakundea/Instituto Vasco de Estadística, AEAT.

Descrición xeral (principais variables): gastos de consumo dos fogares por bens e servizos en termos monetarios. Tamaño de municipio, tamaño e composición do fogar. Por mostraxe.

Colectivo: fogares privados que residen en vivendas familiares principais e os seus membros.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 37.281,44 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8913 Consumo alimentario en fogares en España

Fins: realización do estudo do consumo alimentario en fogares en España. A través das anotacións efectuadas por un panel de responsables de compra do fogar, cun escáner, cóñécense as cantidades, prezos, sitios de compra, etc.

Organismos que interveñen: MAPA.

Descrición xeral (principais variables): cantidade comprada, prezo unitario, gastos en alimentación, cota de mercado en porcentaxe de valor e volume segundo lugar de compra, número de comidas fóra do fogar, tipo de establecemento, motivos de elección e prezo. Anos, produtos, zonas xeográficas, lugar de compra, tipo de establecemento, nivel socioeconómico do fogar, número de membros do fogar, idade do responsable da compra, actividade da ama de casa, presenza de nenos e a súa idade, tipo de establecemento onde se compra, ciclos de vida do fogar. Por mostraxe.

Colectivo: fogares.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 3.825,64 miles de euros previstos no orzamento do MAPA.

8914 Enquisa financeira das familias (EFF)

Fins: relacionar as rendas, os activos (financeiros e non financeiros), as débedas e o gasto de cada unidade familiar. Caracterizar a situación patrimonial das familias españolas.

Organismos que interveñen: Banesp, INE, AEAT.

Descrición xeral (principais variables): patrimonio (mobiliario e inmobiliario), débedas e rendas (salariais e non salariais). Detalles da renda, por fontes de renda, e do patrimonio, segundo as clases de activos en que se materializa, con cruzamentos adicionais por variables sociodemográficas (idade, educación, situación laboral, etc.). Por mostraxe.

Colectivo: fogares privados que residen en vivenda familiar principal.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: non aplicable por non financiarse con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

8915 Enquisa de mocidade

Fins: obtención e difusión de datos sobre a situación xeral da mocidade española.

Organismos que interveñen: MDSA.

Descrición xeral (principais variables): grao de independencia da familia, independencia económica, incorporación ao traballo, actitudes sociais, políticas, relixiosas, organización do tempo. Entidade de poboación por número de habitantes, sexo, grupos de idade, situación socioeconómica e nivel de estudos. Por mostraxe.

Colectivo: poboación española de ambos os sexos de 15 a 29 anos.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 400,00 miles de euros previstos no orzamento do MDSA.

8916 Sondaxes de opinión e situación da mocidade en España

Fins: coñecemento e descrición da situación xeral da mocidade española.

Organismos que interveñen: MDSA.

Descrición xeral (principais variables): valores, actitudes, asociacionismo, relacións sexuais, violencia, inmigración, teléfono móbil e internet, relacións familiares, emancipación, igualdade home-muller, lecer e tempo libre, consumo de tabaco, alcohol e outras substancias. Entidade de poboación por número de habitantes, sexo, grupos de idade, situación socioeconómica e nivel de estudos. Mediante sondaxes de opinión.

Colectivo: poboación de 15 a 29 anos.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 220,00 miles de euros previstos no orzamento do MDSA.

8917 Enquisa de centros e servizos de atención ás persoas sen fogar

Fins: estudo das características dos centros de atención ás persoas sen fogar.

Organismos que interveñen: INE, Euskal Estatistika-Erakundea/Instituto Vasco de Estatística.

Descrición xeral (principais variables): prestacións ofrecidas, poboación atendida, fontes de financiamento, recursos humanos e financeiros, e características dos centros. Prestación ofrecida, poboación atendida, titularidade, tamaño do municipio de localización, centros de aloxamento colectivo e centros que ofrecen restauración. Por enumeración completa.

Colectivo: centros que prestan atención ás persoas sen fogar.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 482,18 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8918 Enquisa ás persoas sen fogar

Fins: estudo da situación e condicións de vida das persoas sen fogar.

Organismos que interveñen: INE, Euskal Estatistika-Erakundea/Instituto Vasco de Estatística.

Descrición xeral (principais variables): persoas sen fogar. Características xeográficas (comunidade autónoma de referencia, lugar de nacemento, nacionalidade). Características relativas á persoa (sexo, idade, ocupación, nivel de estudos, consumo de alcohol, consumo de drogas). Por mostraxe.

Colectivo: persoas adultas sen fogar que acoden aos centros que ofrecen servizos de aloxamento e/ou restauración.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 1.099,63 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8919 016-Servizo telefónico de información e asesoramento xurídico en materia de violencia de xénero

Fins: proporcionar información sobre a utilización do servizo telefónico do 016.

Organismos que interveñen: MIGD.

Descrición xeral (principais variables): chamadas de violencia de xénero atendidas no servizo telefónico 016. Número de chamadas, persoas que efectúan as chamadas, idade da vítima e do agresor, nacionalidade da vítima e do agresor, estado civil da vítima e do agresor, número de fillos, nivel de estudos, situación laboral, día da semana, hora do día, tamaño do hábitat, duración da relación, tipo de maltrato, tipo de chamada. Por enumeración completa.

Colectivo: chamadas de violencia de xénero atendidas no teléfono 016.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 75,20 miles de euros previstos no orzamento do MIGD.

8920 Servizo telefónico de atención e protección para vítimas de violencia de xénero-Atenpro

Fins: proporcionar información estatística sobre o funcionamento e uso do servizo de atención e protección ás vítimas de violencia de xénero.

Organismos que interveñen: MIGD.

Descrición xeral (principais variables): usuarias do servizo. Idade, nacionalidade, estado civil, número de fillos, nivel de estudos, situación laboral, etc. das usuarias do servizo, tipo de relación entre usuaria e agresor, idade e nacionalidade do agresor, tamaño do hábitat, tempo de permanencia no servizo.

Colectivo: usuarias do servizo telefónico de atención e protección para vítimas de violencia de xénero.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 33,20 miles de euros previstos no orzamento do MIGD.

8921 Macroenquisa de violencia contra a muller

Fins: estimar a prevalencia da violencia contra a muller en España diferenciando a violencia que se produce no ámbito da parella ou exparella da violencia sufrida polas mulleres fóra do ámbito da parella. Identificar e cuantificar os tipos de violencia sufridos distinguindo entre violencia física, sexual, emocional, de control e económica no caso da violencia na parella, e entre violencia física e sexual no caso da violencia exercida por terceiros.

Organismos que interveñen: MIGD, Centro de Investigacións Sociolóxicas (MPCM).

Descrición xeral (principais variables): violencia declarada algunha vez na vida, violencia declarada no último ano, frecuencia, severidade, tipo de agresor. Situación familiar e laboral, nivel educativo, nivel de ingresos da entrevistada, nivel de ingresos no fogar, país de nacemento, discapacidade, tamaño do hábitat de residencia. Por mostraxe.

Colectivo: mulleres residentes en España maiores de 16 anos.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuadrenio 2021-2024: 18,75 miles de euros previstos no orzamento do MIGD.

8922 Enquisa de condicións de vida (ECV)

Fins: investigación sobre distintos aspectos do nivel, condicións de vida dos fogares e os seus cambios.

Organismos que interveñen: INE, AEAT, INSS, Facenda Tributaria de Navarra, facendas forais do País Vasco.

Descrición xeral (principais variables): ingresos do fogar e dos seus membros, condicións de vida, evolución no tempo do nivel e condicións de vida, composición da pobreza e a exclusión social. Demográficas, económicas, sociais. Por mostraxe.

Colectivo: fogares privados (e os seus membros) que residen en vivenda familiar principal.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuadrenio 2021-2024: 5.107,20 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8923 Enquisa de emprego do tempo

Fins: coñecemento das actividades realizadas polas persoas: actividade de produción de bens e servizos (remuneradas e non remuneradas), distribución das responsabilidades familiares do fogar, participación da poboación en actividades culturais e de ocio, tempo empregado en transporte e noutras actividades.

Organismos que interveñen: INE.

Descrición xeral (principais variables): nivel, estrutura e distribución do tempo da poboación en diferentes actividades, porcentaxe de persoas que realizan distintas actividades e duración media e agregada daquelas. Variables sociais básicas. Por mostraxe.

Colectivo: persoas que residen en fogar familiar e fogares familiares.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuadrenio 2021-2024: 984,01 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8924 Enquisa social xeral española

Fins: obter un retrato da sociedade española e establecer relacións entre os distintos aspectos que a compoñen. O cuestionario aplicado está composto por dous bloques de preguntas, un fixo que se repetirá en todas as edicións da enquisa e outro variable, que cambia en cada edición.

Organismos que interveñen: MPCM.

Descrición xeral (principais variables): módulo fixo: situación laboral, ocupación, sector de actividade, características do traballo actual e do primeiro emprego, nivel de ingresos persoal e do fogar, localización en escala ideolóxica, satisfacción coa vida e con aspectos concretos (traballo, amizades, etc.), relixión e práctica relixiosa, identidade nacional, pertenza a asociacións. Nivel de estudos, situación laboral, ocupación, sector de actividade, relixión, práctica relixiosa e localización na escala de ideoloxía do cónxuxe/parella, dos pais da persoa entrevistada (cando a persoa entrevistada tiña 16 anos), e, se for o caso, dos fillos/as. Características sociodemográficas. Por mostraxe.

Colectivo: poboación residente en España de 18 ou máis anos.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 1.478,16 miles de euros previstos no orzamento do MPCM.

8925 Enquisa social europea

Fins: recoller datos de calidade para avanzar no coñecemento da realidade sociopolítica tanto a investigadores como a xestores públicos. É unha enquisa adscrita a un European Research Infrastructure Consortium (ERIC) da Comisión Europea sobre actitudes, valores, características sociodemográficas e pautas de comportamento en Europa e realízase en máis de vinte e cinco países europeos.

Organismos que interveñen: MPCM.

Descrición xeral (principais variables): módulo fixo: confianza no Goberno, políticos e principais institucións, interese na política e indicadores de participación política, valores e actitudes sociais e políticas, valores e actitudes en temas morais, indicadores sobre inclusión/exclusión social, percepción da ameaza terrorista, do medo ao delito, relixión e práctica relixiosa, identificación étnica, sentimento nacional, satisfacción coa vida e indicadores de benestar. Dous módulos rotatorios (edición 2014): o primeiro inclúe preguntas para indagar sobre as actitudes cara á inmigración e o segundo céntrase en obter datos sobre as desigualdades sociais en materia de saúde. Variables sociodemográficas, nivel de estudos, situación laboral, ocupación e sector de actividade (tanto da persoa entrevistada como do seu cónxuxe/parella), indicadores sobre ingresos e situación económica persoal e do fogar. Por mostraxe.

Colectivo: poboación residente en España de 15 e máis anos.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 833,48 miles de euros previstos no orzamento do MPCM.

8926 Barómetros de opinión

Fins: pulso da opinión pública en cuestións de actualidade e seguimento da valoración subxectiva da situación social, política e económica.

Organismos que interveñen: MPCM.

Descrición xeral (principais variables): valoración da situación económica actual e prospectiva, valoración da situación política actual e prospectiva, expectativas realizadas co emprego, intención directa de voto, simpatía cara aos partidos políticos, valoración dos líderes políticos nacionais, valoración dos membros do Goberno, valoración dos principais problemas do país, expectativas, vacacións, constitución e institucións. Sexo, idade, nivel de estudos, relación coa actividade, ocupación, condición socioeconómica. Mediante sondaxes de opinión.

Colectivo: persoas de nacionalidade española maiores de 18 anos.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 3.960,02 miles de euros previstos no orzamento do MPCM.

8927 Barómetro do clima de confianza do sector agroalimentario

Fins: elaborar índices que permitan medir, de forma cuantitativa e periodicamente, o clima de confianza dos distintos axentes participantes no proceso de comercialización agroalimentaria (produtores, industria, grosistas, distribuidores e consumidores).

Organismos que interveñen: MAPA.

Descrición xeral (principais variables): conxuntura económica, conxuntura sectorial, confianza alimentaria e ámbito comercial. Distintos axentes da cadea (produtores, industria, grosistas, distribuidores e consumidores), sectores. Mediante sondaxes de opinión.

Colectivo: produtores, industria, grosistas, distribuidores e consumidores.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 1.463,60 miles de euros previstos no orzamento do MAPA.

8928 Opinión pública e fiscalidade. Barómetro fiscal IEF

Fins: medir a evolución das opinións e as actitudes dos españois relativas á fiscalidade. Estudo lonxitudinal desde 1995.

Organismos que interveñen: MHAC.

Descrición xeral (principais variables): tres bloques fixos: a relación entre os impostos e a oferta pública de servizos e prestacións, o comportamento fiscal dos contribuíntes e a imaxe corporativa da Facenda pública. Un bloque específico cada ano sobre un tema de actualidade fiscal. Cinco segmentos: empresarios, agricultores, profesionais, asalariados, inactivos e non ocupados (desempregados, pensionistas, amas de casa, estudantes). Cotas de hábitat, xénero, idade e categoría socioeconómica, en cada segmento. Mediante sondaxes de opinión.

Colectivo: persoas de nacionalidade española, maiores de 18 anos.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 539,63 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

8929 Índice de confianza do consumidor (IC)

Fins: anticipar o comportamento do consumo privado en España e prover información que axude a interpretar o dito comportamento. A súa construción fundaméntase principalmente en preguntas sobre as percepcións dos consumidores tanto con relación á evolución económica recente (6 meses), como con respecto á súa potencial evolución no futuro inmediato (6 meses).

Organismos que interveñen: MPCM.

Descrición xeral (principais variables): indicador de situación actual e indicador de expectativas. Tipo de xuro, aforro, expectativas de inflación, consumo de bens duradeiros. Sexo, idade, estado civil, tamaño de hábitat, estudos, actividade, situación laboral, ingresos, nacionalidade, ideoloxía e recordo de voto. Por mostraxe.

Colectivo: poboación residente en España maior de 16 anos.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 894,70 miles de euros previstos no orzamento do MPCM.

8930 Indicadores de calidade de vida

Fins: medida concisa e multidimensional do benestar da poboación e dos factores que o condicionan e a súa comparación no tempo, entre grupos sociais e entre territorios. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: INE.

Descrición xeral (principais variables): indicadores sobre condicións materiais de vida, traballo, saúde, educación, ocio e relacións sociais, seguridade física e persoal, gobernanza e dereitos básicos, contorno e ambiente, benestar subxectivo. Sexo, idade, tipo de fogar, nivel de renda, nivel de educación, nacionalidade, grao de urbanización.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 399,11 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8931 Indicadores urbanos

Fins: análise do fenómeno urbano mediante a recolla de datos estatísticos de contido socioeconómico, os cales permitan coñecer e medir a calidade de vida nun amplo número de áreas territoriais. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: INE, AEAT, Servizo Público de Emprego Estatal, D. X. do Catastro, Instituto Xeográfico Nacional, MEFP, facendas forais do País Vasco, Eustat.

Descrición xeral (principais variables): obtéñense 45 indicadores relevantes en 7 dominios ou áreas de estudo. Sexo, idade, tipo de fogar, nivel de renda, situación laboral, nivel de educación, nacionalidade, modos de desprazamento ao traballo.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 512,78 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8932 Mulleres e homes en España

Fins: introducir a perspectiva de xénero en toda a información estatística para promover medidas políticas e sociais encamiñadas a establecer a igualdade de xénero en todos os campos de preocupación social. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: INE, Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades, O.A. (MIGD).

Descrición xeral (principais variables): indicadores de xénero en poboación, educación, traballo, ciencia e tecnoloxía, renda, distribución e consumo, protección social, saúde, cultura e ocio, cohesión social. Idade, estudos, ingresos, situación na actividade.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 358,65 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8933 Panel de renda

Fins: facilitar información para realizar estudos de carácter lonxitudinal sobre a renda das persoas físicas e a súa distribución e concentración a partir do seguimento dun panel de individuos ao longo do tempo. Así mesmo, utilízase a información do panel para deseñar política fiscal a través de ferramentas de microsimulación. Tamén é unha finalidade a difusión periódica da información do panel no marco do Acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos sobre melloras na transparencia nos ámbitos estatístico e económico.

Organismos que interveñen: MHAC.

Descrición xeral (principais variables): as contidas nas declaracións do IRPF (modelo 100).

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 397,90 miles de euros previstos no orzamento do MHAC.

8934 Consumo alimentario extradoméstico en España: hábitos do consumidor

Fins: coñecer o comportamento do consumidor fronte ao consumo fóra do fogar. Identificar os principais factores que caracterizan os hábitos alimentarios dos españois fóra do fogar. Realizar o seguimento da súa evolución. Coñecer a importancia dos distintos tipos de establecementos a que acode o consumidor español.

Organismos que interveñen: MAPA.

Descrición xeral (principais variables): produtos consumidos, momento do seu consumo, número de comidas fóra do fogar, tipo de establecemento, motivos de elección e prezo. Anos, produtos, zonas xeográficas, tipo de establecemento. Por mostraxe.

Colectivo: consumidores.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 2.877,88 miles de euros previstos no orzamento do MAPA.

8935 Panel de uso dos alimentos

Fins: coñecer as receitas que os fogares elaboran cada día.

Organismos que interveñen: MAPA.

Descrición xeral (principais variables): alimentos consumidos na casa ou collidos da casa para consumir fóra por todos os individuos do fogar. Sexo e idade do consumidor final, momento en que consumiu, forma de preparación, receita e motivo de consumo. Por mostraxe.

Colectivo: fogares.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 121,80 miles de euros previstos no orzamento do MAPA.

8936 Panel de cuantificación do desperdicio alimentario nos fogares

Fins: cuantificar o desperdicio de alimentos, entendido este como os alimentos que se tiran ao lixo por deterioración, tal cal se compraron sen que houbera ningún tipo de elaboración por parte do consumidor, así como os produtos rexeitados unha vez cociñados polo consumidor (é dicir, a parte das receitas que se tira ao lixo por sobrar no prato ou por levar un tempo na neveira).

Organismos que interveñen: MAPA.

Descrición xeral (principais variables): produtos desperdiciados, receitas desperdiciadas, ratio entre porcentaxe tirada e porcentaxe comprada, volume absoluto de desperdicio. Zonas xeográficas, ciclos de vida. Por mostraxe.

Colectivo: fogares.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 503,44 miles de euros previstos no orzamento do MAPA.

8937 Enquisa de opinión pública e política fiscal

Fins: pulso da opinión pública en cuestións sobre a percepción do funcionamento dos servizos e prestacións públicas, o papel dos impostos e da política fiscal.

Organismos que interveñen: MPCM.

Descrición xeral (principais variables): benestar subxectivo, confianza e actitudes cívicas, percepción do funcionamento dos servizos e prestacións públicas, do balance e presión fiscal, apreciación do cumprimento fiscal e da fraude fiscal existente e as súas posibles causas e efectos, coñecemento fiscal e realización da declaración da renda do exercicio actual. Sexo, idade, nivel de estudos, relación coa actividade, ocupación, condición socioeconómica, localización ideolóxica e recordo de voto. Mediante sondaxes de opinión.

Colectivo: persoas de nacionalidade española residentes en España maiores de 18 anos.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 361,80 miles de euros previstos no orzamento do MPCM.

8938 Enquisa europea de violencia de xénero

Fins: estimar a prevalencia da violencia de xénero contra mulleres en España, cuantificando de forma separada o acoso sexual no traballo, a violencia sufrida na infancia, o acoso, a violencia na parella e na exparella, a violencia fóra da parella na idade adulta. Identificar e cuantificar os tipos de violencia sufridos distinguindo entre violencia psicolóxica, física e sexual.

Organismos que interveñen: MIGD, INE, Eurostat.

Descrición xeral (principais variables): violencia declarada algunha vez na vida, violencia declarada no último ano, frecuencia, severidade, tipo de agresor. Situación familiar e laboral, nivel educativo, nivel de ingresos da entrevistada, nivel de ingresos no fogar, país de nacemento discapacidade, tamaño do hábitat de residencia. Por mostraxe.

Colectivo: mulleres residentes en España maiores de 18 anos.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 1.386,79 miles de euros previstos no orzamento do MIGD.

8939 SHARE - Survey of health, ageing and retirement in Europe

Fins: obter información lonxitudinal e interdisciplinar, obxectiva e subxectiva, sobre as condicións de vida da poboación maior de 50 anos na Unión Europea.

Organismos que interveñen: Banesp, INE, SHARE-ERIC.

Descrición xeral (principais variables): saúde, situación socioeconómica, redes sociais e familiares. Sociodemográficas. Por mostraxe.

Colectivo: poboación de 50 anos e máis (e os seus cónxuxes ou parellas).

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: non aplicable por non financiarse con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

8940 Enquisa de competencias financeiras (ECF)

Fins: obter información sobre os coñecementos financeiros e a inclusión financeira da poboación adulta.

Organismos que interveñen: Banesp, CNMV, INE.

Descrición xeral (principais variables): coñecementos numéricos e financeiros, comportamento financeiro e actitudes, produtos financeiros. Variables sociodemográficas, tramos de renda, tenza de activos. Por mostraxe.

Colectivo: poboación entre 18 e 79 anos de idade (e os seus fogares privados).

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: non aplicable por non financiarse con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

8941 Panel de cuantificación do desperdicio alimentario no consumo extradoméstico

Fins: cuantificar o desperdicio de alimentos no consumo fóra do fogar por parte dos consumidores residentes en España.

Organismos que interveñen: MAPA.

Descrición xeral (principais variables): produtos desperdiciados, ratio entre porcentaxe tirada e porcentaxe comprada, volume absoluto de desperdicio. Zonas xeográficas, ciclos de vida, momento de consumo. Por mostraxe.

Colectivo: individuos.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 503,44 miles de euros previstos no orzamento do MAPA.

26. Sector ou tema: estatísticas non desagregables por sector ou tema

8961 Atlas nacional de España

Fins: presentación cartográfica dunha visión completa e integrada da xeografía física (medio físico terrestre e mariño) e humana (información demográfica, socioloxía, coñecemento do territorio, actividades económicas e outros) de España. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: MTMA, sector público en xeral.

Descrición xeral (principais variables): información estatística de carácter xeral. Variables propias de cada sector.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 2.323,44 miles de euros previstos no orzamento do MTMA.

8962 Indicadores de disponibilidades interiores de manufacturas de consumo e equipamento

Fins: aproximación e seguimento do comportamento do consumo privado e do investimento en equipamento a través de indicadores de produción, por unha parte, e indicadores de comercio exterior, por outra. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: METD, AEAT.

Descrición xeral (principais variables): indicadores de dispoñibilidades interiores de bens de consumo, distinguindo entre consumo alimenticio, duradeiro e non duradeiro, e bens de equipamento.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 109,95 miles de euros previstos no orzamento do METD.

8963 Indicadores sintéticos da economía española

Fins: obtención dun conxunto de ferramentas útiles para o seguimento conxuntural da actividade económica, así como para realizar previsións a curto prazo. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: METD.

Descrición xeral (principais variables): indicadores sintéticos de actividade, de consumo, de investimento en equipamento, de investimento en construción, de investimento en vivenda, de actividade na industria, de actividade na construción, de actividade nos servizos, de exportación e de importación.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 107,15 miles de euros previstos no orzamento do METD.

8964 Síntese de indicadores económicos (SIE)

Fins: apreciación da conxuntura recente a partir dos indicadores económicos máis relevantes. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: METD.

Descrición xeral (principais variables): indicadores económicos internacionais, actividade e demanda interna, mercado laboral, prezos e salarios, sector exterior, sector financeiro, sector público.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 3.860,10 miles de euros previstos no orzamento do METD.

8965 Indicadores da Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable

Fins: constituír un marco de indicadores estatísticos que sirva para o seguimento dos obxectivos e metas da Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable das Nacións Unidas. Mediante elaboración de sínteses e de análises con resultados procedentes de diversas fontes.

Organismos que interveñen: INE, servizos estatísticos da Administración.

Descrición xeral (principais variables): información estatística de carácter xeral. Variables propias de cada sector.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 613,19 miles de euros previstos no orzamento do INE, 256,12 miles de euros previstos no orzamento do MINT, 10,64 miles de euros previstos no orzamento do MEFP, 341,24 miles de euros previstos no orzamento do MAPA, 107,00 miles de euros previstos no orzamento do MPCM, 18,44 miles de euros previstos no orzamento do MTFP, 366,72 miles de euros previstos no orzamento do MSND e 417,00 miles de euros previstos no orzamento do MDSA.

27. Sector ou tema: normalización e metodoloxía xeral

8981 Sistema integrado de metadatos (SIM)

Fins: o Sistema integrado de metadatos (SIM) inclúe os metadatos de referencia, para describir as operacións estatísticas no seu conxunto, os metadatos estruturais, para identificar e describir o dato, e os metadatos de proceso, que conteñen os detalles dos tratamentos a que se someten os datos ao longo do proceso de produción estatística. O obxectivo do SIM é favorecer a eficiencia e reutilización no proceso produtivo e facilitar a coordinación metodolóxica entre os elaboradores de enquisas. O SIM ofrece actualmente aos usuarios un informe metodolóxico estandarizado para todas as operacións estatísticas e un glosario de conceptos e definicións asociados á información difundida polo INE.

Organismos que interveñen: INE.

Descrición xeral (principais variables): non aplicable.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 843,86 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8982 Adaptación de clasificacións internacionais á realidade nacional

Fins: adaptación das novas versións que se realicen das clasificacións internacionais, principalmente da Unión Europea, á realidade nacional. Xestión e mantemento das aplicacións informáticas de consulta para o uso das clasificacións estatísticas, GESCLA e AYUDACOD.

Organismos que interveñen: INE.

Descrición xeral (principais variables): non aplicable.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 348,27 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8983 Relación de municipios e os seus códigos por provincias

Fins: obtención da relación de municipios e os seus códigos en 1 de xaneiro de cada ano.

Organismos que interveñen: INE, D. X. de Réxime Xurídico Autonómico e Local (MTFP).

Descrición xeral (principais variables): denominación e código dos municipios inscritos no Rexistro de Entidades Locais.

Colectivo: non aplicable.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 11,86 miles de euros previstos no orzamento do INE.

8984 Inventario de fontes administrativas

Fins: obter un repertorio de fontes administrativas que están sendo explotadas con fins estatísticos, con uso directo ou indirecto nalguna fase do proceso de produción, ou que poderían ser susceptibles de tal aproveitamento estatístico. O inventario é un instrumento útil para a planificación e o deseño de nova operación estatística ou para a revisión metodolóxica das operacións xa existentes. A unidade adoptada como base do inventario é a fonte administrativa, definida en sentido amplo como aquela documentación que contén información recollida e mantida coa finalidade de xestionar a actividade administrativa (tanto rexistros creados por unha lei como, en xeral, formularios, modelos ou cuestionarios que se creen para atender e ordenar unha actividade administrativa). O inventario contén metainformación asociada a cada fonte administrativa que pode ser relevante para avaliar a súa idoneidade no uso e aproveitamento estatístico.

Organismos que interveñen: INE, AXE.

Descrición xeral (principais variables): identificación, contido, tratamento en orixe, dispoñibilidade e difusión da fonte.

Colectivo: fontes administrativas.

Créditos orzamentarios necesarios para o seu financiamento no cuatrienio 2021-2024: 25,00 miles de euros previstos no orzamento do INE.

ANEXO IV

Previsións orzamentarias

SECCIÓN 1.ª ESTIMACIÓN DOS CRÉDITOS ORZAMENTARIOS NECESARIOS
PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE INVESTIMENTOS

Estimación dos créditos orzamentarios necesarios para financiar o Programa de investimentos

(en miles de euros)

Organismos	Ano 2021	Ano 2022	Ano 2023	Ano 2024	TOTAL
Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación	391,84	391,84	391,84	391,84	1.567,36
Ministerio de Xustiza	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Ministerio de Defensa	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Ministerio de Facenda	696,56	696,56	706,56	718,56	2.818,23
Ministerio do Interior	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana	2.276,65	2.276,65	2.276,65	2.276,65	9.106,60
Ministerio de Educación e Formación Profesional	100,00	100,00	100,00	100,00	400,00
Ministerio de Traballo e Economía Social	352,00	290,50	280,00	280,00	1.202,50
Ministerio de Industria, Comercio e Turismo	94,24	0,00	0,00	0,00	94,24
Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación	7.095,18	7.085,85	7.085,85	7.085,85	28.352,73
Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática	90,00	0,00	0,00	0,00	90,00
Ministerio de Política Territorial e Función Pública	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico	8.746,78	8.377,04	8.377,04	8.377,04	33.877,90
Ministerio de Cultura e Deporte	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital	160,75	30,86	30,96	31,07	253,64
Ministerio de Sanidade	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Ministerio de Ciencia e Innovación	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Ministerio de Igualdade	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Ministerio de Universidades	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Consello Xeral do Poder Xudicial	224,30	224,02	224,02	224,02	896,36
Instituto Nacional de Estatística	34.313,42	30.523,76	23.353,27	11.887,75	100.078,20
TOTAL	54.541,72	49.997,07	42.826,19	31.372,78	178.737,77

Observacións:

O Programa de investimentos inclúe as previsións orzamentarias correspondentes aos artigos "62 Investimento novo asociado ao funcionamento operativo dos servizos", "63 Investimento de reposición asociado ao funcionamento operativo dos servizos" e "64 Gastos de investimento de carácter inmaterial" necesarias para mellorar os medios de todo tipo precisos para o desenvolvemento da función estatística.

SECCIÓN 2.^a ESTIMACIÓN DOS CRÉDITOS ORZAMENTARIOS NECESARIOS PARA
FINANCIAR AS OPERACIÓN S ESTATÍSTICAS

Estimación dos créditos orzamentarios necesarios para financiar as operación s estatísticas

(en miles de euros)

Organismos	Ano 2021	Ano 2022	Ano 2023	Ano 2024	TOTAL
Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación	1.418,41	1.418,41	1.418,41	1.418,41	5.673,64
Ministerio de Xustiza	37,55	37,55	37,55	37,55	150,20
Ministerio de Defensa	145,63	145,63	145,63	145,63	582,52
Ministerio de Facenda	15.983,81	16.003,08	16.149,72	16.247,69	64.384,29
Ministerio do Interior	1.222,72	1.222,72	1.222,72	1.222,72	4.890,89
Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana	4.163,24	4.163,24	4.163,24	4.163,24	16.652,95
Ministerio de Educación e Formación Profesional	1.440,09	2.180,09	1.130,10	1.059,30	5.809,58
Ministerio de Traballo e Economía Social	1.894,54	1.841,88	1.784,78	1.784,78	7.305,97
Ministerio de Industria, Comercio e Turismo	1.766,69	1.675,67	1.684,88	1.694,28	6.821,52
Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación	8.733,39	8.805,19	8.805,19	8.805,19	35.148,96
Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática	1.982,04	1.889,04	1.882,04	1.882,04	7.635,16
Ministerio de Política Territorial e Función Pública	944,42	944,42	944,42	944,42	3.777,68
Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico	10.185,02	9.811,08	9.800,71	9.800,58	39.597,39
Ministerio de Cultura e Deporte	942,45	945,62	445,14	1.216,58	3.549,79
Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital	1.673,19	1.561,01	1.579,18	1.597,71	6.411,08
Ministerio de Sanidade	4.420,52	4.342,83	4.307,23	4.312,23	17.382,80
Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030	1.087,57	1.004,76	1.097,76	977,76	4.167,84
Ministerio de Ciencia e Innovación	394,28	394,28	394,28	394,28	1.577,13
Ministerio de Igualdade	772,86	791,62	74,41	79,47	1.718,36
Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións	1.285,39	1.285,39	1.285,39	1.285,39	5.141,56
Ministerio de Universidades	505,66	499,35	493,03	486,71	1.984,75
Consello Xeral do Poder Xudicial	906,12	887,62	887,62	887,62	3.569,00
Instituto Nacional de Estadística	97.631,46	88.572,45	88.708,27	78.523,36	353.435,54
TOTAL	159.537,06	150.422,92	148.441,69	138.966,94	597.368,61

Estimación dos créditos orzamentarios necesarios para financiar as operacións estatísticas
 (en miles de euros)

Organismos	Anos 2021-2024						
	Capítulo 1 (sen cot. soc. empregador)	Capítulo 1 (cotiz. soc. empregador)	Capítulo 2	Capítulo 4	Capítulo 6	Capítulo 7	TOTAL
Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación	1.142,28	1.043,08	2.636,28	132,00	720,00		5.673,64
Ministerio de Xustiza	120,00	30,20	0,00	0,00	0,00	0,00	150,20
Ministerio de Defensa	442,20	114,32	26,00	0,00	0,00	0,00	582,52
Ministerio de Facenda	46.306,34	14.237,79	1.021,93	0,00	2.818,23	0,00	64.384,29
Ministerio do Interior	4.102,72	773,77	14,40	0,00	0,00	0,00	4.890,89
Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana	6.231,51	1.094,84	220,00	0,00	9.106,60	0,00	16.652,95
Ministerio de Educación e Formación Profesional	3.021,74	703,52	1.554,00	130,32	400,00	0,00	5.809,58
Ministerio de Trabajo e Economía Social Social	4.120,44	1.003,03	220,00	760,00	1.202,50	0,00	7.305,97
Ministerio de Industria, Comercio e Turismo	5.251,61	1.230,92	244,75	0,00	94,24	0,00	6.821,52
Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación	3.986,78	1.035,27	1.489,18	0,00	28.352,73	285,00	35.148,96
Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática	2.163,02	610,71	4.771,44	0,00	90,00	0,00	7.635,16
Ministerio de Política Territorial e Función Pública	1.111,54	262,10	0,00	0,00	0,00	2.404,04	3.777,68
Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico	4.213,50	1.088,99	417,00	0,00	33.877,90	0,00	39.597,39
Ministerio de Cultura e Deporte	1.919,95	469,83	1.160,00	0,00	0,00	0,00	3.549,79
Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital	5.012,47	766,99	377,98	0,00	253,64	0,00	6.411,08
Ministerio de Sanidade	4.755,85	1.200,04	6.557,99	4.868,92	0,00	0,00	17.382,80
Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030	1.714,71	753,13	1.700,00	0,00	0,00	0,00	4.167,84
Ministerio de Ciencia e Innovación	1.271,33	305,80	0,00	0,00	0,00	0,00	1.577,13
Ministerio de Igualdade	438,48	74,82	1.205,06	0,00	0,00	0,00	1.718,36
Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións	4.249,05	880,51	12,00	0,00	0,00	0,00	5.141,56
Ministerio de Universidades	1.572,33	412,43	0,00	0,00	0,00	0,00	1.984,75
Consello Xeral do Poder Xudicial	2.633,67	38,97	0,00	0,00	896,36	0,00	3.569,00
Instituto Nacional de Estadística	233.685,14	68.600,90	6.638,44	0,00	44.511,06	0,00	353.435,54
TOTAL	339.466,66	96.731,96	30.266,44	5.891,24	122.323,27	2.689,04	597.368,61

Observacións:

O capítulo 6 inclúe soamente aqueles créditos correspondentes ao artigo "64 Gastos de investimento de carácter inmaterial" que financien as operacións estatísticas.

A suma de parciais pode non coincidir co total debido á repercusión do arredondamento

ANEXO V

Información complementaria para enlazar o Plan estatístico nacional 2017-2020 co Plan estatístico nacional 2021-2024

SECCIÓN 1ª OPERACIÓNS ESTATÍSTICAS NOVAS INCLUÍDAS NO PLAN ESTATÍSTICO NACIONAL 2021-2024

1. OPERACIÓNS ESTATÍSTICAS NOVAS NUN PLAN ESTATÍSTICO NACIONAL OU QUE NON SE REALIZAN AÍNDA

Inclúense no Plan estatístico nacional 2021-2024 as seguintes estatísticas que non figuraban no Plan estatístico nacional 2017-2020:

a) No sector *agricultura, gandaría, silvicultura e caza*:

8025 Estatística de viñedo

b) No sector *extracción de produtos enerxéticos e enerxía en xeral*

8136 Estatística sobre o mercado de gas natural (mensual)

c) No sector *estadísticas de empresas e unidades de produción non referidas a sectores particulares*:

8294 Contas anuais consolidadas do imposto de sociedades

d) No sector *financeiras e seguros*:

8317 Estatística de mediación de seguros e reaseguros privados

e) No sector *prezos*:

8361 Información sobre prezos de carburantes en estacións de servizo

8363 Índice de prezos de vivenda en alugamento (IPVA) (en proxecto)

f) No sector *mercado laboral e salarios*:

8426 Estatística de bases de cotización da Seguridade Social

8428 Panel de datos de empresas-traballadores

g) No sector *contas económicas*

8486 Operacións non financeiras do sector administracións públicas e dos seus subsectores

8487 Impostos e cotizacións sociais

8488 Clasificación funcional do gasto das administracións públicas (COFOG)

8489 Operacións non financeiras mensuais consolidadas dos subsectores Administración central, Administración rexional e fondos da Seguridade Social. Detalle por subsectores

8490 Indicadores establecidos na Directiva 2011/85/UE

h) No sector *administracións públicas e asociacións*

8538 Informe sobre o período medio de pagamento a provedores dos subsectores

Administración central e fondos da Seguridade Social

8539 Execución mensual do orzamento do Estado

8540 Execución mensual dos orzamentos de organismos públicos

i) No sector *saúde*:

8757 Enquisa de saúde de España

8758 Enquisa nacional de saúde á poboación xitana

8759 Estudo sobre as condutas saudables de adolescentes escolarizados (HBSC)

j) No sector *demografía e poboación*:

8885 Marco mostral para enquisas dirixidas á poboación

8886 Estudos de mobilidade a partir da telefonía móbil

k) No sector *nivel, calidade e condicións de vida*:

8940 Enquisa de competencias financeiras (ECF)

8941 Panel de cuantificación do desperdicio alimentario no consumo extradoméstico

2. OPERACIÓNS ESTATÍSTICAS PARA AS CALES ANTERIORMENTE SÓ SE REALIZOU ALGUNHA EDICIÓN

Inclúense no Plan estatístico nacional 2021-2024 as seguintes operacións que se realizan con periodicidade cuadrienal ou superior, ou de forma irregular ou esporádica, e que, polas súas características, poden considerarse como novas cada vez que se repiten:

8001 Censo agrario (decenal)

8004 Enquisa de base de plantacións de froiteiras, oliveiral e uva de mesa (quinquenal)

8010 Enquisa de cunicultura (quinquenal)

8013 Enquisa de utilización de produtos fitosanitarios (quinquenal)

8091 Proxecto Corine Land Cover do Programa Corine (UE) (irregular)

8156 Enquisa de consumos intermedios e investimento (cuadrienal)

8393 Proxeccións de taxas de actividade (esporádica)

8415 Enquisa cuadrienal de custo laboral (cuadrienal)

8419 Enquisa cuadrienal de estrutura salarial (cuadrienal)

8630 Enquisa de hábitos e prácticas culturais en España (trienal)

8631 Enquisa de hábitos deportivos en España (cuadrienal)

8651 Estatística de bibliotecas escolares (cuadrienal)

8655 Estatística de financiamento e gastos do ensino privado (quinquenal)

8658 Enquisa de gasto dos fogares en educación (irregular)

8667 Programa para a avaliación internacional de competencias da poboación Adulta (*PIAAC Programme for the International Assessment of Adult Competences da OCDE*) (irregular)

8668 Enquisa comunitaria de formación profesional continua (quinquenal)

8669 Enquisa de formación profesional para o emprego en empresas (quinquenal)

8671 Enquisa sobre a participación da poboación adulta nas actividades de aprendizaxe (quinquenal)

- 8672 Enquisa de transición educativo-formativa e inserción laboral (irregular)
- 8673 Enquisa de inserción laboral de titulados universitarios (irregular)
- 8749 Enquisa nacional de saúde (quinquenal)
- 8750 Enquisa europea de saúde (quinquenal)
- 8751 Enquisa de discapacidade, autonomía persoal e situacións de dependencia (irregular)
- 8861 Censos de poboación e vivendas (decenal)
- 8915 Enquisa de mocidade (cuadrienal)
- 8918 Enquisa ás persoas sen fogar (irregular)
- 8921 Macroenquisa de violencia contra a muller (cuadrienal)
- 8923 Enquisa de emprego do tempo (irregular)

SECCIÓN 2.^a OPERACIÓNS ESTATÍSTICAS QUE CAUSAN BAIXA NO PLAN ESTATÍSTICO NACIONAL 2021-2024

No Plan estatístico nacional 2021-2024 causan baixa as seguintes estatísticas do Plan estatístico nacional 2017-2020:

- 7005 Calendarios de sementeira e recolección
- 7022 Balances de aprovisionamento de viño
- 7023 Balances de aprovisionamento de produtos agrícolas excepto viño
- 7096 Estatísticas sobre o uso da auga
- 7114 Estatística de envases e residuos de envases
- 7415 Estatística do Fondo Social Europeo
- 7707 Boletín da propiedade industrial
- 7862 Enquisa continua de fogares
- 7869 Enquisa de fecundidade

SECCIÓN 3.^a OUTRAS VARIACIÓNS INTRODUCIDAS NO PLAN ESTATÍSTICO NACIONAL 2021-2024

Subsección 1.^a Cambios de nome das operacións estatísticas

- a. A operación 7663 Estatística de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade, pasa a denominarse 8662 Estatística das probas de acceso á universidade.
- b. A operación 7012 Estatística mensual sobre utilización de medios de produción, pasa a denominarse 8011 Estatística anual de consumo de fertilizantes en agricultura.
- c. A operación 7668 Programa de avaliación internacional de competencias de adultos (PIAAC Programme for the International Assessment of Adult Competences da OCDE), pasa a denominarse 8667 Programa para a avaliación internacional de competencias da poboación adulta (PIAAC Programme for the International Assessment of Adult Competences da OCDE)

Subsección 2.^a Cambios de organismo responsable das operacións estatísticas

- a. A operación estatística 7834 Estatística de litixios en arrendamentos urbanos, responsabilidade do Instituto Nacional de Estatística, pasa a ser responsabilidade do Consello Xeral do Poder Xudicial (código PEN 8834).
- b. A operación estatística 7313 Estatística do procedemento concursal, responsabilidade do Instituto Nacional de Estatística, pasa a ser responsabilidade do Ministerio de Xustiza a través do Colexio de Rexistradores da Propiedade e Mercantís de España (código PEN 8313).

Subsección 3.^a Outras modificacións

- a. A operación 7675 Indicadores universitarios, pasa a estar formada polas operacións do IOE 44051 Estatística de internacionalización universitaria, 44052 Indicadores de rendemento académico universitario e 44053 Estatística de bolsas e axudas ao estudo universitario (operación 8674 Indicadores universitarios).
- b. A operación 7502 Estatística do persoal do Ministerio de Defensa, formada pola operacións 76002 Estatística do persoal civil funcionario ao servizo da Administración militar, 76003 Estatística do persoal civil laboral ao servizo da Administración militar, 76044 Estatística do persoal militar de carreira das Forzas Armadas das categorías de oficial xeneral, oficial e suboficial e de persoal militar de carreira do corpo da Garda Civil, 76045 Estatística do persoal militar de complemento, militar de tropa e mariñeiría e reservista e 76050 Estatística do persoal estatutario ao servizo da Administración militar, pasa a estar formada polas operacións 76002 Persoal civil funcionario ao servizo da Administración militar, 76003 Persoal civil laboral ao servizo da Administración militar, 76044 Persoal militar de carreira das Forzas Armadas, 76045 Persoal militar cunha relación de servizos de carácter temporal, 76055 Persoal militar reservista de especial dispoñibilidade, persoal reservista voluntario e persoal reservista obrigatorio, 76056 Persoal militar de carreira da Garda Civil e 76050 Persoal estatutario ao servizo da Administración militar (operación 8502 Estatística do persoal do Ministerio de Defensa).